Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 19. ENE. 2015 para su tramitación
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA



DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA XANEIRO 2015

MEMORIA DE ORDENACIÓN

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

emvsa
EMPRESA MUNICIPAL VIVENDA SERVICIOS ACTIVIDADES

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

EMPRESA MUNICIPAL VIVIENDA, SERVICIOS Y ACTIVIDADES, S.A.

CONCELLO DE A CORUÑA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

MEMORIA DE ORDENACIÓN.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA XANEIRO 2015

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

EMPRESA MUNICIPAL VIVIENDA, SERVICIOS Y ACTIVIDADES, S.A.

CONCELLO DE A CORUÑA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA — XANEIRO 2015

EQUIPO REDACTOR

Dirección e coordinación:
Juan Luis Dalda Escudero. Dr. Arquitecto.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
Ánxel Viña Carregal. Economista.

Equipo técnico:
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
José Díaz Sotelo. Arquitecto.
Alberto Forján Roibal. Arquitecto.
Griselda Hernández Nores. Arquitecta.
Santiago García Camacho. Arquitecto.
M. Mar García García. Arquitecta.
David Lareo Martínez. Arquitecto.
Ana Marquina Torres. Arquitecta.
Ánxel Viña Carregal. Economista.
Francisco Dinís Díaz Gallego. Arquitecto.

Colaboradores temáticos:
Área Histórica e Arqueolóxica:
Alfredo Vigo Trasancos. Dr. Historia da Arte.
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez. Arqueólogo.

Debuxo, deliñación e montaxe ficheiros:
Mª Teresa Alvarellos Senra. Delineante.
Sonia Arcay Rama. Técnica Superior desenvolvemento proxectos urbanísticos e operacións topográficas.
Lucía Suárez Sánchez. Técnica Superior desenvolvemento proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Secretaría de proxecto e tratamento de textos:
Alexia Granda Ferrero. Administrativa.
Aránzazu Boudín Pestonit. Administrativa.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

EMPRESA MUNICIPAL VIVIENDA, SERVICIOS Y ACTIVIDADES, S.A.

CONCELLO DE A CORUÑA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

MEMORIA DE ORDENACIÓN.
DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA — XANEIRO 2015

ÍNDICE — PÁX.

1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL 1

2. DETERMINACIÓNS DO PLANEAMENTO DE RANGO SUPERIOR 2

3. O ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL 4

4. CARACTERIZACIÓN DO PLAN ESPECIAL 6

5. DETERMINACIÓNS E DIRECTRICES XERAIS DO PLAN ESPECIAL 8
5.1. CONSIDERACIÓNS DIAGNÓSTICAS 8
5.2. DIRECTRICES E OBXECTIVOS DO PLAN ESPECIAL 12

6. PROPOSTA DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA 15
6.1. O EQUILIBRIO DE USOS E A CENTRALIDADE 15
6.1.1. O mantemento e recuperación do uso residencial como uso preferente 16
6.1.2. A consolidación das funcións centrais e das actividades económicas 18
6.2. ACCESIBILIDADE E PRESERVACIÓN DO AMBIENTE URBANO 20
6.2.1. Mobilidade e accesibilidade 21
6.2.2. Propostas de regulación do tráfico 23
A. Distribución actual do tráfico 24
B. Propostas de reordenación do tráfico en estudo 25
C. Propostas de reordenación do tráfico no ámbito do PEPRI 32
D. As condicións da mobilidade peonil 40
6.2.3. Proposta de ordenación funcional do sistema viario 41
A. Condicións funcionais da rede viaria 41
B. Criterios de reordenación funcional. Potenciación do espazo peonil 43
C. Propostas de ordenación funcional 47
6.2.4. Propostas de ordenación da infraestrutura de aparcamento 62
A. Aparcamento na rede viaria. Reordenación e regulación 63
B. Aparcamento soterrado 65
C. Resumo da dotación de aparcamento 68
6.2.5. Transporte colectivo 69
A. Transporte público urbano 69
B. A xestión do sistema de transporte público 70
C. Propostas de reordenación do transporte público no ámbito do Plan Especial 72
D. O equipamento do sistema de transporte público 74

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PÁX.

6.3. CRITERIOS REGULADORES DE USOS E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN 77
6.3.1. Esquema normativo do Plan Especial 77
6.3.2. As normas xerais da edificación 80
6.3.3. As condicións xerais de estética urbana 82
6.4. A ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA 84
6.4.1. Tipificación das actuacións reguladas 84
A. Actuacións de reelaboración de volume descontextualizado 85
B. Actuacións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores 86
C. Actuacións encamiñadas a completar o proceso evolutivo do edificio 87
6.4.2. Definición gráfica da proposta volumétrica 89
6.5. PROTECCIÓN E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, HISTÓRICO-ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO E AMBIENTAL 90
6.5.1. A Catalogación das Unidades Edificadoras 92
A. A Catalogación Unitaria. Os caracteres determinantes dos edificios 92
B. A Catalogación dos elementos materiais 94
6.5.2. Catálogo básico 95
A. Edificios monumentais 96
B. Edificios de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural 97
C. Edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico 98
D. Edificios de características tipolóxico-compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental 99
E. Edificios de interese ambiental no conxunto 100
6.5.3. Alcance normativo dos distintos niveis de protección 101
A. Edificios Monumentais 104
B. Edificios de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural 104
C. Edificios de características singulares e de valor arquitectónico 104
D. Edificios de características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica ambiental 105
E. Edificios de interese ambiental no conxunto 105
6.5.4. A protección arqueolóxica 106
6.6. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES 185
6.6.1. Sistema de equipamentos públicos 186
6.6.2. Sistemas de espazos libres e zonas verdes públicas 192

7. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. ESTUDO DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO 196

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL

O obxecto do planeamento é a redacción do documento de revisión e adaptación á normativa urbanística e sectorial do Plan Especial de Protección de Reforma Interior da Cidade Vella e A Pescadería de A Coruña, aprobado definitivamente en data 14.12.98, en desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1998.

É esta vinculación ao Plan Xeral de 1998 e o feito de atoparse en curso de aprobación a súa Revisión e Adaptación o que xustifica a conveniencia da Revisión do Plan Especial ante a adopción de novos criterios e obxectivos xerais en relación á protección e rehabilitación do patrimonio construído, que abranguen incluír a propia reconsideración do ámbito declarado Conxunto Histórico.

Polo tanto coa Revisión e Adaptación do Plan Especial preténdese profundar nunha protección integrada no ámbito obxecto de planeamento, no marco da Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña e na súa triple consideración con plan de protección, plan urbanístico e plan de rehabilitación que define o seu contido e alcance.

En canto á consideración da adaptación lexislativa do Plan Especial e non existindo modificacións substanciais en relación á lexislación do patrimonio tras catorce anos de vixencia do actual planeamento, esta haberá de basearse na integración do planeamento vixente na regulación de aquelas determinacións que deveñan da lexislación urbanística, Lei 9/2002 de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións e Leis de medidas urxentes en materia de ordenación e vivenda, incorporando a compoñente ambiental xurdida ao amparo da Lei de Avaliación Ambiental Estratéxica de determinados Plans e Programas e, singularmente, a que devén da regulación contida tanto nas Normas de Habitabilidade das Vivendas de Galicia e as súas determinacións en relación coas condicións de habitabilidade e accesibilidade, como na Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles.

Todos estes antecedentes, unidos ás melloras de contido instrumental referidas a fontes de información e soporte gráfico, xustifican plenamente a conveniencia e oportunidade do proceso de modernización do actual instrumento de planeamento vixente dende 1998.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

FOTO AÉREA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

2. DETERMINACIÓNS DO PLANEAMENTO DE RANGO SUPERIOR

Tal e como se ten comentado no apartado anterior o obxecto do presente planeamento é a revisión e adaptación do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e A Pescadería de A Coruña, aprobado definitivamente en data 14.12.98 en desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1998 que o delimita como ámbito de planeamento remitido APR-H4.01, establecéndose como obxectivos de ordenación os seguintes:

- Protección, conservación e posta en valor do Patrimonio Histórico existente.

- Establecemento de medidas que permiten a rehabilitación económica, social e física do Casco Histórico da cidade.

- Prever as accións necesarias para renovar e/ou reformar os ámbitos inacabados ou degradados da cidade.

- Realización dun novo marco normativo que permita a reutilización do parque de vivenda existente.

- Resolver a integración do tecido urbano histórico na cidade nova.

Conforme a isto, e segundo a Memoria de Ordenación do Plan Especial, este *"pretende establecer as estratexias básicas de acabado, mellora e conservación, emanadas do Plan Xeral de A Coruña, dándolles contido operativo, a través do propio Plan Especial e de instrumentos posteriores para a súa execución; centrando o seu carácter na reinterpretación da Cidade Histórica dos seus espazos das súas funcións e usos, compatibilizando e complementarizando renovación e rehabilitación.*

A vocación do Plan Especial é a articulación destas estratexias básicas integrando o tecido da Cidade Histórica coas pezas urbanas periféricas e desagregadas, e de bordo sen urbanizar, ordenando conxuntos inadecuados, regulando a composición da nova edificación, complementando edificacións en áreas non consolidadas e sinalando normas destinadas a conservar a edificación catalogada, determinando o tipo de obra autorizada en cada caso e desenvolvendo ordenanzas encamiñadas á mellora das tipoloxías edificatorias existentes".

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Así o vixente Plan Especial plantéase como fundamental as seguintes cuestións:

- A protección, conservación e enriquecemento do patrimonio histórico no seu conxunto e individualmente.

- A rehabilitación da cidade nun sentido amplo (física, económica e socialmente), tanto dos espazos públicos como do parque edificado, actualizando a súa función mellorando déficits existentes e establecendo medidas encamiñadas a frear o deterioro a que se ven sometidas partes da cidade.

- A reforma e renovación da cidade mediante a proxectación arquitectónica das pezas da cidade inacabadas ou inadecuadas.

- Posibilitar a evolución, aínda que controlada da cidade, cun planeamento dinámico que non free a inercia histórica do seu desenvolvemento, introducindo innovacións nas ordenanzas de edificación e corpo normativo suficientes que permita igualar a rendibilidade da rehabilitación e reutilización do parque edificado ao da obra nova.

A Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente en febreiro de 2013, incorpora as determinacións deste Plan Especial como área de planeamento incorporando API-Q.19, establecendo como determinacións complementarias as correspondentes á norma zonal 0 Casco Histórico que prevée a súa revisión e adaptación, e o obxectivo de ordenación baseado na recualificación da cidade existente, mellorando os servizos e a calidade dos seus espazos e equipamentos.

API: Ciudad Vieja - Pescaderia

(PEPRI H4.01) **API Q19**

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Ámbito:
SUELO URBANO en el extremo norte de la Ciudad Vieja y Pescadería.
PEPRI H4.01

Planeamiento Básico del Área:

Referencia nº Expediente:	Denominación:	Fecha de aprobación:
	PGOM 1998	19/10/1998
19/93	Plan Especial Maestranza	12/12/1994

Desarrollos y/o Modificaciones:

Referencia nº Expediente:	Denominación:	Fecha de aprobación:
PES 1/98	Plan Especial de Protección y Reforma Interior de la Ciudad Vieja y Pescadería de A Coruña.	14/12/1998
MPES 1/01	Modificación puntual para el ajuste de alineaciones interiores de la trasera de la calle Panaderas num. 26 y 30-32, en la parte no afectada por el POL-4 "Papagayo-Tabares" del PEPRI.	11/11/2002
MPES 2/04	Modificación puntual del PEPRI de la Ciudad Vieja y Pescadería para calificar integramente como Espacios Libres el interior de la manzana delimitada por las calles Hospital, Panaderas y Zalaeta.	05/07/2004
MPPE 1/05	Modificación PEPRI ámbito Plaza de las Barbaras.	05/09/2005
EXC 18/04	Modificación puntual del Plan Especial de Protección y Reforma Interior de la Ciudad Vieja y Pescadería.	02/05/2006
MPES 3/03	Modificación del PEPRI ámbitos	03/02/2004
MPES 1/03	Modificación puntual del art.71del	01/03/2004
MPES 1/06	Modificación puntual del PEPRI - Instituto Eusebio da Guarda.	02/03/2004
EDD 1/00	Texto Refundido del Estudio de Detalle Polígono 4 Capuchinas-Papagayo-Tabares.	03/03/2004
EDD 2/02	Estudio de Detalle ordenación de volúmenes y establecimiento de alineaciones.	04/03/2004
EDD 6/06	2º Estudio de Detalle Polígono 4 del PEPRI Capuchinas-Papagayo-Tabares.	05/03/2004

Determinaciones complementarias PGOM 2011:

1	Modificaciones Norma Zonal 0
2	Sistema Local de Equipamiento CU
3	Sistema General de Equipamiento AD-CU
4	Sistema General de Equipamiento EQ
5	Espacio libre
6	Modificación de alineaciones
7	Sistema local red viaria



plano **P20-23, Q19-22, R18-22, S19-22, T21-23, U22-23**

SISTEMAS

	L	G
red viaria	L	G
espacios libres	L	G
equipamientos	L	G
infraestructuras	L	G
red ferroviaria		G
espacios portuarios		G

ORDENACIÓN

- ámbito
- límite de sistema/norma zonal
- número de plantas Nº
- zona privada

febrero 2011

REVISIÓN DEL PGOM

1:20.000 N

0 50 100 200 M.

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

3. O ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL

O ámbito do Plan Especial é o delimitado como API-Q19 polo documento de Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal incluíndo os terreos afectos ás actividades portuarias, ordenados a través do seu planeamento sectorial.

O ámbito, excluídos os terreos afectos ás actividades portuarias, abrangue as tramas urbanas de A Cidade Vella, As Atochas-O Derribo e A Pescadería, cunha extensión superficial de 79,86 Ha e 1.699 edificios. A súa delimitación iníciase nos Pelamios, dende o mar, percorrendo as rúas paralelas e perpendiculares a Orillamar, Atocha Baixa e rúas San Xosé e da Torre ata unirse coa de San Roque e Hospital, dobrando cara o sur pola rúa de Zalaeta, limitándose polo norte coas rúas do Corralón, Juan Canalejo e Avenida Pedro Barrié de la Maza ata a rúa de Modesto Goicuría, envolvendo os xardíns e Escolas de Eusebio da Guarda; a Praza de Pontevedra únese á rúa Juana de Vega, continuándose xa nos bordos das fachadas da Praza de Espoz e Mina, Sánchez Bregua e Praza de Ourense, e bordeando o sur coa Avenida de Alférez Provisional ata o Peirao de Méndez Núñez.

No plano correspondente establécese a súa delimitación gráfica.

A superposición de actuacións con reflexo físico no conxunto do ámbito é rica e complexa e non é analiticamente posible, nin metodoloxicamente recomendable, basear os elementos de protección propios do Plan Especial sobre simples definicións normativas fixadas nun momento histórico e nunhas condicións socioeconómicas concretas. Antes ben, a riqueza da formación do ámbito esixe descubrir aquelas pautas que, proxectadas ao futuro nun proceso dinámico, permitan reproducir satisfactoriamente esquemas xerais de comportamento, antes que criterios de autoridade urbana que dificilmente se sosteñan no tempo.

Esta manifestación leva consigo a necesidade tanto de coñecer profundamente o pasado como de introducir na proxección do porvir cantos elementos de carácter urbanístico (na concepción máis ampla da expresión) condicionen hoxe o seu proceso de transformación e recuperación.

Deste xeito a primeira consideración que debe realizarse é que nos atopamos diante dun ámbito de ordenación heteroxénea onde, á parte da diferente consideración administrativa de declaración de conxunto histórico; coexisten tramas fortemente caracterizadas pola súa evolución histórica e proceso de transformación, e que polo tanto presenta elementos específicos e diferenciais.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Así, a nivel de análise, diferenciaranse catro pezas urbanas: a Cidade Vella ou Cidade Alta, primeira estrutura urbana intramuros, a Pescadería Sur, primeiro arrabalde de expansión urbana cara as accesibilidades da cidade e que utiliza como directriz a liña da costa; a Pescadería Norte, segunda expansión urbana cara á enseada do Orzán caracterizada pola presenza dun tecido urbano vinculado ás actividades non residenciais establecidas na zona; e por último as Atochas, espazo urbano xerado a partir da desaparición das murallas da Cidade Alta no contorno da Praza de María Pita e a expansión en torno ás instalacións militares.

En canto á súa relación con outras pezas urbanas o ámbito do Plan Especial ten unha posición xeográfica central en relación á área máis consolidada da Cidade, constituíndo un punto intermedio entre os barrios do norte cara a Torre de Hércules (Zalaeta, Montealto, Orillamar, As Lagoas) e os barrios do sudoeste cara ao Monte de San Pedro e Monelos (San Roque, Santa Margarita, Ensanche e Catro Camiños).

Na súa relación coa Cidade o ámbito é unha área cunha clara formación de ponte e conexión entre as terras da península da Torre e as zonas interiores, onde se desenvolve hoxe o groso do seu crecemento.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del M.PETRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21. ENE. 2015 para su tramitación
El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

4. CARACTERIZACIÓN DO PLAN ESPECIAL

No entramado previsto de figuras de planeamento pola Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a figura do plan especial constitúe un instrumento de funcionalidade variada, que se caracteriza precisamente pola especificidade dos aspectos que aborda, co seu único teito na expresa prohibición legal de substituír ao Plan Xeral en canto instrumento de ordenación integral do territorio.

Os plans especiais aparecen, xa desde a súa propia orixe lexislativa, como especialmente axeitados para a articulación da protección, conservación e mellora, comprendendo obxectos que van desde a ordenación dos recintos e conxuntos histórico-artísticos ata a mellora do medio urbano; e recollendo determinacións que van da regulación de composición e detalle dos edificios sitos en emprazamentos especialmente protexidos, ás normas necesarias para manter o estado das edificacións nos aspectos de composición e conservación; do uso e destino de edificacións antigas e modernas, á relación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios.

Resulta así que o marco lexislativo urbanístico contempla, en relación ó seu instrumental planeador, unha repetida atención e integración da problemática da protección e tamén da recuperación (mellora, valoración) do conxunto histórico, desenvolvendo unha figura extraordinariamente flexible de planeamento especial de detalle que, derivada do planeamento integral; acomódase á intervención máis directa, en relación aos aspectos de ordenación, protección, rehabilitación e mellora do medio.

Este instrumental de planeamento vén a complementarse cos catálogos dos elementos obxecto de especial protección.

Con este planeamento, incardinado nunha lexislación urbanística ocupada preferentemente pola posta a punto das técnicas para implementar o crecemento urbano, veuse abordando a ordenación e intervención para a recuperación urbana das cidades históricas. Durante un longo período, a utilización do planeamento nas súas diversas figuras, ao obxecto da protección, adoptou formas varias en función das circunstancias concretas en que se debían desenvolver. A esta utilización do planeamento flexible e con criterios de oportunidade, contribuíron beneficiosamente a propia ductilidade do planeamento especial en canto os seus contidos e determinacións.

Deste proceso experimental, rico e diverso, pódese concluír xa a identificación de dous niveis de intervención desde o planeamento urbanístico, e que deberán ser contrastadas

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

no caso de A Coruña coa diagnose que resulte da análise dos doce anos de vixencia do seu planeamento especial.

Existe un primeiro nivel de intervención de carácter xeral que se refire á definición dunha estratexia de conxunto para a recualificación de todo o territorio municipal, na que debe enmarcarse a rehabilitación da Cidade Vella e A Pescadería. As determinacións que a instrumentan pertencen ao rango das especificamente reservadas ao Plan Xeral Municipal, en canto que ordenador integral do territorio e referiranse á ordenación da estrutura xeral viaria, do tráfico e transporte colectivo; á regulación de usos que permita a salvagarda funcional e produtiva de todo o conxunto urbano, posibilitando unha adecuación das súas funcións terciarias e contemplando alternativas para as tensións incompatibles co tecido histórico; á ordenación do sistema de espazos libres e equipamentos de modo equilibrado; ao establecemento das medidas xerais de protección e conservación e do marco normativo necesario para o desenvolvemento das medidas indiferenciadas e xerais de rehabilitación do patrimonio edificado.

Un segundo nivel de intervención desde o planeamento especial, é o referido á ordenación pormenorizada do ámbito co tipo de determinacións propias do solo urbano en canto a asignación e regulación de usos, reservas dotacionais e libres, vialidade, servizos urbanísticos, etc., articuladas sobre unha análise sistemática das características da edificación que permitan unha cualificación correcta do solo, o deseño dunha normativa coherente cos caracteres de cada tipoloxía edificatoria, a identificación do tipo de intervención preferente en cada edificio, a catalogación axeitada do patrimonio edificado e a acertada confección da normativa de protección. Este nivel é o adecuado para a identificación das estratexias e accións de rehabilitación integral, e a el corresponde a confección do estudo económico-financeiro que permita avaliar os custos das diferentes actuacións propostas e identificar os axentes inversores. Esta aproximación ao estudo de viabilidade e á programación no medio prazo permite situar en primeiro plano a condición básica para o impulso efectivo da política de recuperación, cal é a coincidencia no esforzo inversor, coordinado mediante o planeamento, das distintas administracións públicas. Este nivel de planeamento posibilita un coñecemento da realidade física, social e económica do ámbito imprescindible para acertar na confección das medidas xerais de carácter local de apoio á rehabilitación, alí onde a acción indiferenciada resulta insuficiente.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

5. DETERMINACIÓNS E DIRECTRICES XERAIS DO PLAN ESPECIAL

5.1. CONSIDERACIÓNS DIAGNÓSTICAS

O conxunto de acontecementos históricos, culturais, sociais, económicos, arquitectónicos e urbanísticos que condicionaron a realidade física actual da Cidade Vella e A Pescadería, impide unha lectura lineal e inmediata do conxunto do ámbito.

Esta constatación condiciona o método de abordaxe de redacción do Plan Especial.

Así, dende o punto de vista metodolóxico, a súa redacción parte do recoñecemento dunha realidade complexa formada por catro áreas diferenciadas e con problemáticas propias: a Cidade Vella, O Derribo-As Atochas, A Pescadería Norte e A Pescadería Sur, de tal xeito que a abordaxe da planificación do ámbito non pode ser realizada de xeito homoxéneo.

Dentro deste despece a Cidade Vella representa en si mesma, polas súas características, un proxecto unitario caracterizado fortemente pola súa problemática centrada nas necesidades de accesibilidade e visibilidade.

Dende o punto de vista socioeconómico, o ámbito do plan especial non presenta características diferenciais de mención en relación ao resto da Cidade, si se pode falar dun mantemento da súa poboación nos últimos anos e dun proceso de rexuvenecemento, acompañándoa de procesos de xentrificación, que tende a confluír cos datos estatísticos do conxunto municipal.

Así, os indicadores demográficos analizados destacan unha recuperación moi leve da poboación, a un ritmo inferior ao municipal, e cun grao de envellecemento alto que tende a un certo rexuvenecemento a diferenza do conxunto do municipio, en proceso de envellecemento.

Por áreas o comportamento non é homoxéneo, así Atochas e Cidade Vella perden poboación no período 2000-2010, cunha tendencia apuntada na Cidade Vella ao incremento de poboación nova, mentres que nas Atochas se incrementou o peso da terceira idade. Nas Pescaderías, a Norte ve aumentar a súa poboación e ve minorada a súa media de idade, representando a área máis dinámica dende o punto de vista demográfico, e a Sur mantén máis ou menos estable os seus indicadores.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

En canto á actividade económica destaca o notable proceso de terciarización da edificación no ámbito, agás na Cidade Vella, que conserva con integridade o seu carácter dominantemente residencial. Un proceso xeneralizado e moi dominante na Pescadería Sur, importante na Pescadería Norte, e con certa significación nas Atochas, o que confirma a participación activa da Pescadería no Centro de Negocios da Cidade, que terá incidencia na convivencia cos usos residenciais en termos funcionais, sociais e económicos.

No que se refire ao pequeno comercio, e ante a evidente atracción exercida polos centros comerciais periféricos, este atravesa un momento crítico á espera de que sexan tanxibles os efectos das actuacións de mellora dos espazos urbanos. Fronte ao modelo de grandes superficies pechadas con grande facilidade de aparcamento, o comercio tradicional no ámbito oferta a especialización dun espazo ambiental de gran calidade, con rúas peonís e facilidade de acceso mediante un sistema eficaz de transporte público.

O mantemento da función institucional no ámbito ao albergar as principais sedes institucionais (Concello, Deputación Provincial, Delegación do Goberno, Delegación Rexional de Facenda, Correos, Autoridade Portuaria, Banco de España, Servizos Centrais da Universidade, etc.), debe axudar a ancorar esta actividade económica.

Pero si dende o punto de vista da conformación das tramas urbanas e dos diferentes indicadores socioeconómicos o ámbito non se corresponde cunha peza de características homoxéneas, en relación coa súa consideración administrativa tampouco o é.

Así, en canto á diferente consideración administrativa en relación á lexislación de patrimonio, o Decreto 29/1984 de 9 de marzo polo que se declara conxunto histórico-artístico á Cidade Vella de A Coruña establece unha delimitación que basicamente incorpora a Cidade Alta e o seu contacto co mar, o contorno de María Pita e o Cuartel de Atocha, a fronte da Avenida da Marina e a peza urbana que media entre a rúa Real e as Casas de Paredes, e unha área de respecto que envolve a anterior dende Orillamar ao Cantón Grande pasando pola Atocha Baixa, Campo da Leña, San Nicolás, Rúa Real e Obelisco. Por outra banda e como elementos singulares illados o Decreto delimita a Escola e o Instituto Eusebio da Guarda.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,



De acordo co anterior, resulta por igual inconveniente acercarse á regulación urbanística desde criterios ultra-proteccionistas que descoñecen a realidade cambiante e complexa da formación histórica do ámbito, como aproximarse a ela desde posicións de falta de respecto ao seu substrato histórico, sostidas desde a sobrevaloración do papel da arquitectura como elemento de transformación urbana.

O conxunto de acontecementos que se expresan no patrimonio cultural urbano supuxo un tecer e destecer, que induce unha complexidade formal, sinónimo de riqueza expresiva.

As normas que se substancien no Plan Especial téñense que formular desde a comprensión desta complexidade na formación do conxunto histórico que, no caso da Cidade Vella e A Pescadería, xerou un entramado urbano heteroxéneo onde cada unha das pezas presentan elementos específicos e diferenciais. Iso supón:

- Inducir o mantemento do equilibrio entre a utilización social do conxunto e o espazo arquitectónico. A regulación intelixente dos usos, partindo da preeminencia do uso residencial, debe plantearse non desde exclusións simplistas a determinados usos, e menos desde o punto de vista do que representan determinados ámbitos como pezas centrais da Cidade con actividades vinculadas a esa propia centralidade, senón

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

desde a comprobación dos impactos de estes no equilibrio xeral, tanto sociolóxico como arquitectónico. Esta actitude debe fundamentarse na resposta ás demandas de innovación.

- Fixar unhas pautas de intervención que, desde o punto de vista arquitectónico, induzan á interiorización, no proceso de deseño, do lugar e do comportamento construtivo adecuado ao mesmo e ao uso previsto. Fronte ao mimetismo acrítico e o "restauracionismo" hai que admitir a introdución do contemporáneo inscrito na cadea pacífica de acontecementos históricos da diferente formación e transformación da Cidade presente.

- Recoñecer o contido da expresión "patrimonio arquitectónico" desde a valoración ao tempo das partes (os edificios) e da suma das partes (o espazo público e o conxunto urbano) relacionadas de forma dialéctica e non simple.

- Non deleitarse imprudentemente no pasado visible cando pequenas intervencións van socavando a razón profunda de ser do ambiente arquitectónico; cando transformacións puntuais poden estar realizándose desde unha inadecuación entre tipoloxía arquitectónico-construtiva e uso. Neste sentido as intervencións construtivas dos particulares, que deben potenciarse para mellorar as condicións de utilización do conxunto, teñen que inscribirse, no cumprimento da norma, nun respecto das estruturas de formación do conxunto.

- A intervención pública debe realizarse desde a exemplificación arquitectónica, desde a demostración de que a arquitectura, reflexo da nosa época, pode desenvolverse valorando e respectando a memoria do pasado, sen concesións ao exhibicionismo nin renuncia ao noso momento cultural.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su tramitación
El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

ÁMBITOS E ZONAS DE ANÁLISE

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

5.2. DIRECTRICES E OBXECTIVOS DO PLAN ESPECIAL

É evidente que no aspecto da valoración intencionada do existente, a técnica urbanística non pode afastarse do xa experimentado noutros plans urbanísticos e no propio plan que se revisa e adapta. Así, debe realizarse a descrición de cada unha das unidades edificatorias, non só nos seus aspectos arquitectónico-formais ou tipolóxicos, senón tamén naqueles outros de carácter sociolóxico ou xurídico, matizando esta análise coa posición que ocupan en cada una das pezas en que se descompón este conxunto heteroxéneo.

O proceso de redacción do Plan Especial debe entenderse como unha aproximación sucesiva ao establecemento dun método de intervención no conxunto desde parámetros de coñecemento do mesmo e actitude programática. De aí que as accións institucionais de exemplificación do método de intervención que se podan implementar teñan unha especial significación para un documento que non se propón como mera referencia normativa, senón como instrumento á par de protección decidida e de intervención positiva na mellora das condicións funcionais e formais do ámbito e na correcta proxección cara o futuro das pautas de comportamento formal históricas que permitiron dispoñer na actualidade deste valioso conxunto urbano.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Por último a dimensión programadora será a que faga do Plan Especial un instrumento urbanístico non so regulador senón -e principalmente- un instrumento de intervención capaz de alcanzar obxectivos no proceso de rehabilitación integral, a partir da súa avaliación económica e consecuentemente dunha previsión orzamentaria -plurianual na súa concepción- á que se sumarán os recursos privados que se mobilicen no proceso de rehabilitación e as medidas de natureza fiscal e de fomento.

Asentadas con anterioridade as determinacións xerais que se refiren ao ámbito e alcance, e subliñado o triple carácter do Plan: como Plan de Protección, en canto debe propoñer medidas destinadas a salvagardar o patrimonio cultural; como Plan de Reforma Interior, en canto pode prever actuacións de remodelación urbana que contribúan á conservación xeral do carácter do conxunto e, como Plan de Rehabilitación, en canto debe ordenar e programar actuacións dirixidas a recuperar e impulsar os valores sociais, culturais, económicos, ambientais, edificatorios e funcionais do conxunto; as directrices xerais da ordenación serán as seguintes:

- A salvagarda do patrimonio arquitectónico e cultural.

- A recuperación do uso residencial e a actividade económica.

- A mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona.

- A integración da zona no contexto funcional da cidade.

Subxace a estas consideracións a lóxica preocupación de sumar aos medios propios da técnica urbanística propositiva e reguladora, dirixida á catalogación e preservación do patrimonio material, aqueles medios e medidas planificatorias que poidan propoñerse para contribuír á recuperación social, económica e funcional da Cidade Vella e A Pescadería como conxunto e como centro urbano con referencia á propia cidade de A Coruña.

En efecto, como espazo urbano perfectamente definido e caracterizado nas súas diversas trazas urbanísticas, o esforzo do Plan debe abrir unha reflexión analítica e propositiva fortemente centrada nos conceptos da recuperación urbana:

- Poñendo en valor a característica de centralidade e conseguinte potencial de atracción do conxunto a nivel urbano e comarcal.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Conseguintemente, incentivando e enriquecendo a actividade económica (comercial, hosteleira e de servizos) nos seus aspectos cualitativos e relacionados coas funcións de centralidade.

- Afrontando a problemática derivada da conxestión do tráfico, a dificultade de mobilidade peonil, a accesibilidade e o transporte, na escala da súa relación coa cidade.

- Complementariamente, poñendo o acento na reurbanización, acabado e amoblamento dos espazos públicos, congruentemente con unha maior énfase na mellora ambiental xeral interna na escala peonil.

- Extensivamente, implementando e programando o fomento e a difusión de iniciativas e axudas públicas de rehabilitación dirixidas a frear o baleirado das funcións residenciais, e a consolidar as funcións comerciais.

Complementariamente cos métodos analíticos e propositivos propios da catalogación e a súa regulación normativa, a articulación como obxectivos urbanísticos destes conceptos de recuperación urbana sinala un acento metodolóxico complementario nas liñas temáticas de contido socioeconómico, de infraestrutura e de tráfico.

En canto aos terreos afectos ás actividades portuarias o Plan Especial mantén a vixencia do seu plan sectorial, incorporado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como API-P22 a cuxas determinacións se remite.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

6. PROPOSTA DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

6.1. O EQUILIBRIO DE USOS E A CENTRALIDADE

Espazo público, recuperación do patrimonio arquitectónico e ambiental, e mantemento da centralidade, constitúen os tres eixes sobre os que se sustenta o proxecto urbanístico definido dende o Plan Especial pasado pola criba da consideración non homoxénea do ámbito e polo tanto das súas determinacións.

Mellora do espazo público como soporte do proxecto de rehabilitación urbana, recuperación do patrimonio arquitectónico en tanto soporte das actividades a desenvolver, singularmente a residencial, e mantemento da centralidade no senso de preservar o papel que o ámbito xoga non só no conxunto da cidade senón na escala rexional, acollendo usos representativos, tanto institucionais como sociais ou financeiros.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.1.1. O mantemento e recuperación do uso residencial como uso preferente

O ámbito obxecto do Plan Especial tense caracterizado por acoller diversidade de funcións urbanas cando o seu ámbito coincidía coa meirande parte da cidade e non se iniciara o proceso de expansión e crecemento dos anos 60. Nesta diversidade está a orixe da variedade dos elementos que a conforman, da riqueza de información e sensacións que nos transmite, da realidade humana que evoca, en definitiva, do seu propio valor cultural.

O substrato de todas aquelas funcións foi a vivenda. Esa función primordialmente residencial, contribuíu decisivamente a que este conxunto chegou ata nós como unha realidade viva, polo que a súa preservación constitúe a base máis firme para a recuperación do ámbito.

Para tal efecto, o Plan Especial propón unha regulación normativa tendente á preservación da tipoloxía edificatoria de edificios catalogados, e que obedece fielmente ao seu carácter residencial de orixe, facilitando a mellora dos estándares de habitabilidade e accesibilidade e evitando a densificación do uso residencial. A preservación do parcelario existente con carácter xeral e da tipoloxía edificatoria conformada a partir dos elementos básicos de organización dos edificios catalogados (disposición de accesos ao edificio, escaleiras, disposición interior das unidades de vivenda) favorece os usos necesarios que lle son propios.

A regulación de usos establece o uso de vivenda como autorizado con carácter xeral en plantas altas da edificación, regulando a tolerancia por convivencia doutros usos de xeito condicionado ás condicións específicas de cada unha das áreas en que se subdivide o ámbito.

Xunto a estas determinacións de regulación normativa, a política de rehabilitación da vivenda constitúe o instrumento esencial para o mantemento e a recuperación do uso residencial.

Trataríase de recuperar para o uso residencial as case que mil vivendas baleiras existentes ao interior do ámbito en edificios anteriores ao ano 1960, con porcentaxes especialmente significativos na Cidade Vella e na Pescadería Norte. Neste sentido a proposta do Plan fundaméntase nas seguintes liñas de actuación:

- Establecemento dun Programa Xeral que permita dimensionar ritmos e recursos necesarios para garantir a rehabilitación do conxunto de vivendas que posúen un

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

estado e nivel de servizos subestándar e daqueloutras que, ao longo do período de vixencia do Programa, se prevé demanden actuacións rehabilitadoras de maior ou menor entidade.

- A instrumentación xeneralizada da rehabilitación, co desenvolvemento de todos os medios previstos na lexislación vixente, haberá de permitir a introdución das políticas de protección á vivenda no ámbito, como medio para preservar o entramado social en toda a súa diversidade e evitar a expulsión dos grupos sociais con menor capacidade económica.

- Establecemento de axudas especiais á rehabilitación que complementen as xa establecidas con carácter xeral para a rehabilitación de vivenda e para a rehabilitación dos conxuntos históricos galegos. Estas axudas, tamén municipais, con carácter de subvención a fondo perdido, poderán ser económicas e en especie, correspondendo estas últimas á prestación gratuíta ou subvencionada de servizos de redacción dos proxectos técnicos de rehabilitación, de dirección facultativa das obras, e de xestión e asesoramento para a rehabilitación.

- Reforzo do Servizo de xestión e asesoramento á rehabilitación da actual Oficina de Rehabilitación que canalice a información, difusión e xestión das axudas, o seguimento técnico dos programas, o asesoramento aos beneficiarios e a confección de proxectos técnicos de rehabilitación, dirección facultativa e vixilancia das obras.

A recuperación do uso residencial directamente apoiado coas medidas antes mencionadas, necesita como condición imprescindible a creación dun nivel de dotacións de equipamento social adecuado ás esixencias deste tempo. A dotación e recualificación dos equipamentos sociais e dos sistemas de espazos libres vén a ser a condición para a consolidación dun hábitat residencial estable, social e demograficamente recuperado.

Resultan por tanto de primordial importancia para a recuperación do uso residencial as propostas de recuperación e mantemento do equipamento primario e a mellora e recualificación das zonas verdes e espazos libres do Plan Especial, que se detallan pormenorizadamente no apartado correspondente desta Memoria.

Outro tanto cabe dicir das medidas de mellora do espazo público e do ambiente urbano en xeral que, baixo o criterio de acadar un nivel de calidade homoxéneo para todo o ámbito, detállanse no apartado especificamente dedicado a eles.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

6.1.2. A consolidación das funcións centrais e das actividades económicas

O Plan Especial pretende a consolidación daquelas actividades desenvolvidas no ámbito que garantan a preservación das súas funcións centrais naqueles ámbitos da actividade urbana xa consolidados ou para os que as características físicas de determinadas partes do ámbito constitúen un marco idóneo, dentro da compatibilidade xeral coa súa substancia residencial.

As actividades comerciais e de servizos no miúdo e rico tecido constituído polos locais pequenos e medios en planta baixa, e a oferta singular de determinados contedores como o Mercado de San Agustín que constitúen importantes elementos de dinamización urbana, son actividades que se preservan e potencian.

Xunto a esta realidade, o Plan non descoñece aqueles outros que deveñen do proceso de terciarización de determinadas pezas do ámbito, singularmente a Pescadería Sur, que confirman a súa participación activa no Centro de Negocios da Cidade, cun rango na escala rexional. A función financeira e de servizos avanzados ten unha presenza básica na área, onde as principais entidades teñen as súas sedes centrais.

Fronte a esta realidade o Plan establece unha regulación de usos sensible ás diferentes situacións que en calquera caso ten incidencia na convivencia cos usos residenciais en termos funcionais, sociais e económicos, primando a existencia de usos exclusivos na edificación e regulando a compatibilidade que, en calquera caso, terá en conta as actividades xa implantadas e que se reflicte no dato da existencia de 2.775 locais de negocios no conxunto do ámbito dos que o 40% se sitúa por riba da planta baixa.

En canto aos usos institucionais, os de máis contido simbólico e representativo ocupan con carácter xeral edificios arquitectonicamente relevantes, constituíndo o contido axeitado duns edificios que por propia natureza se singularizan no conxunto urbano. Con esta valoración, prevese a súa consolidación.

Igual circunstancia conflúe sobre os grandes contedores culturais onde xunto aos de carácter público (Teatro Rosalía de Castro, Museo de Belas Artes, Fundación Luís Seoane, Kiosko Alfonso, etc.) se unen aqueles de carácter privado pero de enorme difusión como son as sedes das diferentes fundacións (Fundación Caixa Galicia, Caixa Nova, Barrié de la Maza, Once, etc.), ata conformar un conglomerado que excede a escala local, neste xogo que se dá no ámbito de pasar da escala grande á escala miúda, sen solución de continuidade.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

O conxunto de usos aos que nos temos referido pretende consolidar e enriquecer o complexo de actividades de diferente rango que ata o momento viñeron garantindo as funcións centrais do ámbito. A consolidación polo Plan destes usos pretende manter funcións centrais, non conxestivas, potenciadoras do uso peonil do ámbito, compatibles coa recuperación residencial e social e coa protección do patrimonio edificado. Ademais, considérase necesario lograr un equilibrio de usos e unha centralidade propia desta parte da cidade tan representativa, como centro de negocios non só da cidade, senón de Galicia e, neste sentido a través da regulación oportuna na normativa permitiranse actuacións que modifiquen os usos establecidos en edificios catalogados a outros que permitan a implantación empresarial, sendo preciso, no seu caso, contar co informe favorable da Comisión Asesora do PEPRI. A ela haberá que engadir a complexa infraestrutura vinculada á recepción dun turismo cultural en expansión que no caso de A Coruña ten no seu conxunto histórico unha porta de entrada en relación ao tráfico de cruceiros.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

6.2. ACCESIBILIDADE E PRESERVACIÓN DO AMBIENTE URBANO

As propostas de regulación funcional da rede viaria do ámbito do Plan Especial da Cidade Vella e a Pescadería deben ir dirixidas a garantir o axustado equilibrio entre accesibilidade e preservación do ambiente urbano.

Do analizado no Diagnóstico pode concluírse a dobre condición funcional de parte da rede viaria que se inclúe no ámbito do Plan Especial, que atende á vez a súa condición de viario de recepción e distribución interna do tráfico de acceso ao ámbito, ao tempo que se configura igualmente como viario de paso e distribución dos movementos de acceso a outros ámbitos da Cidade.

Asumido este papel funcional de parte do viario debe entenderse igualmente a función exclusivamente local das restantes vías, destinadas a garantir a accesibilidade terminal ás edificacións do ámbito.

Deste modo en tanto que as propostas do Plan, respecto da regulación da accesibilidade, poden ir dirixidas na maior parte do viario local a disuadir da súa utilización polos vehículos, para o resto do viario (definido no documento de Diagnóstico respecto da súa condición funcional como eixes lonxitudinais, transversais e aneis de circunvalación) as propostas deberán ir dirixidas a garantir as adecuadas condicións de funcionalidade respecto do tráfico rodado; todo isto garantindo a posta en valor e preservación do ambiente urbano dos espazos públicos aos que dan soporte.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.2.1. Mobilidade e accesibilidade

Como se ten indicado no Diagnóstico, e se tiña a súa vez diagnosticado nas análises realizadas na elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, a mobilidade na cidade de A Coruña está excesivamente lastrada por dúas circunstancias de carácter estrutural: por unha parte **a configuración radial da estrutura viaria de acceso á cidade**, que favorece notablemente a direccionalidade do tráfico, afogando a capacidade distribuidora do viario de rolda. Por outra parte **o excesivo peso das viaxes motorizadas en vehículo privado** (o 76% do total de viaxes motorizadas con orixe ou destino na cidade) e o mínimo peso doutros medios de transporte (a pé, bici).

Estas dúas circunstancias orixinan necesariamente a aparición de elevados niveis de intensidade de tráfico nos principais eixes de acceso á Cidade, que se trasladan de xeito automático ao ámbito da Pescadería, dada a configuración da estrutura viaria do istmo.

Atopámonos pois fronte a dous problemas de carácter estrutural que, aínda que parcialmente se teñen manifestado no viario de carácter radial da Pescadería, deben ser abordados fóra do ámbito do Plan Especial, atendendo aos diversos criterios e obxectivos planteados na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal respecto da reordenación da estrutura viaria e a diversificación da mobilidade.

Respecto da **reordenación da estrutura viaria**:

- Substituíndo a concepción da estrutura viaria de carácter radial concentrador por outra de carácter de malla distribuidora xerarquizada.

- Apoiarse no sistema de roldas na definición de “supermanzanas” que estruturan o viario de conexión entre distritos, intentando definir outras “calles locales e incluso peatonales” de relación interna.

- Identificar os “corredores o calles locales” concibidas como viario de relación dos barrios ou partes da Cidade, algún deles reordenado para acoller outros usos máis brandos como carril bici ou percorridos basicamente peonís.

Respecto da **diversificación da mobilidade**:

- Favorecer a elección entre os diversos medios de mobilidade: individual (coche, bici, peonil) e colectivo (tranvía, bus, ferrocarril, taxi).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Definindo e establecendo estratexias que favorezan ao transporte público, tanto respecto da priorización no tráfico, como respecto de potenciar o seu uso.

- Definindo o papel do aparcamento na Cidade:
  . Ao servizo do **residente**.
  . Evitando xerar atracción adicional cara ao centro.

- Mellorar a calidade do espazo público urbano:
  . Como obxectivo final da reordenación da mobilidade.
  . Fomentando as “formas brandas” de mobilidade (a pé, en bici, etc.).
  . Fomentando o uso do transporte público respecto ao vehículo privado.
  . Acompañando as medidas de reordenación da mobilidade coa adecuación formal e funcional do espazo.

A aproximación á consecución dunhas novas condicións de mobilidade e accesibilidade debe abordarse no conxunto da Cidade (e incluso facéndose extensivas á Área Urbana), xa que non son exclusivas do ámbito do Plan Especial; debendo abordarse a reordenación das condicións do tráfico, aparcamento e transporte, e consecuentemente, a adecuación funcional da rede viaria e a súa reordenación física, xunto coa totalidade do espazo público.

As pautas e propostas que se establecen neste apartado 6.2, relativas á mobilidade, aparcamento e urbanización, teñen carácter orientativo e non vinculante. As actuacións que difiran do proposto polo Plan Especial requirirán da autorización do órgano autonómico competente en materia de cultura.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.2.2. Propostas de regulación do tráfico

Tal e como se describiu no Documento Diagnóstico, o ámbito do Plan Especial de Protección da Cidade Vella e da Pescadería, está maioritariamente sometido a medidas de regulación da circulación rodada, polo que gran parte da rede viaria presenta medidas de restrición horaria nas que está prohibida a circulación de vehículos ou ben ten implantada directamente a súa peonalización total.

Desta forma, o viario do ámbito do PEPRI que soporta circulación rodada sen acoller medidas especiais de regulación é minoritario, e descansa basicamente nos tres eixes lonxitudinais de acceso (Cantóns-A Marina, San Andrés-Panaderas e Paseo Barrié de la Maza-rúa Hospital) así como nos eixes viarios transversais (rúa Juana de Vega, rúa Santa Catalina, rúa Nova-rúa Alta, Rúa do Sol).

Mantéñense en todo caso, no viario que conforma a Cidade Vella e na súa rolda de circunvalación (Paseo do Parrote e rúa da Maestranza), unhas condicións de desregulación total respecto do tráfico rodado; condicións que deben ser corrixidas de cara á definitiva reordenación do tráfico no ámbito do Plan Especial.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A. Distribución actual do tráfico.

Segundo se indica no Documento Diagnóstico, os máis de 120.000 vehículos diarios que acceden ao ámbito do Plan Especial (movementos de entrada e saída), distribúense de maneira desigual nos tres eixes lonxitudinais anteriormente descritos (Cantóns-A Marina-Alférez Provisional, San Andrés-Panaderas e Paseo Barrié de la Maza-rúa Hospital), de forma que o eixe sur de Linares Rivas (Sánchez Bregua-Alférez Provisional) concentra case o 60% do tráfico (68.500 vehículos diarios), en tanto que o eixe central de San Andrés e o eixe norte do Paseo Barrié de la Maza concentran escasamente o 12% e o 28% do tráfico respectivamente.

A distribución do tráfico nos movementos de acceso e saída nestes tres eixes viarios tampouco é homoxénea, de forma que o tráfico de acceso á península é maioritario no eixe Sánchez Bregua-Alférez Provisional (o 60,5% do total) en tanto que se reduce ao 51,6% do tráfico de saída.

Máis significativa é a diferenza no eixe central da rúa de San Andrés, xa que a intensidade do tráfico de saída da Cidade é duns 5.000 vehículos diarios (practicamente a metade dos 9.367 vehículos do tráfico de acceso), que representan escasamente o 8,5% do tráfico total de saída da cidade.

IMD 2010. ACCESO Á PENÍNSULA DA CIDADE

Rúa Sánchez Bregua – Avda. Alférez Provisional	37.700	60,5%
Rúa San Andrés	9.367	15,0%
Paseo Barrié de la Maza	15.243	24,5%
TOTAL ACCESO	62.310	100,0%

IMD 2010. SAÍDA DA PENÍNSULA DA CIDADE

Paseo Barrié de la Maza	23.793	39,9%
Rúa San Andrés	5.085	8,5%
Rúa Sánchez Bregua – Avda. Alférez Provisional – Rúa Compostela	30.823	51,6%
TOTAL SAÍDA	59.701	100,0%

Este transvase de tráfico de acceso e saída cara ao eixe norte prodúcese principalmente a través do primeiro eixe transversal da rúa Juana de Vega que soporta máis de 14.800 vehículos día na dirección Praza de Mina – Praza de Pontevedra, en tanto que na dirección contraria soporta unicamente 4.400 vehículos día.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. Propostas de reordenación do tráfico en estudo.

Respecto da reordenación do tráfico rodado convén resaltar a importancia que pode ter a adopción de medidas na estrutura xeral viaria de maior escala (no ámbito da Cidade), pola incidencia que pode representar respecto da mellora do sistema de menor escala (no ámbito do Plan Especial). Neste sentido cabe esperar que a futura posta en servizo da 3ª Rolda contribúa a reequilibrar a distribución do tráfico de acceso á cidade nos eixes lonxitudinais de penetración, dirixindo un maior número de vehículos cara ao eixe norte (Manuel Murguía, Avda. Buenos Aires, Paseo Barrié de la Maza), e reducindo o número de vehículos que acceden polo eixe sur (Avda. Alfonso Molina, Avda. del Ejército, Linares Rivas). Esta actuación posiblemente poida ter maior incidencia na distribución do tráfico no caso de acompañarse doutras accións referidas á mellora das condicións de mobilidade e accesibilidade previstas na Revisión do Plan Xeral (xa comentadas anteriormente), particularmente as referidas á reordenación da estrutura viaria e ao reforzo do papel distribuidor do viario de rolda (Rolda de Nelle, Rolda de Outeiro), e do viario do ensanche (Teresa Herrera, Padre Feijoo, Payo Gómez, Picavia) que incide na Praza de Pontevedra.

A reordenación do tráfico no contorno da Praza de Pontevedra.

Nos últimos anos foi abordada a primeira fase da reordenación da Praza de Pontevedra, actuación derivada das reflexións realizadas no Concurso de Ideas convocado con anterioridade polo Concello. Froito desta actuación foi a renovación de materiais acadándose unha considerable mellora funcional na utilización do espazo peonil fronte aos edificios dotacionais catalogados.

Respecto da reordenación funcional do espazo rodado, bótase en falta que non fose abordada a execución da segunda fase proposta no Proxecto redactado, que contemplaba expresamente o desprazamento das saídas do túnel de circulación rodada cara ás rúas Juan Flórez e Médico Rodríguez, o que permitiría incorporar ao espazo público peonil da Praza un amplo espazo ocupado na actualidade polas ramplas de saída do túnel e do aparcamento soterrado.

Atendendo a outras reflexións sobre a ordenación do tráfico xa apuntadas anteriormente, considérase necesario retomar as ideas indicadas no Proxecto redactado relativas ao desprazamento das saídas do túnel, incorporando á reflexión outras posibilidades a ter en conta respecto da ordenación viaria:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Implantar a dobre dirección de circulación na Avda. Finisterre desde a Praza de Pontevedra; mesmo contemplando a localización dunha das saídas do túnel nesta rúa, substituíndo á que se propón no Proxecto na rúa Médico Rodríguez.

- Implantar a dobre dirección de circulación na rúa Modesta Goicouría.

- Contemplar a formalización dunha glorieta na localización da actual cafetería posibilitando o xiro dos vehículos desde a Avda. Finisterre e Payo Gómez cara á rúa Modesta Goicouría e o Paseo Barrié de la Maza.

- Abordar a reordenación do espazo público non remodelado na primeira fase para a localización dun auténtico intercambiador de transporte público.



REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA PRAZA DE PONTEVEDRA
POSIBLE REORDENACIÓN DAS DIRECCIÓNS DE CIRCULACIÓN

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A reordenación do tráfico no eixe do Porto. Avda. Alférez Provisional-A Marina-O Parrote.

Están previstas, en desenvolvemento das reflexións de carácter urbanístico incorporadas ao estudo da "Nova Cidade Marítima no Porto", diversas actuacións de desenvolvemento urbano no contorno do peirao de Baterías que, aínda que se localizan fóra do ámbito do Plan Especial, terán unha notable incidencia nas condicións de reordenación dos espazos públicos e dotacionais, así como no espazo viario e a reordenación do tráfico no eixe sur.

Respecto do tráfico, a proposta do estudo da Nova Cidade Marítima no Porto plantea como unha variable, para os efectos da súa análise, a posibilidade de ordenar os Xardíns de Méndez Núñez como un amplo rotor de circulación, de modo que a Avda. Alférez Provisional albergaría o tráfico de acceso á cidade en tanto que o eixe A Marina-Os Cantóns albergaría a circulación de saída.



REORDENACIÓN DA ACCESIBILIDADE AO SECTOR
"NOVA CIDADE MARÍTIMA NO PORTO"

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A cuestión da ordenación do tráfico neste eixe sur, en contacto co Porto (Alférez Provisional-A Marina), esténdese, en distintos estudos e documentos de ordenación realizados nos últimos anos, ata o eixe circunvalatorio da Cidade Vella constituído polo Paseo do Parrote.

- Traballos de ordenación dos ámbitos portuarios. A Coruña Cidade Marítima no Porto. Alternativas de ordenación da Zona 1: Muelle de Baterías. 2004.

- Concurso de ideas para "Actuaciones de Mejora de la estructura urbanística en los ámbitos de la Dársena de la Marina-Muelle de trasatlánticos, Avda. de la Marina y Avda. Alférez Provisional. 2007".

Algunha das ideas de ordenación destes estudos acadaron expresión en documentos urbanísticos elaborados ou en elaboración.

- Plan Especial de Transformación: Batería-Calvo Sotelo (Puerto zona 1) PETQ23, previsto na Revisión do PXOM 2009.

- "Estudio de Detalle del Área del Parrote". "Plan Especial de Ordenación de la Zona de Servicio Portuaria de A Coruña. Área 2. Paseo Marítimo-Dársena de la Marina-Muelle de Trasatlánticos. 2011".

- Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións para a mellora da Mobilidade da Zona dos Cantóns, a Marina e O Parrote. 2012 (en redacción).

Respecto da ordenación do tráfico todos estes documentos e estudos contemplan expresamente unha proposta de soterramento do tráfico e a implantación de aparcamentos, propoñendo igualmente a reurbanización do espazo de superficie con actuacións tendentes á súa peonalización.

Estas propostas de soterramento do tráfico poden resumirse en:

- Creación dun vial soterrado na Avda. Alférez Provisional entre a Praza de Ourense e o Centro de Ocio do Porto, implantación dun aparcamento soterrado no peirao de Calvo Sotelo e mellorar a accesibilidade peonil desde a cidade (determinacións contempladas na Revisión do PXOM para o desenvolvemento do Plan Especial de Transformación: Baterías/Calvo Sotelo (PETQ23), que introducen a previsión dun vial soterrado).

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Creación dun vial soterrado na Avda. da Marina-A Dársena, entre Palexco e A Solana, coa implantación de dúas áreas de aparcamento soterrado no xardín da Dársena e no Parrote, englobando neste vial soterrado un rotor de distribución que conecte co túnel de Mª Pita. Esta actuación permitiría incorporar a totalidade do espazo en contacto co cantil e o xardín da Dársena ao uso peonil e destinar o espazo rodado de Porta Real e O Paseo do Parrote á circulación de transporte público e á accesibilidade local (proposta de ordenación do tráfico do proxecto "Reflejo del Pasado" gañador do Concurso de Ideas para "Actuaciones de Mejora de la estructura urbanística en los ámbitos de la Dársena de la Marina-Muelle de Trasatlánticos, Avda. de la Marina y Avenida Alférez Provisional").



PROXECTO "REFLEJO DEL PASADO". REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA MARINA

- Realización dun vial soterrado baixo a Avda. Alférez Provisional, zona da Marina e O Parrote, que dea continuidade ao soterramento viario previsto fronte aos Xardíns da Rosaleda no novo Plan Xeral (determinacións para o desenvolvemento do PETQ23). Asemade, proposición dun aparcadoiro soterrado na Marina. A ordenación busca reorganizar os tránsitos rodados e peonís en superficie e baixo rasante, articulando os espazos libres públicos para favorecer a apertura social e paisaxística ao mar con vontade de recuperar a calidade urbana e avanzar na progresiva transformación do Porto para garantir que a cidade acceda á fronte litoral (Alcance, contido e obxectivos de ordenación da Actuación para o Desenvolvemento da Mobilidade da Dársena da Marina e O Parrote, que se inclúe no Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións para a Mellora da Mobilidade na zona dos Cantóns, A Marina e O Parrote, actualmente en redacción).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Queda claro a vontade municipal na implantación (con propostas de maior ou menor alcance respecto da súa posible execución por etapas), dun viario soterrado que sirva de alternativa á circulación en superficie da Avda. Alférez Provisional, Dársena de A Marina e O Parrote.

As propostas baralladas, descritas anteriormente, desenvólvense maioritariamente en espazos viarios exteriores ao ámbito do Plan Especial, aínda que todas elas terán especial incidencia na reordenación do tráfico que finalmente poida acoller o viario do ámbito, especialmente no eixe Cantóns-Avda. da Marina e no Paseo do Parrote, así como na reordenación do espazo peonil de superficie, particularmente no xardín da Dársena e Porta Real.

Atendendo aos aspectos comúns contemplados nas diferentes propostas, e aínda que dita actuación se desenvolve case que integramente fóra do ámbito, incorpórase ao documento unha proposta de localización das embocaduras ao vial soterrado, na Avda. Alférez Provisional (detrás do edificio da Autoridade Portuaria) e na zona leste da Solana, localizacións que se consideran as máis correctas para non entorpecer a reordenación do espazo en superficie que se desenvolve entre ambas embocaduras, permitindo incluso o mantemento da circulación rodada con carácter local e para o acceso ás distintas instalacións e dotacións.

Consecuentemente coa proposta de soterramento da circulación principal contémplase a reordenación da circulación (e o axuste funcional das seccións de calzada) do viario en superficie da Avda. Montoto e os accesos aos edificios do Náutico e de Palexco.

Da mesma forma contémplase a supresión da circulación no cantil do peirao da Dársena e a remodelación do acceso ao túnel de María Pita que deberá realizarse desde o novo vial soterrado.

Pendente da elaboración dos últimos estudos iniciados e da pormenorización das solucións que finalmente se adopten, cabe en todo caso indicar algúns criterios de ordenación, que deberán ser contemplados de cara á coordinación coas actuacións propostas no ámbito do Plan Especial:

- Estudar pormenorizadamente, con criterios de ordenación integral dos espazos, pero atendendo especialmente a ordenación funcional do tráfico, a localización dos accesos ao novo vial soterrado e a súa integración coa ordenación do tráfico en superficie.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

- Abordar conxuntamente coa implantación do vial soterrado, a ordenación do espazo público en superficie, atendendo á necesaria “compensación” e equilibrio do espazo destinado á circulación dos vehículos. Neste sentido debe entenderse que a implantación do novo vial soterrado responde ao obxectivo de integrar o viario de superficie no conxunto de espazos libres de uso público, mellorando notablemente as condicións da accesibilidade peonil.

- Incorporar na medida do posible os accesos aos aparcamentos soterrados desde o novo túnel, estudando con pormenor as consecuencias dos xiros á esquerda necesarios, e os movementos de acceso e saída dos aparcamentos.

- Resolver adecuadamente baixo rasante os cruces e accesos aos distintos viais soterrados, particularmente o acceso ao túnel de María Pita.

- Cómpre garantir que a implantación do novo vial soterrado non se converta nun efecto chamada ao tráfico. Cabe entender que a accesibilidade ao ámbito está suficientemente garantida nas condicións actuais; e o obxectivo global do Plan Especial, respecto da ordenación do tráfico, é a redución do número de vehículos que acceden á cidade. Polo tanto debe entenderse que a implantación do novo vial soterrado non é a resposta para a resolución dun problema de conxestión viaria, inexistente no ámbito, senón que debe responder basicamente á recuperación da calidade urbana no espazo público de superficie.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

C. Propostas de reordenación do tráfico no ámbito do PEPRI.

A análise dos datos de distribución do tráfico contemplados no documento de Diagnóstico e as reflexións que están a realizarse nos espazos urbanos de contacto co ámbito do Plan Especial (Praza de Pontevedra e contacto co Porto), permiten apuntar liñas de acción de cara á reordenación do tráfico rodado, que se incorporan á Revisión do Plan Especial como criterios de actuación para a reordenación do tráfico, encadrados a súa vez nunha política de maior alcance respecto da reordenación das condicións de mobilidade e accesibilidade no conxunto da Cidade.

Eixes lonxitudinais de acceso.

Eixe Sur. Cantóns-A Marina.

Como se ten indicado no documento Diagnóstico neste eixe sur de circulación tense experimentado nos últimos anos unha considerable redución global da intensidade de tráfico do 11,6% na rúa Sánchez Bregua, e do 16,3% na Avda. do Alférez Provisional, circunstancia que contribúe á redución do tráfico no eixe sur Cantóns - A Marina.

A estas circunstancias únese a distribución do tráfico na Praza de Mina, que dirixe maioritariamente o tráfico de acceso cara á rúa Juana de Vega, de forma que o eixe dos Cantóns soporta na actualidade unha intensidade de vehículos similar á da Avda. Alférez Provisional, aínda presentando, na fronte dos Cantóns, unha sección funcional moito maior.

Atendendo a estas circunstancias, así como ás reflexións xa realizadas respecto da implantación do túnel e a reordenación do tráfico no eixe Avda. Alférez Provisional-A Marina-O Parrote, debe esperarse aínda unha maior redución do tráfico no eixe dos Cantóns-A Marina, redución que incluso permitiría abordar importantes actuacións de peonalización parcial ou total por treitos; extremos que deberán ser confirmados polos estudos de tráfico que se realicen para a implantación do novo vial soterrado.

En todo caso, aínda mantendo a circulación en superficie na Avda. Alférez Provisional, a intensidade de tráfico actual permite redimensionar a sección funcional da calzada nos Cantóns, actuación que, xunto con outras actuacións complementarias dirixidas á mellora e formalización dos cruces e espazo peonil, se incorpora á proposta de reordenación do espazo público no ámbito do Plan Especial.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

No tocante á regulación do tráfico neste eixe proponse o mantemento das actuais direccións e movementos de circulación, en tanto non se concreten as propostas respecto do novo vial soterrado Avda. Alférez Provisional-A Marina-O Parrote.

Eixe Central. Rúa San Andrés-Rúa Panaderas.

A actuación que está sendo abordada na actualidade, de reurbanización da primeira fase das rúas San Andrés e Cordonería, non supón a alteración funcional deste treito do percorrido do eixe central, que mantén neste treito un único sentido de circulación cara á Praza de España.

Introdúcense, en todo caso, criterios de actuación como a formalización dunha plataforma única no tratamento superficial que van dirixidos á potenciación do uso peonil do espazo e ao control das velocidades de circulación do tráfico rodado, criterios que o Plan Especial propón estender á reurbanización da totalidade do eixe San Andrés-Panaderas, aínda que deberán ser pormenorizados na redacción do proxecto executivo.

Atendendo aos datos do tráfico incorporados ao documento Diagnóstico proponse suprimir o movemento de circulación de saída da cidade neste eixe (Praza de España-Praza de Pontevedra), entendendo que dado o seu escaso peso no conxunto dos movementos de saída da Cidade (5.085 vehículos diarios, apenas o 8,5% do total) ben pode dirixirse cara a outros percorridos como a rúa Hospital, que presentan mellores condicións físicas e funcionais para acollelos.

Desta forma proponse a implantación dunha única dirección de circulación para o tráfico rodado neste eixe Rúa San Andrés-Rúa Panaderas, no sentido Praza de Pontevedra-Praza de España, mantendo en todo caso a circulación de vehículos de transporte público (autobuses, taxis) no sentido contrario, formalizando un carril segregado na rúa de San Andrés (no treito Pórtico de San Andrés-Praza de Pontevedra).

No treito Praza de Pontevedra-Rúa Santa Catalina debe estudarse con maior pormenor, atendendo á intensidade de circulación existente, a necesidade da implantación de dous carrís de circulación, en detrimento do aparcamento, na liña do indicado no proxecto redactado.

Eixe Norte. Paseo Barrié de La Maza-Rúa Hospital.

O Plan Especial non propón a alteración das condicións de regulación do tráfico existentes neste eixe norte, aínda que é de esperar que as actuacións de reforma e

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

completamento que se aborden na rede viaria de sistema xeral da cidade (culminación e posta en carga da 3ª Rolda e mellora das condicións de distribución das Roldas de Outeiro e de Nelle) permitan reequilibrar a distribución do tráfico nos dous sentidos de circulación contribuíndo á mellora funcional do tráfico do Paseo Barrié de la Maza.

Por outra parte, o incremento de vehículos que puidera acoller a dirección de baixada na rúa Hospital que hoxe circulan pola rúa Panaderas (un máximo de 3.600 vehículos diarios no caso de que todos eles optaran por utilizar este novo percorrido) representan escasamente o 15% do tráfico que circula actualmente polo Paseo Barrié de la Maza, polo que poderá ser incorporado a este eixe sen dificultade, máis aínda se se acada o desexable reequilibrio na distribución do tráfico anteriormente comentado.

Eixes transversais de distribución.

Eixe Transversal. Rúa Juana de Vega.

O Plan Especial non propón a alteración das condicións de regulación do tráfico existentes nesta rúa, aínda que é de esperar que as actuacións de reforma planteados noutros ámbitos da cidade (mellora das condicións de distribución no viario de Rolda e actuacións de completamento do tráfico na reordenación da praza de Pontevedra), permitan reducir significativamente a intensidade de circulación de vehículos na dirección Praza de Mina-Praza de Pontevedra, o que posibilitará adoptar as actuacións de mellora física e funcionalidade peonil deste viario, que se indican nos seguintes apartados.

Eixe Transversal. Rúa Santa Catalina.

O Plan Especial non propón a alteración das condicións de regulación do tráfico existentes nesta rúa, aínda que propón a súa remodelación no treito San Andrés-Durán Loriga axustando a área de aparcamento, actuación incorporada á remodelación da rúa de San Andrés.

Eixe Transversal. Rúa Nova-Rúa Alta.

O Plan Especial non propón a alteración das condicións de regulación da circulación neste eixe recentemente remodelado, máis aló da extensión do pavimento pétreo no Cantón Grande na fronte da rúa Marchesi y Dalmau.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Eixe Transversal Rúa do Sol.

O Plan Especial non propón a alteración das condicións de regulación da circulación neste eixe recentemente remodelado.

Eixe Transversal Porta Real-Praza de España.

Lamentablemente non foi acometida a execución da glorieta semisoterrada que se planteaba na Proposta de Remodelación da Praza de España, que simplificaba notablemente a extensión superficial do viario destinado ao tráfico rodado.

En todo caso considérase que a solución finalmente executada é funcionalmente correcta, ao tempo que garante a accesibilidade local á Costa de San Agustín, polo que o Plan Especial non propón a alteración das condicións actuais de regulación do tráfico.

Aneis de circunvalación.

Anel de circunvalación. Paseo Marítimo Leste.

Posiblemente a execución do novo vial soterrado Avda. Alférez Provisional-O Parrote, contribúa á posta en carga deste treito do Paseo Marítimo que na actualidade soporta unha mínima intensidade de tráfico, aínda que debe corrixirse a resolución dos cruces para facilitar a conexión co viario alto da trama urbana colindante, de forma que quede garantida a incorporación do tráfico ao Paseo Marítimo, actuacións que deben estenderse máis aló do ámbito do Plan Especial.

Neste sentido, asociado á mellora da conexión dos dous eixes circunvalatorios ao interior do Plan Especial proponse a remodelación do cruce semafórico coa rúa Veramar, de forma que poidan garantirse todas as incorporacións do tráfico; igualmente proponse a remodelación do cruce na Maestranza conformando unha glorieta que admita a realización de todos os movementos de circulación, así como a rectificación do vial de acceso actual de forma que se dote de continuidade á Avda. do Metrosidero na conformación do eixe Praza de España-Orillamar-Paseo Marítimo.

Anel de circunvalación. Campo da Estrada-Avda. del Metrosidero.

O Plan Especial non propón alterar as condicións de regulación da circulación do tráfico neste eixe, mantendo igualmente as condicións da ordenación física do viario e do seu encontro coa rúa Veramar, de recente remodelación.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Co obxecto de abordar o seu completamento como anel de circunvalación o Plan Especial incorpora a corrección do trazado da Avda. do Metrosidero no encontro coa Maestranza e a conformación dunha glorieta no Paseo Marítimo que permita a incorporación da totalidade dos movementos de circulación.

Anel de circunvalación da Cidade Vella.

O Plan Especial propón a unificación das condicións funcionais do tráfico do Anel de circunvalación da Cidade Vella, aínda admitindo situacións diferenciais para cada un dos treitos, respecto dos seus tratamentos superficiais e respecto das etapas nas que debe de abordarse a remodelación do espazo.

Garantidas as condicións de accesibilidade e de capacidade distribuidora da rede viaria de carácter circunvalatorio da Cidade Vella, a través dos eixes anteriormente descritos (Avda. Metrosidero, Paseo Marítimo Leste e Túnel Porta Real-Praza de España), que se verán completadas coa execución do novo vial soterrado Avda. Alférez Provisional-A Marina-O Parrote, o vello Anel de circunvalación da Cidade Vella poderá destinarse definitivamente a albergar o tráfico de carácter local e o transporte público.

A proposta de regulación do tráfico que se incorpora ao Plan Especial diríxese a conformar unha única dirección de circulación no sentido das agullas do reloxo na Rúa do Rosario, Rúa da Maestranza e Paseo do Parrote, introducindo en todo caso as seguintes matizacións no tratamento do espazo e nas etapas de execución da actuación:

- Rúa Nosa Señora do Rosario. Manter as actuais condicións de regulación do tráfico, abordando a reordenación funcional da súa sección coa reordenación do aparcamento e o recrecido das beirarrúas, atendendo ás directrices do plan de actuación para a peonalización da Cidade Vella.

- Rúa da Maestranza. Reducir funcionalmente a sección de calzada para acoller un único carril de circulación, reformando a sección actual para incorporar unha área de aparcamento en batería ocupando o carril oposto. Na fronte do edificio do Reitorado e fronte ao Xardín de San Carlos, Museo Militar e Hospital Abente y Lago, proponse a conformación dunha plataforma continua que albergue o carril de circulación non permitindo o aparcamento lateral.

  Neste treito (Paseo do Parrote-Reitorado) admitirase o acceso do transporte público en dobre dirección como se describe posteriormente, así como, loxicamente, o

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

acceso puntual e local ao Hospital Abente y Lago (taxis, ambulancias, vehículos de servizo, etc.).

. Paseo do Parrote. A proposta do Plan Especial respecto da regulación do tráfico rodado ten dúas etapas:

Nunha etapa final, unha vez abordada a reordenación do espazo portuario da Dársena e do Parrote e a execución do novo vial soterrado ata o leste da Solana e o acondicionamento do espazo de superficie en contacto coa Cidade Vella, o Paseo do Parrote poderá albergar unha única dirección de circulación dando continuidade á proposta na rúa da Maestranza.

Pendente da concreción das solucións que finalmente se aborden na actuación de remodelación do espazo portuario, a proposta que se incorpora ao Plan Especial é a conformación dun eixe que albergue as dúas direccións de circulación, polo que non se alteran as actuais condicións de regulación do tráfico. En todo caso incorpóranse importantes actuacións na reordenación do espazo (eliminación do aparcamento, conformación dunha plataforma continua no treito en contacto coa vella muralla, etc.) tendentes ao recrecido do espazo peonil e á posta en valor do Paseo de bordo da Cidade Vella; así como a reordenación do tráfico no amplo espazo de acceso ao Castelo de San Antón, no que se configura unha glorieta de distribución do tráfico e se incorpora o resto do espazo á zona verde axardinada en contacto coa vella muralla.

Outras accións de regulación de tráfico.

Máis aló das accións de regulación de tráfico no viario principal de acceso e distribución descritas anteriormente, o Plan Especial contempla algunhas correccións puntuais das condicións de regulación no viario local, derivadas principalmente dos cambios propostos para o viario principal.

Rúa Orzán. Treito Pórtico de San Andrés-Rúa Alta.

O Plan Especial contempla a remodelación deste treito da rúa Orzán e a súa incorporación ás condicións de peonalización parcial implantadas no restante treito da rúa Orzán ata a Praza de Pontevedra.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Rúa Cordelería. Treito Pórtico de San Andrés-Rúa Alta.

O Plan Especial contempla, asociado á remodelación da rúa San Andrés, o cambio da dirección de circulación na rúa Cordelería, no treito Pórtico de San Andrés-Rúa Alta, de forma que se acade unha continuidade na circulación do eixe Rúa do Orzán-Rúa Cordelería entre a Rúa Panaderas e a Rúa Alta.

Rúa Marqués de Pontejos.

A incorporación da remodelación da Rúa Estreita de San Andrés á actuación de reurbanización da rúa San Andrés-Rúa Cordonería (que está sendo executada actualmente), abre a porta á peonalización do eixe Estreita de San Andrés-Marqués de Pontejos; actuación que en todo caso debe permitir a accesibilidade dos residentes posibilitando igualmente o mantemento dunha pequena reserva de aparcamento na rúa Marqués de Pontejos.

Regulación do tráfico na Cidade Vella.

A situación de desregulación do tráfico na rede viaria e espazos públicos da Cidade Vella mantívose nos últimos anos, polo que se presenta neste momento como un dos maiores problemas de regulación do tráfico na cidade, representando unha auténtica dificultade de cara a abordar accións de recualificación urbana no espazo público da Cidade Vella, excesivamente tensionado e deteriorado pola presenza de vehículos circulando ou aparcados.

En efecto, poden detectarse dous problemas provocados polo vehículo no delicado tecido viario e espazo público da Cidade Vella:

- En primeiro lugar a pervivencia dun tráfico rodado que percorre espazos viarios de reducidísimas dimensións non acordes para soportalo, o que provoca a necesidade de implantar bordos e elementos de protección que non se axustan á súa función nin á fisionomía do espazo e que contribúen á súa fragmentación visual e funcional.

- En segundo lugar, e aínda máis distorsionador se cabe, prodúcese a ocupación masiva do espazo público polo aparcamento de vehículos, que ademais dificulta a utilización do espazo peonil e o acceso ás edificacións.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

No ano 2009 foron abordadas parte das actuacións para a peonalización das rúas da Cidade Vella, coa definición de ámbitos de actuación para a reordenación do aparcamento interior e no viario colindante, incluso abordando a implantación dos elementos de control de accesos aos residentes; labores que en todo caso non foron culminadas.

Diante desta situación de desregulación a proposta do Plan Especial baséase na aposta clara pola peonalización do espazo viario intramuros, entendendo que dita actuación, tendente á liberación do tráfico e do aparcamento de vehículos resulta non só coherente coas esixencias de recuperación e posta en valor do espazo público da Cidade histórica, senón que é necesaria para abordar a necesaria recuperación social e económica do barrio.

Toda vez que a demanda de prazas de aparcamento de residentes do ámbito virá a resolverse coa execución do novo aparcamento soterrado do Parrote e coas actuacións de reordenación do aparcamento en superficie que se incorporan na proposta do Plan Especial, a actuación de regulación e localización do aparcamento no interior do ámbito debe ser incluso máis ambiciosa que a inicialmente proposta no ano 2009.

Respecto das medidas de regulación do tráfico, óptase por unha peonalización baseada na implantación de **restricións á circulación** (establecemento de franxas horarias de acceso libre nalgunhas rúas para acoller os labores de carga e descarga e a libre circulación de vehículos) como as existentes noutras rúas da cidade (Rúa Real, Rúa dos Olmos, Rúa Rego de Auga, ...).

Complementariamente poden implantarse elementos destinados ao control de accesos aos residentes no caso de querer ampliar a oferta e a flexibilidade da prestación (ampliación das franxas horarias, rúas de acceso ou aparcamento puntual exclusivo aos residentes), aínda que ditas medidas poidan ter un carácter temporal.

De cara á definitiva peonalización do viario da Cidade Vella, a proposta incorporada ao Plan Especial debe ser entendida como un conxunto de criterios e obxectivos a ter en conta na elaboración dun Plan de Actuación específico para a Peonalización da Cidade Vella, que ordene definitivamente a regulación do tráfico e do aparcamento para cada rúa.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21. ENE. 2015 para su tramitación
El funcionario encargado.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

REGULACIÓN DO TRÁFICO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

D. As condicións da mobilidade peonil.

Como se ten descrito amplamente no documento de Diagnóstico e neste mesmo apartado, a regulación do tráfico proposta polo Plan Especial, atendendo ás directrices xerais de mobilidade e accesibilidade no ámbito da cidade contempladas nos distintos documentos de ordenación e planificación redactados ou en redacción, debe dirixirse a favorecer e potenciar as fortes demandas de mobilidade peonil características deste tipo de barrios e centros históricos.

No relativo á regulación do tráfico peonil a proposta do Plan Especial apóiase en tres eixes de actuación:

- Incorporar actuacións de peonalización parcial do viario local optando principalmente pola implantación de **medidas de restrición da circulación** (establecemento de horarios de acceso a vehículos, e outras medidas similares), fronte ás medidas estritas de peonalización total do viario.

- Favorecer a utilización do espazo viario polo peón fronte ao vehículo, fomentando a **formalización de plataformas continuas de urbanización** para a convivencia do vehículo e do peón, que contribúan á redución das velocidades de circulación, dando continuidade e prevalencia aos percorridos peonís nos cruces e intersección de rúas, eliminando progresivamente bordos e barreiras, etc.

- Apostar pola execución de actuacións de urbanización e reurbanización non só co obxectivo de elevar o estándar de urbanización do espazo público, senón para abordar ao mesmo tempo as correccións e **adaptacións funcionais dos espazos** (redimensionado da sección viaria co incremento de beirarrúas e superficies peonís, definición de novos percorridos peonís, etc.).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

6.2.3. Proposta de ordenación funcional do sistema viario

A. Condicións funcionais da rede viaria.

A estrutura viaria dos barrios da Cidade Vella e da Pescadería responde, como se indicou no Diagnóstico, a súa propia orixe de tecido medieval. Na Cidade Vella a estrutura viaria está condicionada pola topografía e polo trazado da antiga muralla defensiva; no barrio da Pescadería pola súa estrutura lonxitudinal apoiada na configuración do istmo da península.

Desde o punto de vista funcional poden distinguirse os eixes lonxitudinais de acceso e distribución, os eixes transversais e os aneis de circunvalación na Cidade Vella.

Eixes viarios lonxitudinais de acceso.

O Plan Especial recoñece os tres eixes viarios lonxitudinais que canalizan a totalidade dos movementos de accesibilidade ao ámbito dos barrios da Cidade Vella e da Pescadería, así como os restantes barrios da península (Atochas e Monte Alto).

Eixe Sur: Cantóns-Avda. da Marina

Presenta unhas boas condicións funcionais en todo o seu percorrido; que incluso poden considerarse moi folgadas no treito dos Cantóns (Praza de Mina-Avda. da Marina), o que permitirá o redimensionamento da sección de calzada nas futuras remodelacións físicas. Complementario a este eixe viario dos Cantóns-Avda. da Marina, a Avda. do Alférez Provisional permite duplicar a accesibilidade ata a Dársena, presentándose no seu conxunto, como un eixe con moi boas condicións de capacidade no conxunto do viario de acceso á Cidade Histórica.

Atendendo ás previsións futuras de remodelación deste eixe sur co soterramento da circulación na Avda. do Alférez Provisional e a extensión do túnel ata a Solana, xunto coa conexión do túnel de María Pita, ábrense novas posibilidades de reordenación do eixe da Avda. da Marina ata Porta Real, dado que vería reducida notablemente a súa intensidade de tráfico en superficie.

Eixe Central: Rúa San Andrés-Cordonería-Rúa Panaderas

Foi no seu día o principal eixe histórico vertebrador do barrio da Pescadería e de conexión co barrio extramuros de As Atochas. A sucesiva presión derivada da

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

necesidade de acoller tráfico levou aparellada a progresiva ampliación das condicións funcionais da súa calzada reducíndose consecuentemente o espazo destinado ao tráfico peonil e provocando a desaparición do arboredo que presentou no seu día a rúa.

As limitacións físicas que presenta a rúa Cordonería e, puntualmente, a rúa Panaderas, reducen a súa funcionalidade.

Tendo en conta o escaso peso que presenta o tráfico de acceso que soporta este eixe viario, poden adoptarse importantes accións de reordenación do tráfico que deben acompañar as actuacións de remodelación física que xa están en marcha, accións xa descritas anteriormente e que se complementan coas de remodelación funcional que se describen neste apartado.

Eixe Norte: Paseo Barrié de la Maza - Rúa Hospital

Presenta unhas boas condicións funcionais infrautilizadas, particularmente na rúa Hospital, polo que o Plan Especial incorpora unha proposta (xa descrita) de remodelación do tráfico, co obxecto de acadar a súa posta en carga.

Eixes transversais de distribución.

Como se describiu anteriormente, o Plan Especial non propón alterar as condicións de regulación do tráfico nos cinco eixes transversais de distribución, aínda que son de esperar sensibles mellorías relativas ao volume de vehículos que debe soportar algún deles (particularmente a rúa Juana de Vega), que permitirán adoptar as accións de remodelación e mellora funcional que se describen neste apartado.

Aneis de circunvalación.

Acompañando a proposta de reordenación do tráfico que contempla o Plan Especial no Anel de circunvalación da Cidade Vella (rúas Rosario - Maestranza - Paseo do Parrote), incorpórase unha importante actuación de remodelación funcional que se describe neste apartado, coa reordenación da sección de calzada e do aparcamento, así como coa incorporación dun importante crecemento do espazo peonil.

Igualmente incorpórase unha actuación de reordenación funcional na rúa do Metrosidero para dotarlle de continuidade ata a súa conexión co Paseo Marítimo, actuación que se complementa coa execución dunha glorieta no Paseo Marítimo que garanta a realización de todos os movementos de circulación.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. Criterios de reordenación funcional. Potenciación do espazo peonil.

As actuacións de nova urbanización ou reurbanización do viario e do espazo público acometidas nos últimos anos no ámbito do Plan Especial apoiáronse, con maior ou menor fortuna respecto dos resultados acadados, na consecución dunha serie de obxectivos, entre os que poden destacarse:

- **Elevación do estándar de urbanización** en ámbitos degradados (Pescadería Norte).

- **Implantación de materiais de calidade**, predominando o pavimento pétreo.

- Vinculación das actuacións de reurbanización coas de **remodelación funcional** dos espazos.

- Incremento notable da **superficie de uso peonil**.

Estes obxectivos seguen a ter plena vixencia na definición dos **criterios de actuación** que deben seguirse na reordenación funcional do espazo público que se concretan nos seguintes:

. Elevación do estándar de urbanización respecto dos materiais e acabados.

- Coa extensión das accións de reurbanización aos restantes espazos pendentes de actuación.

- Optando pola implantación do pavimento pétreo (lousados e lastrados) e os de lousas de formigón para os espazos peonís, e o lastrado de granito, formigón ou aglomerado asfáltico para os pavimentos de calzada, atendendo a súa adecuación funcional.

- Valorando expresamente a preservación dos pavimentos pétreos de carácter histórico non soamente como estética do material, senón como sistema construtivo (forma e dimensión, colocación dos materiais, etc.), de cara á reposición dos pavimentos vinculados ás actuacións de reurbanización.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

. **Vincular as actuacións de reurbanización coa remodelación funcional do espazo.**

- Entendido como un criterio de intervención nas actuacións de reurbanización incorporadas ao Plan Especial.

- Atendendo aos criterios de reordenación funcional dos espazos. Acoutando o espazo destinado ao tráfico, aparcamento e uso peonil, na remodelación física dos espazos.

- Adaptando a dimensión dos carrís de circulación destinados aos vehículos atendendo á dimensión total do espazo dispoñible, sempre co criterio de acadar melloras significativas no espazo peonil.

. **Incrementar a superficie do espazo peonil.**

- Atendendo ao criterio xeral de reordenación dos espazos (funcional, de tráfico, de aparcamento) tendente a mellorar as condicións de mobilidade e accesibilidade peonil e dos outros modos brandos de circulación, e a redución da utilización do vehículo privado.

- Optando pola extensión dos pavimentos con rasantes continuas na configuración dunha “plataforma unitaria” como criterio maioritario na urbanización do espazo, distinguindo o seu uso funcional pola implantación de materiais diferenciados, bolardos, alcorques, etc.; todo ilo co obxectivo de redución das velocidades de circulación e da ampliación do espazo de uso peonil.

- Abordando a peonalización parcial ou total do viario, na regulación funcional do tráfico.

- Abordando a reordenación física e funcional das seccións de calzada e cruces, baixo o criterio da ampliación dos espazos de uso peonil e de favorecer a circulación peonil nos cruces coa extensión dos pavimentos das beirarrúas.

. **Unificar os materiais de acabado da urbanización dos distintos ámbitos de ordenación.**

Descritos os distintos criterios de actuación pódense distinguir diversos estándares de urbanización a aplicar nos diferentes ámbitos de ordenación.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Pescadería Baixa

  Mantemento do pavimento de aglomerado asfáltico na calzada do eixe sur (Cantóns - A Marina) atendendo á súa condición funcional.

  Estender o acabado de pavimento pétreo de lousado e lastrado de granito na conformación dos espazos de beirarrúas e viario de carácter peonil.

- Pescadería Alta

  Estender o tratamento de pavimento de adoquín de granito na calzada do eixe central (San Andrés - Panaderas) en toda a súa lonxitude, atendendo ao estándar da actuación en execución.

  Estender o pavimento de formigón na calzada da rúa do Orzán á totalidade do ámbito de remodelación, así como o pavimento de lousa de granito nas beirarrúas e rúas peonís dando continuidade á actuación xa realizada.

  Implantar lousas de formigón no acabado das beirarrúas nas actuacións extensivas de urbanización a abordar no resto do viario.

- As Atochas

  Implantar o pavimento de lousas de formigón no acabado das beirarrúas, nas actuacións extensivas de urbanización (San Agustín-Mercado, As Atochas, rúa San José, rúa San Juan, rúa Veramar).

  Implantación progresiva do pavimento de formigón ou lastrado no acabado das calzadas.

- Cidade Vella

  Mantemento da pavimentación de lousado granítico no viario e espazo público da améndoa interior da Cidade Vella con tendencia á recuperación dos elementos singulares nos labores de reurbanización, particularmente nos ámbitos e espazos catalogados. Extensión das prácticas e técnicas de pavimentación tradicional na formación das bases, subbases e na implantación de lousados e pavimentación con material pétreo.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

Implantación do pavimento de lastro de granito na calzada do anel de circunvalación da Cidade Vella (rúa Rosario, rúa Maestranza, Paseo do Parrote) estendendo o pavimento de lousado de granito nas beirarrúas e nos espazos singulares.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

C. Propostas de ordenación funcional.

Atendendo ás propostas de reordenación do tráfico anteriormente indicadas para o sistema viario, así como aos criterios de reordenación funcional dos espazos, poden describirse as principais propostas de ordenación incorporadas ao Plan Especial, que inciden principalmente nos espazos que aínda non foron obxecto de reurbanización nos últimos anos.

A estas actuacións principais deberán engadirse aquelas que resulten de abordar as actuacións extensivas de reurbanización do espazo público, derivadas da renovación de infraestruturas e dos materiais de acabado superficial, non incorporadas especificamente ao Plan Especial como ámbitos de reordenación funcional.

As propostas de reordenación funcional que se incorporan ao Plan Especial son as seguintes:

Eixe Sur. Cantóns - A Marina.

Atendendo á aplicación dos criterios anteriormente descritos incorpórase unha actuación no eixe Sur Cantóns - A Marina e que parcialmente deberá ter continuidade no seu bordo sur en contacto cos xardíns de Méndez Núñez.

Proponse a unificación da dimensión das seccións de calzada na fronte dos Cantóns e da Avda. da Marina (ata a rúa Alcalde Manuel Casas) mantendo en todo caso a sección funcional de dous carrís por sentido de circulación en todo o seu percorrido (tres carrís no sentido de saída na fronte do Cantón Pequeno). Dita actuación permitirá a ampliación da beirarrúa dos Cantóns e da Avda. da Marina e a implantación selectiva de arboredo nos Cantóns.

Proponse estender o acabado do tratamento pétreo da beirarrúa no cruce da rúa Santa Catalina (ampliando a solución actual ata acadar a nova dimensión proposta), e no Cantón Grande na fronte da rúa Marchesi y Dalmau (no encontro coa rúa Nova). Así mesmo, esténdese o pavimento de lousado de granito á superficie de aparcamento fronte ao edificio da Subdelegación do Goberno e na traseira do Teatro Rosalía de Castro, de forma que aínda admitindo o mantemento do aparcamento reservado este se desenvolva -dado o carácter esporádico que presenta- sobre un espazo unitario de carácter pétreo.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Na fronte do Cantón Grande proponse o mantemento dun terceiro carril destinado a albergar a parada de taxis e englobar a saída do aparcamento soterrado.

A actuación compleméntase no bordo sur con outras tres actuacións:

- A reordenación funcional do Paseo de Coches, no que, aínda mantendo a circulación rodada como se produce actualmente, se propón eliminar o aparcamento de vehículos (admitindo, de ser necesario, o mantemento dun número reducido de prazas reservadas), e abordar unha completa reordenación funcional e física do viario co obxecto de dotar de continuidade aos dous ámbitos do xardín actualmente fraccionados. O proxecto que desenvolva a actuación abordará a renovación da pavimentación do espazo co mantemento do carril de circulación, todo ilo baixo o criterio de unificación topográfica dos espazos coa eliminación dos bordos físicos e a conformación dunha plataforma continua, particularmente na continuidade das beirarrúas dos Cantóns e da Avda. do Alférez Provisional.

- O recrecido das beirarrúas da rúa Alcalde Manuel Casas, tanto no contacto coa Avda. da Marina como coa Avda. Alférez Provisional co obxecto de acoutar o espazo destinado ao aparcamento e aproximar os pasos de peóns.

- O recrecido da beirarrúa da rúa Ambrosio Feijoo en contacto do edificio de Correos ata o muro da rampla de saída do aparcamento subterráneo, co obxecto de aproximar o paso de peóns. A actuación será compatible co acceso e o aparcamento esporádico dos vehículos de reparto do servizo de Correos.


JARDINES DE MÉNDEZ NÚÑEZ
JARDINES DE MÉNDEZ NÚÑEZ
JARDINES DE MÉNDEZ NÚÑEZ
LA ROBALEDA
PUERTOS DE GALICIA
TEATRO COLON
PLAZA DE SANTA CATALINA
CALLE DE LA ESTRELLA
CALLE SANTA CATALINA
CALLE FRANCISCO MENDEZ
CALLE SANTA LUCIA
CALLE CAPITAN TROMBA
CALLE ALFREZ RODRIGUEZ
CALLE ALFREZ FERNANDEZ
CALLE ALFREZ PEDRAZUELA
CALLE ALFREZ MOLINA
CALLE ALFREZ MOLINA
CALLE ALFREZ MOLIN

Eixe Sur. Cantóns - A Marina



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Eixe Central. San Andrés – Panaderas.

Como se indicou, neste eixe introdúcese a principal remodelación de tráfico proposta polo Plan Especial coa supresión da circulación rodada viaria no sentido Praza de España - Praza de Pontevedra, aínda que se mantén para a circulación dos vehículos de transporte público.

Dita remodelación de tráfico debe permitir abordar a remodelación funcional e física do espazo estendendo os criterios de actuación que se están a aplicar no treito actualmente en remodelación.

Proponse implantar o pavimento de lousado pétreo nas beirarrúas e estendelo nos pasos peonís de forma que o espazo destinado ao tráfico peonil acade continuidade e prevalencia sobre o espazo destinado ao tráfico rodado. Igualmente proponse a implantación de arboredo que se incorpora ás beirarrúas.

Na configuración do espazo remodelado resérvanse zonas formalizadas para a implantación de áreas de aparcamento.

No treito Praza de Pontevedra - Santa Catalina proponse a implantación de dous carrís de circulación atendendo ao volume da intensidade de tráfico que soporta este treito de circulación, o que mingua as posibilidades de implantación de áreas de aparcamento. Todo ilo deberá ser analizado con maior pormenor na elaboración do proxecto executivo logo da análise da evolución do tráfico actual e das previsións futuras.

A supresión da circulación na dirección de saída coa redución da intensidade de tráfico que supón deber permitir o mantemento do criterio de implantación dunha plataforma continua na urbanización (tal como se está a executar no treito en remodelación); cando menos no treito Santa Catalina – Igrexa de San Andrés.

No encontro coa Praza de Pontevedra a actuación de remodelación deberá resolver a entrega do espazo coa urbanización da Praza e da rúa Juana de Vega. Na entrega coa Praza de Pontevedra debe abordarse a remodelación das escaleiras e da rampla de acceso ao edificio número 164, resolvéndose de forma menos abusiva respecto da invasión do espazo público. Igualmente debe abordarse a recolocación do quiosco existente fronte ao número 162, que ben pode localizarse ao interior da praza de Pontevedra.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Continuando coa actuación que se está a executar da primeira fase das rúas San Andrés e Cordonería, e partindo da proposta de reordenación do tráfico eliminando o tránsito de vehículos na dirección Panaderas-Praza de Pontevedra, agás o do transporte público, o Plan Especial fai a proposta de redución da sección rodada en todo o percorrido da rúa Panaderas e a consecuente posibilidade de ampliación das beirarrúas que actualmente son extremadamente mínimas nalgúns treitos.

Proponse a extensión da plataforma enlousada fronte ao Museo Provincial de Belas Artes, Praza Pintor Álvarez Sotomayor, ata a fachada na dirección de subida, conformando un espazo estancial máis amplo no que se permitirá de modo controlado a convivencia de peóns e tráfico rodado formalizado mediante a aliñación de elementos tipo bolardo. Prolóngase a aliñación do arboredo superior co fin de axustar acústica e visualmente o tránsito peonil do tráfico rodado.

Así mesmo, proponse a extensión do pavimento de enlousado pétreo ao longo da rúa Panaderas contendo o resto da calzada mediante bordos nas beirarrúas.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,


CALLE JUAN CANALEJO
SERVICIOS SOCIALES
CALLE DEL CRISTO
IGLESIA
CALLE DE SAN ANDRÉS
CALLE DE SAN JOSÉ
CALLE DE LA CORREDERA
CALLE DE LA HABANA
CALLE DE LA ESTRELLA
CALLE DE LOS OLMOS
CALLE DE LA ALAMEDA
CALLE DE LA CARIDAD
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA CONCEPCIÓN
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA CRUZ

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Eixe Central. San Andrés - Panaderas. Treito 2


PLAZA DE ZALAETA
CALLE HOSPITAL
CALLE SAN ROQUE
CALLE DE PANADERAS
MUSEO DE BELLAS ARTES
CONVENTO DE LAS CAPUCHINAS
MUSEO PROVINCIAL DE BELLAS ARTES
PLAZA DE SANTA AUXILIADORA
CALLE CORNELIAS
CALLE DEL CRISTO
CALLE SAN AGUSTÍN
CALLE DE LA FLORIDA
CALLE DE LA FRAGUA
CALLE RÍO DE AGUA
TEATRO "ROMEA DE CASTRO"
CALLE HOSPITAL
CALLE DE LA SALUD
CALLE DE LA MISERICORDIA
CALLE REAL
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DEL VOLANTÍN
CALLE DE LA MERCED
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA MORA
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA CRUZ
CALLE DE LA CRUZ

Eixe Central. San Andrés - Panaderas. Treito 2



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Juana de Vega.

En consecuencia cos criterios de reordenación funcional descritos proponse unha actuación de reurbanización na rúa Juana de Vega estendéndose ata a Praza de Mina e o entronque da rúa Alameda co Cantón Pequeño.

A proposta de actuación defínese pola dotación de uso á mediana central da rúa Juana de Vega, que cunha dimensión de 7,20 m. de sección continua é capaz de facer as funcións dun espazo estancial de uso continuado peonil.

Proponse a pavimentación pétrea continua de todo o espazo con incorporación de arboredo aos bordos; así mesmo, enlazando con esta actuación de peonalización, defínese a relocalización dos quioscos situados na Praza de Mina, que pola súa posición, dificultan excesivamente o tráfico peonil nas direccións Cantón Pequeño - rúa Compostela - Xardíns de Méndez Núñez, propoñendo a súa colocación en varias posibles situacións, tanto na medianeira reordenada de Juana de Vega como no entronque da rúa Alameda co Cantón Pequeño.

Por outra banda e enlazando coa actuación proposta anteriormente no eixe Sur Cantóns - A Marina, a proposta define a ampliación da plataforma de cruce cara os Xardíns de Méndez Núñez a fin de permitir a maior capacidade posible de peóns neste espazo intermedio de intercambio.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE INTERVENCION

Juana de Vega



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Circunvalación Cidade Vella.

A proposta de regulación do tráfico rodado neste treito, tráfico de carácter local e transporte público nunha soa dirección, leva consigo a posibilidade de realizar unha recomposición dos trazados e dimensións de calzadas e beirarrúas neste Anel de Circunvalación, diferenciados, polo seu carácter, en dous treitos.

- Treito Rosario - Maestranza

  Na rúa de Nuestra Señora del Rosario plantéase a minimización da sección da calzada con pavimento de lastro de pedra a fin de producir o necesario control das velocidades de tráfico e posibilitando ademais a maximización das dimensións das beirarrúas laterais, mantendo a esquerda unha franxa de aparcamentos formalizados ata o encontro coa rúa Porta de Aires.

  Neste punto defínese a prolongación da rúa General Alesón ata a rúa Puerta de Aires cun tratamento pétreo continuo e enrasado que conforma unha plataforma continua de acceso peonil á Cidade Vella. Así mesmo, e neste cruce proponse o soterramento do centro de transformación existente situado no encontro da rúa General Alesón e a Avda. Porta de Aires.

  A partir deste punto na rúa Campo da Estrada e na rúa Maestranza ata chegar a fronte do edificio do Reitorado proponse o control da sección da calzada na súa dimensión e no seu tratamento superficial mediante lastrado de pedra, posibilitando deste xeito a incorporación dun área continua de aparcamento en batería á esquerda do sentido de circulación; rematando toda a beirarrúa esquerda cun enlousado de formigón de acordo co que se vén facendo recentemente nos espazos próximos da Avda. de Metrosidero. Na beirarrúa dereita, remate da Cidade Vella, se respectarán as recentes actuacións rematando ademais os encontros da rúa Herrerías e Calexón San Benito cun tratamento pétreo continuo e enrasado dándolle continuidade en toda a beirarrúa que circunda a Cidade Vella.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ..... 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,


AVENIDA METROPOLITANO
COMANDANCIA DE OBRAS, TALLERES Y ALMACENES
RESIDENCIA MILITAR ATOCHA
ACUARTELAMIENTO DE ATOCHA
CUARTEL DE ATOCHA
CALLE DEL CAMPO DE LA ESTRELLA
CALLE MAESTRANZA
C.E.I.P. MONTE TOLEDO
CALLE HERMOSINA
CALLE DEL CAMPO DE LOS MARTIRES
CALLE DE PUERTA DE JUAN
CALLE DE PUERTA DE JUAN
CALLE HERMOSINA
CALLE HERMOSINA
CALLE DE PUERTA DE JUAN
CALLE DE LA AMARGURA
CALLE SANTA MARÍA
CALLE SANTA MARÍA
CALLE SANTA MARÍA
CALLE DE LA AMARGURA
CALLE DE LA AMARGURA
CALLE DIANA
CALLE DIANA
CALLE DIANA
CALLE DEL REPOSO
CALLE DEL REPOSO
CALLE DE LA AMARGURA
CALLE CONTADURÍA
CALLE CONTADURÍA
CALLE CONTADURÍA
CALLE SANTIAGO
CALLE DEL PRÍNCIPE
CALLE DEL PRÍNCIPE
CALLE DEL PRÍNCIPE
CALLE SAN FRANCISCO
CALLE SAN FRANCISCO
CALLE SAN ISABEL
CALLE TRINIDAD
CALLE TRINIDAD
CALLE TRINIDAD

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ..... 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Treito Maestranza - Xardín de San Carlos

O control da sección rodada neste treito (Edificio do Reitorado ata Paseo do Parrote), aos efectos de garantir o acceso do transporte público con dobre dirección, condiciona a proposta de intervención a formalizar unha banda de rodadura de 6 m. en todo o seu percorrido; proponse unha banda continua de pavimento de enlousado pétreo enrasado que unifique e dignifique tanto a fronte do edificio do Reitorado como o Xardín de San Carlos, espazos que deberán controlarse con elementos tipo bolardo facilitando a continuidade do tráfico peonil.

No tramo que fai fronte aos Xardíns da Maestranza proponse continuar coa configuración actual de beirarrúas con bordos, pavimentando o espazo de calzada e aparcamento con lastro de pedra e controlando a sección mínima necesaria para o tráfico rodado, o que permitirá ampliar a dimensión da beirarrúa na fronte do entronque coa rúa Isabel López Gandalla.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015.....
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE INTERVENCION

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Circunvalación Cidade Vella - Treito Maestranza - Xardín de San carlos



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Treito Xardín de San Carlos - Paseo del Parrote - Paseo de la Dársena

Cos criterios anteriormente expostos, e pendente da solución final da remodelación do espazo portuario, a proposta de intervención debe garantir a sección suficiente para facilitar o dobre sentido de circulación en todo este tramo.

En todo caso proponse a posta en valor e dignificación de toda a fronte da muralla vella e o Xardín de San Carlos cunha plataforma continua de lousa de granito, o control do tráfico mediante aliñación de bolardos puntualmente e a incorporación de arboredo na fronte do Xardín de San Carlos configurando un espazo máis estancial.

No Paseo del Parrote fronte á muralla e ao Hospital Abente y Lago proponse a continuidade da pavimentación pétrea reposicionando a parada do bus e conformando unha zona de aparcamento en batería formalizada.

Dende a muralla vella ata Porta Real pasando polo Paseo de la Dársena, elimínase o aparcamento e redefínese o trazado nos puntos que necesariamente deben ser redimensionados pola súa escasa sección destinada ao tráfico peonil; esténdese o enlousado de pedra existente completando o espazo peonil na fronte da fachada do Paseo de la Dársena.

No encontro do Paseo de la Dársena coa rúa Santiago e rúa María Barbeito proponse dotar de continuidade ao pavimento pétreo ata a beirarrúa da Avda. de Montoto e eliminar, buscándolle unha nova posición máis adecuada, o quiosco existente no entronque das dúas rúas que dificulta sobremanera o tránsito peonil nesa dirección.



Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015.....
Certifico:
El Secretario,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Avda. Metrosidero - Paseo Marítimo.

A corrección do trazado da Avda. do Metrosidero leva consigo por un lado a posibilidade da creación de dúas zonas de aparcamento ben definidas, e por outro a ampliación das beirarrúas no entronque de dita Avda. coa rúa Maestranza.

Na fronte da Sociedade Hípica confórmase unha ampliación do espazo peonil pavimentado con enlousado de morteiro, de acordo coas recentes intervencións nesta zona, e a conformación dunha área de aparcamento que dá servizo tanto aos residentes como aos transeúntes ao edificio do Reitorado. O trazado proposto do encontro entre a Avda. do Metrosidero e a rúa Maestranza como cruce sinxelo en T posibilita tanto a creación dun novo espazo de aparcamento en batería como dun gran espazo peonil no que se propón a colocación da parada do bus; conformando todo isto cun enlousado de morteiro que se estende ata o acceso principal do edificio do Reitorado.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...25. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,



Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...25. ENE. 2015...
Público:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Marqués de Pontejos e Mercado de San Agustín.

A proposta de peonalización do eixe rúa Estrecha de San Andrés - Marqués de Pontejos permite o axuste da sección viaria da rúa Marqués de Pontejos ao mínimo necesario para o acceso do tráfico de residentes cara á zona definida para o seu estacionamento, recrecendo así as beirarrúas e os entronques coa rúa San Nicolás e Praza San Agustín cun pavimento de enlousado de morteiro que se estenderá por todo o contorno da rúa Pío XII.

Para os efectos do correcto funcionamento da rúa Pío XII como rotor nunha soa dirección, producíndose a meirande parte das saída e entradas, coa excepción dos residentes procedentes da rúa Marqués de Pontejos, pola rúa Juan XXIII, proponse retocar o trazado da curva fronte á rúa Plaza para facilitar o xiro de acceso.

Así mesmo, e na fronte do acceso principal ao Mercado de San Agustín, o Plan Especial plantea redefinir o trazado viario, contendo a calzada e permitindo a continuidade peonil coa extensión do pavimento de enlousado pétreo da rúa San Agustín cara á Praza de María Pita. Inclúe, ademais, a proposta da substitución do pavimento altamente esvarante da Praza do Humor por un enlousado pétreo máis acorde co seu carácter e por suposto, máis seguro.

Á fin de resolver un problema existente de accesibilidade desde o contorno da Praza de España, situada nunha plataforma alta, ata o Mercado de San Agustín e mesmo a Praza de María Pita, proponse a inclusión dun sistema mecanizado de transporte (escaleira mecánica, ...) substituíndo parte da escaleira existente no acceso dende a rúa Varela Silvari ata a rúa Juan XXIII, evitando desde xeito tanto a pendente excesiva da rúa Plaza como os problemas derivados dos posibles accesos ás edificacións na Rúa Plaza.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ..26 ENE 2015..
Certifico:
El Secretario.



PROPOSTA DE INTERVENCION

Marqués de Pontejos e Mercado de San Agustín



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Orzán (rúa Corralón-rúa Alta).

A proposta do Plan Especial da supresión da circulación rodada no sentido Praza de España-Praza de Pontevedra leva consigo a redución da intensidade na rúa do Orzán, sendo así esta obxecto do tránsito de vehículos de transporte público e posibles accesos do tráfico de residentes procedentes do xiro dende a rúa Corralón ao mesmo dende a rúa do Sol.

Así pois e nun primeiro treito, procédese á contención do tráfico rodado e á ampliación, dentro dos límites posibles, das beirarrúas existentes que actualmente teñen unhas dimensións excesivamente reducidas. Así mesmo procédese a propoñer a formalización e control da área de aparcamento entre a rúa Fita e a rúa Corralón.

Independentemente das posibles intervencións extensivas de substitución e renovación do pavimento existente por outro máis adecuado de enlousado de morteiro en todas as beirarrúas, proponse a formalización da continuidade destas nos entronques das rúas peonís Fita, Herrador e Argudín Bolívar

Nun segundo treito, e partindo da proposta de cambio de sentido de circulación na rúa Cordelería cara a rúa Alta, o Plan Especial propón a creación dun espazo estancial peonil fronte ao encontro das rúas Cordelería e Orzán abocándoo cara ás edificacións e dirixindo o tráfico, maioritariamente de residentes, por un só carril de circulación cara a estas dúas rúas.

Partindo desta nova área peonil, proponse a extensión dun enlousado pétreo continuo e enrasado que cumprimente o xa executado na rúa Pórtico de San Andrés e que ata a rúa Alta se conforme cun tratamento similar ao existente na rúa Orzán ata a Praza de Pontevedra, de carácter netamente peonil coa permisividade do tráfico rodado para residentes.

Orzán (Rúa Corralón-Rúa Alta) Treito 1



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE INTERVENCION

Orzán (Rúa Corralón-Rúa Alta) Treito 1



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Orzán (Rúa Corralón-Rúa Alta) Treito 2



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 22 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE INTERVENCION

Orzán (Rúa Corralón-Rúa Alta) Treito 2

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ..... 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Rúa Zalaeta-Museo de Belas Artes.

A redución do tráfico rodado na rúa San Andrés en dirección á Praza de Pontevedra fai pouco menos que innecesaria a existencia de dous carrís por sentido na rúa Zalaeta no treito da fronte do Museo de Belas Artes.

Así pois, proponse a redución da sección en boulevard, neste treito, a un carril por sentido e a extensión da plataforma peonil fronte ao Museo de Belas Artes, conformando un espazo netamente peonil illado do tráfico rodado e da zona definida de aparcamento en batería mediante aliñación de arboredo.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE INTERVENCION

Rúa Zalaeta - Museo de Belas Artes

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Praza de Ourense-Linares Rivas.

No ámbito da Praza de Ourense e na dirección de xiro á esquerda dende a rúa Fontán proponse a ampliación das beirarrúas no encontro da Praza de Ourense-rúa Picavia e rúa Sánchez Bregua, espazos de grande intensidade de tráfico peonil e de escasa sección útil, achegando así o paso da rúa Picavia e facilitando o tránsito en torno a un cruce xa complexo.

Por outra banda, e non estritamente no ámbito do Plan Especial, proponse a intervención na entrada ao Porto de xeito que permita o desprazamento da existente parada do transporte público a unha área máis ampla, facilitando o acceso do autobús aos carrís de circulación e ao posible xiro cara a Praza de Mina, evitando ademais o estreitamento excesivo da sección peonil neste punto e permitindo a execución deste espazo sen bordos dotando de continuidade o tránsito peonil cara á Avda. Alférez Provisional e mesmo ao Xardín da Rosaleda.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE INTERVENCION

Praza de Ourense - Linares Rivas



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Cidade Vella.

Á parte da xa mencionada proposta de reordenación da circunvalación da Cidade Vella existen dous puntos sobre os que debe facerse fincapé: a accesibilidade peonil á Cidade Vella e a accesibilidade peonil dentro dela.

En canto o primeiro deles, e coñecendo a difícil natureza topográfica do casco vello respecto da plataforma baixa de Pescadería da cidade, propóñense dúas posibles solucións ao problema.

Unha é a incorporación na rúa Marqués de Cerralbo dun medio mecánico de elevación (léase rampla automática ou escaleira mecánica), esta solución pode recoller todo o tránsito peonil procedente da plataforma baixa da Cidade directamente cara o centro da Cidade Vella (Praza de Azcárraga).

Outra é a proposta de posicionamento dun elevador, que poderá ir acompañado de escaleira, no extremo norte da rúa Capitán Troncoso. Este punto concreto poderá recoller tanto os transeúntes procedentes do ámbito da Praza de San Agustín, nun traxecto máis ou menos horizontal, como os que veñen da zona baixa da Praza de María Pita, colocándoos e direccionándoos cara a rúa General Alesón e por ende cara a rúa Puerta de Aires, punto alto da Cidade Vella.

O segundo deles, a accesibilidade dentro da Cidade Vella, e independentemente das grandes pendentes das rúas interiores, reflíctese en dous puntos conflitivos.

Na rúa Alfonso IX, baixo o Goberno Militar, proponse eliminar os bordos das beirrúas, por sección, case inexistentes, e enrasar todo o tramo repoñendo o pavimento con lousa de pedra tradicional.

No contorno da ábsida da Igrexa de Santiago e o encontro da Praza da Constitución coa Praza de Azcárraga proponse a eliminación do espazo axardinado coa extensión do pavimento tradicional de lousa de pedra, contendo o arboredo existente e incorporándoo ao espazo peonil ata a balconada cara a Praza da Constitución e a ábsida da Igrexa de Santiago.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE INTERVENCION

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,



PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Espazos públicos.

- Xardín da Dársena.

  Cara a posible concreción das propostas do novo vial soterrado Avda. Alférez Provisional-A Marina-O Parrote, o Plan Especial inclúe a proposta de peonalización do Xardín da Dársena, dende a fronte da calzada da Avda. de Montouto ata o bordo do cantil do Porto, garantindo a consecución dunha gran zona estancial, exenta de tráfico rodado, e entregando a Cidade ao mar sen barreiras nin obstáculos.

  Este gran espazo gañado para o tránsito peonil conforma unha plataforma que deberá ser obxecto dun proxecto pormenorizado de reurbanización.

- Contorno Muralla-Hospital Abente y Lago.

  Co obxecto de conseguir a posta en valor da Muralla da Cidade, e máis concretamente no contorno do Hospital Abente y Lago faise a seguinte proposta.

  Proponse recuperar para o uso público o contorno directo do devandito Hospital, definindo un paseo que o circunde e permita o disfrute directo da Muralla en cada un dos seus puntos clave, eliminando o antigo edificio de locais do Museo Militar e definindo neste espazo unha zona de estancia e ao mesmo tempo un punto de recepción do elevador que se propón como solución ao problema de accesibilidade dende o aparcadoiro baixo os Xardíns da Maestranza e o Hospital Abente y Lago. Esta proposta deberá garantir, así mesmo, a privacidade do funcionamento interno do Hospital.

Xardín da Dársena



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 23 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE INTERVENCION

Xardín da Dársena



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Contorno Muralla - Hospital Abente y Lago



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE INTERVENCION

Contorno Muralla - Hospital Abente y Lago



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE PAVIMENTACION DO ESPAZO PUBLICO

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.2.4. Propostas de ordenación da infraestrutura de aparcamento

Como pode concluírse do indicado no documento de Diagnóstico a oferta actual de prazas de aparcamento no ámbito do PEPRI (11.786 prazas segundo se desprende da información e do traballo de campo realizado) é moi superior á teórica demanda de aparcamento de residentes que pode concluírse da explotación dos datos do Padrón municipal de vehículos (7.260 vehículos, 6.519 se nos referimos exclusivamente aos vehículos turismo).

Por outra parte o ámbito do PEPRI presenta un bo número de rúas nas que está restrinxida a circulación de vehículos, sometida a regulación horaria para o acceso aos inmobles ou para os labores de carga e descarga de mercadorías, rúas nas que está igualmente prohibido o aparcamento de vehículos.

Por último resta un pequeno número de rúas sobre as que se permite e regula a posibilidade de aparcamento na rede viaria e sobre as que se incide de maneira singular nas propostas de ordenación do PEPRI.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A. Aparcamento na rede viaria. Reordenación e regulación.

Como se concluía no documento Diagnóstico a distribución das prazas de aparcamento na rede viaria no ámbito do PEPRI, presenta dous principais problemas de ordenación que deben ser abordados.

. Distribución non homoxénea das prazas de aparcamento respecto da regulación.
. Existen situacións de ocupación abusiva do espazo público nos ámbitos desregulados.

Respecto do primeiro dos problemas, a proposta do Plan Especial vai dirixida a abordar unha reflexión respecto das políticas de regulación do aparcamento, atendendo a:

- Estender a aplicación da ordenanza de regulación do aparcamento ORA á totalidade do ámbito do Plan Especial (Atochas, Maestranza, Cidade Vella), incluso aos ámbitos exteriores colindantes.

- Ampliación do número de prazas destinadas ao aparcamento regulado para residentes co obxecto de equilibrar a súa porcentaxe respecto do estándar medio existente no conxunto da cidade (30% sobre o total das prazas reguladas).

- Revisión das políticas horarias e tarifarias co obxecto de acadar mellores condicións de rotación nas prazas de aparcamento regulado para atender ao maior número de vehículos posibles.

Respecto do segundo dos problemas, a proposta do Plan Especial trata de estender a formalización dos espazos destinados ao aparcamento á totalidade do viario do ámbito, reducindo drasticamente as posibilidades de aparcamento no viario do ámbito interior da Cidade Vella, de cara á definitiva peonalización do seu viario interior. Neste sentido, a proposta que se incorpora ao documento do Plan Especial debe concretarse coa elaboración dun Plan de Actuación específico de Peonalización da Cidade Vella, que ordene definitivamente a regulación do tráfico e do aparcamento para cada rúa.

Derivadas das diferentes actuacións de reordenación física e funcional dos espazos que están sendo acometidas na actualidade, así como das propostas polo Plan Especial, pode concluírse a futura distribución de prazas de aparcamento na rede viaria, así como unha posible regulación.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN DO APARCAMENTO NA REDE VIARIA

ZONA	ORA	Residentes	Discapacitados	Temporais e Outros	Total
Pescadería Alta					
Praza Pontevedra-Rúa Alta	84	13	8	9	114
Rúa Alta-Corralón	35	38	3	16	92
TOTAL	**119**	**51**	**11**	**25**	**206**
Pescadería Baixa					
Juana de Vega-Durán Loriga	80	15	5	10	110
Xardíns Méndez Núñez	42	13	2	0	57
San Andrés	25	0	0	0	25
TOTAL	**147**	**28**	**7**	**10**	**192**
As Atochas					
San Agustín-Panaderas	179	11	9	15	214
Atochas	97	109	3	3	212
TOTAL	**276**	**120**	**12**	**18**	**426**
Cidade Vella					
Cidade Vella-Interior	0	78	0	0	78
Cidade Vella-Exterior	247	72	2	49	370
TOTAL	**247**	**150**	**2**	**49**	**448**
TOTAL ÁMBITO	**789**	**349**	**32**	**102**	**1.272**

Como pode desprenderse da lectura da táboa, a proposta de distribución das prazas de aparcamento na rede viaria presenta un saldo global negativo coa perda dunhas 300 prazas, que serán compensadas co incremento das reservas contempladas para os novos aparcamentos soterrados.

Cómpre resaltar que a maior perda neta de prazas de aparcamento experiméntase no ámbito da Cidade Vella, con motivo da súa peonalización.

Por último, sinalar que a proposta do Plan Especial é, como se indicou, estender a ordenación de regulación (ORA) á totalidade do ámbito e incrementar notablemente as prazas destinadas ao servizo dos residentes ata acadar unha proporción similar á existente no conxunto da cidade (próxima ao 30% do total das prazas reguladas pola ordenanza).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. Aparcamento soterrado.

Aparcamento privado.

Tal e como se indicou no Diagnóstico, e segundo se desprende dos datos do ficheiro de unidades edificatorias e do traballo de campo realizado, no ámbito do Plan Especial existen aparcamentos individuais ou colectivos de uso privado destinados maioritariamente a acoller aos residentes do ámbito, así como para atender a empresas ou institucións.

No seu conxunto existen no ámbito do Plan Especial un total aproximado de 5.005 prazas de aparcamento que, en liñas xerais (depende das respectivas ordenanzas de aplicación nas edificacións), se manteñen na proposta de ordenación do Plan Especial.

DISTRIBUCIÓN DO APARCAMENTO NAS PARCELAS EDIFICABLES

ZONA	PLANTAS BAIXAS	PLANTAS SOTO	TOTAL
Pescadería Baixa	5	1.487	1.492
Pescadería Alta	87	739	826
Atochas	183	1.972	2.155
Cidade Vella	391	141	532
TOTAL ÁMBITO	**666**	**4.339**	**5.005**

Aparcamento público soterrado.

Ao interior do ámbito do Plan Especial existen cinco grandes áreas de aparcamento público soterrado que dan cabida a un total de 3.670 prazas, das que 1.412 (o 38,75% do total están destinadas ao uso reservado dos residentes).

Nas inmediacións do ámbito, localízanse, así mesmo, dúas importantes áreas de aparcamento público que, cando menos parcialmente, atenden ás demandas do ámbito.

DISTRIBUCIÓN DO APARCAMENTO SOTERRADO (PARKING).

NOME	USO PÚBLICO XERAL	USO RESERVADO A RESIDENTES	TOTAL
Praza de Pontevedra	580	512	1.092
A Marina -Cantóns	500	500	1.000
María Pita	100	186	286
Maestranza	151	214	365
Papagaio	927	0	927
TOTAL INTERIOR ÁMBITO	**2.258**	**1.412**	**3.670**
Orzán-Riazor	470	582	1.052
Palexco	470	0	470
TOTAL COLINDANTES	**940**	**582**	**1.522**
TOTAL	**3.198**	**1.994**	**5.192**

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Colindante co ámbito foi executado recentemente unha área de aparcamento soterrado vinculado á Área Náutica Deportiva San Antón, con capacidade para 300 prazas destinadas para atender, ademais das demandas da propia Área Náutica Deportiva, as posibles demandas dos centros administrativos e sanitarios próximos (Reitorado, Instituto Oceanográfico, Hospital Abente y Lago).

Por outra parte, e vinculado ao desenvolvemento do Estudo de Detalle da Área do Parrote (Área 2. Dársena de la Marina-Peirao de Transatlánticos), colindante co ámbito do Plan Especial, proxéctase a execución dun novo aparcamento público soterrado con capacidade aproximada de 600 prazas.

Por último, vinculado ao desenvolvemento do Plan Especial de Protección, Infraestruturas e Dotacións para a Mellora da Mobilidade na Zona de Os Cantóns, a Marina e O Parrote, contémplase a posible execución dun aparcamento soterrado baixo os xardíns da Dársena de A Marina, recollendo as ideas contempladas no proxecto "Reflejo del Pasado" gañador do Concurso de Ideas para a remodelación deste espazo.

Pendente da elaboración dos estudos técnicos de maior pormenor que concreten a capacidade do futuro aparcamento tómase como referencia a de 350 prazas, cifra barallada na elaboración do proxecto "Reflejo del Pasado".

Polo tanto a capacidade mínima futura que o Plan Especial prevé para os aparcamentos soterrados ascenderá ata as 6.442 prazas, coa seguinte distribución:

PROPOSTA DISTRIBUCIÓN DE APARCAMENTO SOTERRADO (PÁRKING).

NOME	USO PÚBLICO XERAL	USO RESERVADO RESIDENTES	TOTAL
EXISTENTE INTERIOR ÁMBITO	2.258	1.412	3.670
PROPOSTO INTERIOR ÁMBITO	200	150	350
TOTAL ÁMBITO	**2.458**	**1.562**	**4.020**
EXISTENTE COLINDANTES	1.240	582	1.822
PROPOSTO COLINDANTES	360	240	600
TOTAL COLINDANTES	**1.600**	**822**	**2.422**
TOTAL	**4.058**	**2.384**	**6.442**

Que supón un incremento neto dunhas 1.250 novas prazas de aparcamento sobre a situación de partida (cun crecemento do 24%). Delas unhas 2.384 prazas estarían destinadas ao uso reservado aos residentes (manténdose a proporción actual dun 35%-38% de prazas reservadas sobre o total de prazas).

Á vista dos datos indicados pode concluírse que o aparcamento destinado aos residentes, ascenderá aproximadamente ata 7.390 prazas, localizadas ben ao interior

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

das parcelas edificables ou ben nas prazas de uso reservado situadas nos aparcamentos soterrados, cifra á que deben engadirse as prazas que finalmente se reserven para uso dos residentes na rede viaria (unhas 350 prazas). Polo tanto a ordenación do Plan Especial destina dentro do ámbito e nos espazos colindantes ata unhas 7.740 prazas de aparcamento, suficientes para dar cobertura á demanda actual.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

C. Resumo da dotación de aparcamento.

Como conclusión do indicado anteriormente pode concluírse que no conxunto do ámbito do Plan Especial e no seu contorno inmediato proxéctase unha dotación de aparcamento, que ascende a un total de 12.719 prazas, o que representa un incremento neto de 933 prazas sobre a situación de partida.

Como se indicou, do total de prazas indicadas unhas 7.738 (o 60% do total) estarán destinadas a atender a demanda dos residentes do ámbito dando cobertura suficiente á demanda actual cifrada nunhas 7.260 prazas.

DISTRIBUCIÓN DO APARCAMENTO NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL

	LIBRE	REGULADO	RESIDENTES	OUTROS	TOTAL
NA REDE VIARIA	-	789	349	134	**1.272**
NAS EDIFICACIÓNS	-	-	5.005	-	**5.005**
PÁRKING PÚBLICO	-	4.058	2.384	-	**6.442**
DOTACIÓN DE APARCAMENTO	0	4.847	7.738	134	**12.719**

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.2.5. Transporte colectivo

A. Transporte público urbano.

Como se apuntou no documento Diagnóstico a análise e as propostas de carácter estrutural sobre o Sistema de Transporte Público Urbano non poden ser realizadas desde o ámbito do Plan Especial, senón desde o ámbito global da cidade, e mesmo abranguendo, no caso da cidade de A Coruña, un ámbito de análise maior que acolla o conxunto da Área Urbana.

En todo caso convén resaltar algunhas das características do funcionamento do sistema de transporte que deben ser analizados de cara a mellorar a súa explotación:

. Excesiva lonxitude das liñas con percorridos promedios próximos aos 15 Km.
. Constricións puntuais da rede viaria pola que discorren os vehículos.
. Convivencia do transporte público e do transporte privado nunha única infraestrutura viaria.
. Insuficiencia dos movementos de transbordo.

Todo ilo provoca reducidas velocidades comerciais (por debaixo dos 15 Km/h) e, polo tanto, inseguridade na eficiencia do sistema polo incumprimento de frecuencias.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. A xestión do sistema de transporte público.

Recentemente foi suprimido o único carril bus existente na cidade, que atravesaba o ámbito do Plan Especial polas rúas San Andrés, Panaderas e San Xoán, optándose por unha regulación de "Vía Prioritaria Vigilada" que combina diversos sistemas de vixilancia e xestión para acadar a prioridade do autobús.

Máis aló da idoneidade e eficiencia do sistema elixido, que pode verse prexudicado pola convivencia dos vehículos de transporte público co aparcamento e coa circulación do tráfico xeral, o que fai perigar a eficacia do sistema de "semáforos intelixentes", debe entenderse a endebleza do sistema anterior, consistente na existencia dun único percorrido de carril bus que, por moi bo resultado que puidera presentar, tería unha mínima incidencia na mellora da globalidade do sistema.

Desta forma debe entenderse que tanto un sistema de **ordenación do espazo físico** (carril bus), como un sistema de **xestión do servizo** (vía prioritaria), non deben entenderse como incompatibles, ao tempo que deben implantarse en todos os espazos posibles da cidade, co obxectivo común de mellora da eficiencia do sistema de transporte público.

Neste sentido cómpre facer fincapé na necesidade de abordar a reordenación conxunta do sistema de transporte público onde a remodelación do espazo físico ou a xestión do servizo soamente son parte do problema. Ao respecto cómpre apuntar algunha das prioridades de cara á súa remodelación:

- Necesidade de incrementar o peso do transbordo no conxunto das viaxes.

- Implantación de verdadeiros intercambiadores de transporte (no ámbito do Plan Especial poden sinalarse como posibles intercambiadores a Praza de Pontevedra, A Praza de Ourense e Porta Real).

- Redución da lonxitude das liñas entre puntos de intercambio favorecendo o transbordo.

- Creación de percorridos viarios de concentración de liñas do transporte público (seguindo a idea das "supermanzanas" proposta polo Plan Xeral).

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Reordenación física (de ser o caso) dos percorridos viarios, coa implantación de carril bus e outras actuacións (semáforos segregados, etc.) que dean prioridade ao autobús.

- Implantación dun Sistema de Axuda á Explotación (SAE) do servizo, estendendo o sistema de información ao usuario á totalidade das paradas e implantando o sistema de xestión en todos os vehículos.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

C. Propostas de reordenación do transporte público no ámbito do Plan Especial.

A ordenación do Plan Especial non contempla modificacións no trazado e percorrido das liñas ao interior do ámbito.

Cómpre sen embargo facer mención das propostas de reordenación do tráfico e reordenación funcional da rede viaria que poden ter incidencia na rendibilidade e funcionamento do sistema de transporte público.

Implantación da dirección única na rúa San Andrés-Panaderas.

A implantación da dirección única de circulación Praza de Pontevedra-Praza de España, para o tráfico xeral nas rúas San Andrés e Panaderas, permitirán a formalización dun carril de circulación para o Bus e Taxis na rúa San Andrés (na dirección contraria e no treito Igrexa de San Andrés-Praza de Pontevedra).

Na rúa Panaderas, no treito Praza de España-Museo, a ordenación proposta polo Plan Especial aposta pola implantación do "semáforo intelixente" proposta para a xestión do sistema. Hai que ter en conta que pola rúa Panaderas circulan na actualidade 216 expedicións diarias, o que supón unha media teórica de 12,8 autobuses/hora (1 autobús cada 4,7 minutos), frecuencia que será facilmente asumible polo sistema de xestión.

Desta forma, a proposta de ordenación física do Plan Especial baséase como se indicou na formalización dun único carril neste treito da rúa Panaderas, que será compartido alternativamente polas dúas direccións de circulación.

Implantación da dirección única na Rúa Maestranza

A implantación da dirección única na rúa Maestranza na conformación do anel de circunvalación da Cidade Vella debe permitir en todo caso o mantemento da circulación de autobuses no treito Xardín de San Carlos-Reitorado.

A proposta do Plan Especial opta pola conformación dunha plataforma unitaria no encontro Xardín de San Carlos-Hospital Abente y Lago-Museo Militar-Cidade Vella, o que permitirá o mantemento dunha dimensión funcional que permita a conservación do espazo destinado a circulación actualmente. Dito criterio mantense igualmente na fronte do edificio do Reitorado.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Polo tanto o Plan Especial opta por non modificar a sección neta de paso dos dous carrís, aínda que ben puidera axustarse puntualmente (esquina do Museo Militar, fronte do Reitorado), recorrendo, de ser necesario, á implantación dos "semáforos Intelixentes". Neste sentido debe terse presente que o número de autobuses das liñas 3, 5, 7 e 17 nesta dirección Xardín de San Carlos-Reitorado, ascende actualmente a 165 expedicións diarias, é dicir, uns 9,7 autobuses/hora (un autobús cada 6,2 minutos), frecuencia que podería ser administrada con facilidade polo sistema de xestión.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

D. O equipamento do sistema de transporte público.

O ámbito do Plan Especial debe distinguirse especialmente pola renovación e deseño dos elementos de equipamento urbano correspondentes ao transporte público.

A proposta xenérica do Plan Especial respecto dos elementos de equipamento do transporte público atende ás seguintes directrices:

- Disposición de elementos de información ao usuario suficientes e acordes ao sistema de xestión para a axuda á explotación do servizo (SAE) que contemple información sobre frecuencias, horarios en tempo real, intercambios, transbordos, etc., en todas as paradas.

- Implantación de marquesiñas de resgardo nas paradas de autobús sempre que ilo sexa posible, asociados a pequenos espazos de estancia.

- Adoptar deseños estandarizados para as paradas sempre que ilo sexa posible, adaptados en todo caso ás situacións particulares de cada espazo no que se localicen, tanto no que se refire a materiais e cor, como no referido a dimensión, localización, etc.; de forma que as marquesiñas non supoñan interferencias formais, visuais nin funcionais no espazo público.

Asociadas ás actuacións de remodelación funcional do viario e do espazo público incorpóranse ao Plan Especial diferentes actuacións de remodelación das paradas de autobús contemplando, a modo de criterio de ordenación, posibles axustes de localización que deben ser concretados nos proxectos de remodelación dos espazos públicos.

Praza de Ourense. Aínda que se localiza parcialmente fóra do ámbito o Plan Especial propón a formalización dun amplo espazo mixto (rodado-peonil) no acceso ao Porto, que permita a parada do autobús, incrementando notablemente a beirarrúa e localizando unha nova marquesiña que sexa compatible co acceso esporádico ao Porto neste punto.

Cantón Pequeno-Praza de Mina. O incremento da beirarrúa do Cantón Pequeno que se prevé na ordenación do Plan Especial permitirá a implantación dunha marquesiña nesta parada.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Avda. da Marina-Obelisco. O incremento da beirarrúa neste treito da Avda. da Marina permitirá a implantación dunha nova marquesiña de maior dimensión sen entorpecer a circulación peonil. Por outra parte ábrese a posibilidade de adosar a nova marquesiña, cando menos parcialmente, a falsa fachada do edificio do Casino.

Costa do Parrote e Porta Real. A remodelación destas paradas, debe estar incorporada ao programa que se defina para a remodelación do Xardín da Dársena apoiada en dous criterios e posibilidades de intervención:

- A aposta por manter en superficie unicamente o tráfico de carácter local (carga e descarga e residentes) e o de transporte público.

- A conversión do espazo de parada nun intercambiador de transporte (neste punto conflúen 10 liñas de transporte público e unha parada de taxis, ademais do aparcamento subterráneo previsto).

Capitanía. As propostas de reordenación física previstas polo Plan Especial permitirán a implantación dunha marquesiña nesta parada.

Abente y Lago. Asociado á remodelación deste espazo, tanto viario como peonil, proxéctase a relocalización e ampliación da marquesiña existente.

Museo Militar. Igualmente, asociado á remodelación deste espazo e á conformación dunha plataforma continua de urbanización proxéctase a relocalización da marquesiña actual, máis próxima ao centro hospitalario e nunha rasante horizontal.

Xardín de San Carlos. Asociado á remodelación deste espazo e á conformación dunha plataforma continua de urbanización proxéctase a relocalización desta parada e a implantación dunha marquesiña, hoxe inexistente, próxima ás edificacións da Cidade Vella no encontro coa rúa San Francisco.

Maestranza. Asociado á remodelación da rúa da Maestranza proxéctase a relocalización das dúas paradas enfrontadas coa implantación de marquesiñas, máis próximas ao edificio do reitorado e da Cidade Vella.

Panaderas-Museo. Asociado á remodelación da rúa Panaderas proxéctase a relocalización da marquesiña existente adosada a medianeira do edificio lateral, o que permitirá a ampliación do espazo estancial asociado ao acceso á igrexa. Igualmente, a

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

actuación de remodelación debe permitir a implantación dunha marquesiña no sentido de subida.

Rúa San Andrés. O proxecto de remodelación da rúa San Andrés, parcialmente en execución, debe incorporar a renovación do mobiliario e do equipamento de servizo ao transporte público, actuación non prevista na actualidade. Ábrese a posta, asociado á execución dunha ampla actuación que terá especial incidencia no transporte público coa reimplantación dun carril bus-taxi, a executar unha actuación de maior envergadura que aborde igualmente a renovación do equipamento e amoblamento urbano.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.3. CRITERIOS REGULADORES DE USOS E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN

6.3.1. Esquema normativo do Plan Especial

O esquema normativo do documento formúlase sobre o dobre alcance do mesmo ao constituír á vez un Plan Especial de Protección e de Mellora do Medio Urbano.

O seu marco xurídico é o definido pola Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas determinacións son as propias dos plans especiais a que se refire a Subsección 4ª do Título II da LOUG.

Con estas premisas, establécese o seguinte esquema normativo do Plan Especial.

- Un **primeiro Título** referente a disposicións xerais que abranguen aspectos de delimitación, marco legal, vixencia e revisión e a súa relación coa Lexislación de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995, de 30 de outubro).

- Un **segundo Título** centrado nos aspectos de desenvolvemento e execución do Plan Especial, regulando a tramitación, características e contidos dos Estudos de Detalle, dos proxectos de urbanización e de obras ordinarias de urbanización, así como dos proxectos de construción ou edificación, tanto para as obras maiores como para as menores.

  Así mesmo instrumenta as técnicas de xestión complementarias para garantir o cumprimento das obrigas dos propietarios das edificacións, así como para proceder á efectiva execución das determinacións e propostas do Plan Especial (programación urbanística, actuacións de fomento, accións de apoio á rehabilitación, etc.).

- Un **terceiro Título** que abrangue os aspectos xerais referidos a condicións xerais de protección do patrimonio histórico e ambiental, deberes de conservación dos inmobles, incorporando as determinacións da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles aprobada polo Pleno Municipal en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011; patrimonio arqueolóxico ao abeiro do art. 46.4 da Lei 8/1995, e conservación do medio ambiente urbano.

- Un **cuarto Título** referente a tipos de actuacións e condicións de execución que desenvolve as actuacións xerais nos edificios existentes, abranguendo a conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación, adición, demolición e nova edificación, así como as actuacións parciais de adecuación e

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

acondicionamento, e isto atendendo á cualificación tanto das edificacións coma dos espazos non edificados, en función dos distintos graos de protección e acomodación á ordenación proposta.

. Un **quinto Título** con referencia expresa ás normas e recomendacións de actuacións na edificación. Estas normas desenvolven e especifican a normativa urbanística de protección. Para a definición deste sistema de protección considéranse fundamentalmente os seguintes aspectos de cada edificio:

- Valor arquitectónico-formal.
- Interese tipolóxico.
- Sistemas e materiais construtivos.
- Significado histórico.
- Incidencia no ambiente urbano.

Determínase a normativa global aplicable a cada edificio, e, de ser o caso, a normativa específica para elementos arquitectónicos ou decorativos especiais, en correlación coas normas e recomendacións de actuación.

. Un **sexto Título** que desenvolve as Normas Xerais da Edificación, con especial incidencia nos aspectos que ten que ver coas condicións de volume e mantemento do perfil característico do ámbito, coas condicións de estética e integración urbana, así como os que se refiren ás condicións hixiénico-sanitarias, de habitabilidade e accesibilidade.

Así mesmo desenvolve as Normas Técnicas de Edificación con referencia ás condicións técnicas esixibles ás obras e á edificación en orde á seguridade no seu máis amplo sentido, á salubridade e á hixiene, ás condicións técnicas para a utilización e compatibilización de materiais e solucións da rehabilitación.

Por último, regularanse os Usos e as súas condicións, especificando e detallando a Normativa establecida polo Plan Xeral e a súa acomodación ao ámbito. Regula pormenorizadamente os usos da edificación autorizados, preferentes, compatibles, incompatibles e non autorizados, particularizándoos en cada planta da edificación, e indicando as intensidades de uso máximas permitidas.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

- Un **Título sétimo**, das licenzas municipais, regulando os actos de edificación e de uso do solo, e a documentación necesaria para obras en edificios ou conxuntos declarados.

- Un **Título oitavo**, regulador das Normas Particulares de Zona na que se despeza o ámbito de planeamento, pormenorizando para cada unha delas as Normas Xerais de Edificación e as de Estética Urbana en función das características diferenciais.

  Igualmente regula os sistemas de equipamento e espazos libres, así como o sistema viario e o aparcamento.

- Un **Título noveno**, regulador das condicións de urbanización, adecuándoas ás especiais e diferentes condicións do ámbito, en canto utilización de materiais, modos de construír e integración das infraestruturas en atención ao medio ambiente urbano.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.3.2. As normas xerais da edificación

As normas xerais da edificación, céntranse en tres aspectos:

A.- Integración tipolóxica e compositiva.
B.- Condicións de habitabilidade.
C.- Regulación de usos.

A. Enténdese por tipoloxía edificatoria a estrutura inherente á edificación actual obxecto dalgún tipo de protección polo presente Plan Especial, incluídos os seus elementos arquitectónico-construtivos esenciais: muros de carga, elementos estruturais horizontais, núcleo de escaleiras e de comunicación vertical, fachada, organización distributiva interior, envolvente exterior, ritmo, composición e relación co espazo público. Xunto a isto, e como soporte do tipo, inclúese a configuración da división parcelaria característica.

Pois ben, con estas premisas, o Plan Especial determina a necesidade de conservar, restituír ou interpretar as invariantes tipolóxicas, en todos e cada un dos aspectos anteriormente citados, para o conxunto do ámbito e nos graos establecidos nos de cualificación das edificacións producidas; mantendo polo tanto, con carácter xeral, o despece parcelario, as aliñacións existentes e a acomodación á actual rasante.

B. O cumprimento das condicións de habitabilidade no referente a programa mínimo, iluminación e ventilación ten especial incidencia nos ámbitos de protección establecidos polo Plan Especial. Neste sentido, sobre a base do establecido no Capítulo IV do Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, establécese a excepción do cumprimento da súa normativa de habitabilidade cando o impida a configuración física da parcela ou da edificación que teña que ser conservada en virtude dos condicionantes establecidos polo Plan Especial, ou que da súa aplicación se derive unha alteración das condicións arquitectónicas e estruturais que se pretenden protexer.

O Plan Especial elabora un Anexo de Habitabilidade para os efectos de determinar o limiar mínimo de habitabilidade (L.M.H.), para que, en calquera actuación sobre a edificación se procure a mellora das condicións de habitabilidade, aproximándose no posible aos estándares normativos, sen poñer en perigo o cumprimento da integración tipolóxica enunciada con anterioridade.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

C. O Plan Especial establece como prioritario no seu ámbito o uso residencial, autorizándoo con carácter xeral en plantas altas de edificación.

A introdución doutros usos vén dada ben pola complementariedade co uso residencial ou ben pola tolerancia taxada, que en calquera caso nunca poderá supoñer alteración no necesario cumprimento das condicións de integración tipolóxica, nin depreciación do uso residencial, coa excepción que devén da implantación de determinados usos que, polas súas características:

- Son asimilables ao feito residencial (hoteleiro, residencial comunitario, etc.
- Reforzan o carácter representativo da cidade histórica e o seu nivel de dotacións.
- Permitan un equilibrio de usos co resto da cidade (oficinas, servizos empresariais, etc.)
- Pezas que posúen unha singularidade na estrutura de usos de toda a cidade.

No ámbito do Conxunto Histórico, con carácter xeral, debe prevalecer a recuperación da área residencial e das actividades económicas axeitadas conforme establece a L.P.C.G.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.3.3. As condicións xerais de estética urbana

As condicións de estética urbana son as que se impoñen á edificación e aos demais actos de incidencia urbana en desenvolvemento das competencias que, en materia de defensa da imaxe, do ambiente urbano e do fomento da súa valoración e mellora, corresponden ao Concello.

As condicións de estética urbana centran o seu campo de actuación sobre a envolvente do conxunto edificado, interpretando, desenvolvendo ou reiterando as invariantes compositivas e estéticas do ámbito, tanto no seu nivel xeral coma no que se refire á súa aplicación específica en ámbitos e para usos concretos, baixo o criterio xeral de acadar a maior sinxeleza nas solucións e de escapar da mímese como recurso.

Neste senso, os aspectos compositivos e de materialidade aparente representan os eixes sobre os que se desenvolven estas condicións, baixo o criterio xeral da integración no seu contorno.

Dende o punto de vista compositivo o Plan Especial establece o ritmo e despece da fenestración sobre a base da coherencia entre fronte de parcela, proporción cheo-baleiro e eixes reguladores, con predominancia do oco característico de compoñente vertical e proporcións contrastadas na análise do tipo, tanto en actuacións de nova planta coma nas de ampliación.

A vinculación do acabado da planta baixa, como elemento de contacto máis directo coa percepción social do ambiente urbano, pecha o discurso compositivo da fachada.

En canto aos aspectos de materialidade, os acabados enfuscados e as cubertas de tella ou zinc garanten a integración do casarío. A estes aspectos súmanse as carpinterías de madeira con despeces e escuadrías tradicionais, reservándose os acabados pétreos e mixtos para solucións singulares.

Tanto os aspectos de materialidade coma os compositivos presentan unha excepción nos edificios, dotacionais e representativos, onde -en función do seu programa, posición e significación no ambiente urbano- se propicia a introdución da expresión arquitectónica contemporánea como legado da nova cultura respectuosa, por outra parte xa presente no ámbito, valoradora e integrada no seu contorno histórico.

Ademais destas determinacións, que teñen un principio común nas regulacións protectoras, un dos elementos que aporta o presente Plan Especial é o tratamento de



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

cor, para o que establece os criterios xerais para un desenvolvemento cromático no tratamento da arquitectura, en función dos diferentes elementos. Se as diferentes Ordenanzas e normativas anteriores permitiron evitar a destrución do patrimonio edificado, o seu carácter conservador nun desesperado intento por conxelar o tempo, propiciou actuacións fachadistas ou imitativas de inadecuado resultado; no campo da cor prodúcese o mesmo fenómeno, evitáronse tanto as dispersións cromáticas, que a imaxe que ofrece hoxe o ámbito pode valorarse como dun monótono dominio do branco distante da vivacidade cromática das referencias históricas da cidade das que se ten coñecemento.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

6.4. A ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA

6.4.1. Tipificación das actuacións reguladas

As diferentes actuacións definidas no presente documento son o resultado dunha triple análise á hora de abordar a ordenación volumétrica:

- Lectura do conxunto da rúa mediante o plano de alzados das edificacións a escala 1/500: análise e definición de ritmos de cornixas, definición de alturas tipo e relación coa anchura do espazo público.

- Lectura das edificacións colindantes mediante o plano de alzados a escala 1/250: relación entre a altura de cornixa e a dos colindantes, valoración do impacto ambiental de aproveitamentos baixo cuberta, plantas ático e medianeiras.

- Lectura individualizada de cada edificio a partir do Ficheiro de Unidades Edificatorias da Información Urbanística do Plan: análise extensiva das respectivas superficies construídas por usos, estado xeral da edificación e descrición de patoloxías detectadas, análise e valoración dos esquemas tipolóxico-distributivos con identificación da posición da caixa de escaleira, muros portantes e elementos tipolóxicos clave, relación de elementos de valor ou singulares tanto exteriores coma interiores.

Como consecuencia das análises anteriores chegouse a efectuar unha tipificación das diferentes actuacións posibles atendendo ao tipo de obras proposto en cada caso, mediante a seguinte clasificación:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A. Actuacións de reelaboración de volume descontextualizado.

Trátase de actuacións dirixidas a suprimir ou reelaborar volumes excesivos que afectan á coherencia da imaxe arquitectónica en ámbitos unitarios do conxunto.

Afectan basicamente á envolvente de cuberta e son o resultado da lectura do contorno inmediato (coa que se detectan os volumes excesivos ou descontextualizados e valórase o seu impacto ambiental), cruzada coa lectura individualizada da unidade que permite remitir á actuación máis idónea en virtude das súas características. Así, a permanencia ou non de áticos vén determinada polas características volumétricas do contorno.

Analizáronse sistematicamente as diferentes solucións de cuberta da edificación, o que permitiu definir unha ordenanza xenérica para todo o ámbito do Plan, que regula as características da cuberta en actuacións de rehabilitación e de nova planta (determinando número de augas, posición de cumieira, pendentes das augas, materiais, elementos permitidos, etc.).

A todos os efectos, os áticos existentes considéranse como unha planta máis da edificación. A súa permanencia, nos casos en que o Plan así o estimou, xustifícase pola consolidación no treito de rúa dun determinado número de plantas ou por tratarse -en determinadas ocasións- de solucións compositivas contempladas xa no proxecto unitario do edificio. Defínese unha ordenanza xenérica para todo o ámbito do Plan que regula as solucións de ático e que é de aplicación, con carácter excepcional, naqueles edificios nos que expresamente se autoriza a pervivenza desta planta. Esta ordenanza regula a pendente de faldróns, altura máxima de cumieira e posición da mesma, separación do paramento vertical coa fachada, así como as características formais, compositivas e construtivas.

Cando a desconformidade se refira ao volume principal do edificio (fondos e alturas) a súa regulación remítese ás condicións dos edificios en situación parcial de fóra de ordenación.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

ELEMENTOS DESCONTEXTUALIZADOS

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. Actuacións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores.

Con este tipo identifícanse actuacións de adecuación arquitectónica que afectan a elementos parciais de fachada e a outros elementos exteriores de modo individualizado e sen supoñer a reestruturación volumétrica. Son o resultado da lectura individual que detecta os elementos distorsionadores en relación ao contorno inmediato que se considera guía de solucións tipo de referencia.

Regúlanse nesta categoría actuacións encamiñadas á adecuación formal, compositiva e construtiva dos diferentes elementos de cerramento da edificación que definen o seu volume.

As Normas de aplicación poden ser:

. Tratamento de fachada.

Tratamento formal na composición de vans, adecuación da solución construtiva do cerramento, revestimento de cachoterías vistas, etc., ou de supresión de elementos descontextualizados.

. Tratamento de baixos.

Reelaboración de vans atendendo aos eixes compositivos da fachada, parámetros máximos de distancia entre eixes, anchos máximos, materiais empregados, solucións de escaparates, voos, etc.

. Tratamento de medianeiras.

Tratamento volumétrico e construtivo das mesmas, tratamentos de acabado, revocos, tratamentos cromáticos.



















TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN			
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: TRATAMENTO DE FACHADA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.





● TB







● TB







● TB



	TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN		
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: TRATAMENTO DE BAIXO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.





● TB







● TB



TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN			
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: TRATAMENTO DE BAIXO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

C. Actuacións encamiñadas a completar o proceso evolutivo do edificio.

Trátase de actuacións que regulan procesos parciais de incremento do volume.

C.1. Actuacións de adición dunha planta.

Comprende esta categoría as adicións de planta, que son o resultado da lectura conxunta do total da rúa e do contorno inmediato, detectando aqueles edificios que non completaron o seu proceso evolutivo, así como da lectura individual dos mesmos corrixindo problemas de habitabilidade.

Para poder tipificar estas actuacións analizouse o conxunto edificado no ámbito do Plan, co fin de atopar, naqueles edificios onde o Plan considera que o seu grao de evolución está pechado, as pautas volumétricas, compositivas e construtivas que rexen a súa evolución.

Isto permitiu establecer as seguintes pautas xerais para as actuacións de adición de planta:

. Pautas volumétricas.

Para non alterar a proporción entre plantas, a altura da planta engadida deberá ser igual á da planta inmediata inferior. Desta maneira, mantendo a proporción de vans, mantense tamén a relación entre macizos e vans de fachada.

. Pautas compositivas.

Sempre se manteñen os eixes compositivos de fachada, establecéndose a diferenciación entre a adición en galería ou a adición en liña de fachada.

. Carpintería.

A escuadría da adición é a mesma que a do resto do edificio.

Se se producen solucións con vidros múltiples, estes son co despece empregado nas ventás existentes.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

. Recercados.

Poden repetir as solucións das plantas existentes, sempre vinculándose a súa utilización a solucións construtivas a base de cantería ou perpiaños en formación de xambas, linteis e peitorís.

C.2. Actuacións de ampliación de planta.

Son o resultado da lectura do conxunto da rúa, que permite determinar fondos tipos de ocupación, así como da lectura individualizada que detecta os problemas de habitabilidade a resolver.

Comprenden dous tipos diferentes:

. En primeiro lugar inclúense ampliacións do fondo edificado. Estas ampliacións tipificáronse por treitos segundo o tipo de obras necesarias para a súa materialización: as adicións de fondo de ata 2 m poden realizarse mediante corpos engadidos, exentos estruturalmente e sen intervención en muros nin cubertas; as adicións de fondo superiores a 2 m prodúcense prolongando muros medianeiros e con desprazamento horizontal da liña de cumieira, situándose esta a eixe da nova cuberta resultante.

. Segundo tipo de ampliacións corresponde con aqueles casos nos que, conservándose o número de plantas, convértese unha planta ático nunha planta a fachada por razóns de habitabilidade ou coherencia co contorno. Esta actuación supón unha modificación da envolvente da cuberta e da liña de cornixa, e rexen para ela todas as condicións que rexen para as actuacións de adición de planta, sendo de aplicación os criterios compositivos definidos na actuación de adición correspondente, segundo o número de plantas e o ancho da fronte de fachada.

Estas actuacións determínanse no Plano de Alzados, no que se define a liña de cornixa da planta ampliada.



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN			
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACÍÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

TIPO DE ACTUACIÓN: PLANTA ENGADIDA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.







	TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN		
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.







TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN			
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: TRATAMENTO DE ÁTICO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.





● AC







● AC







● AC



TIPO DE ACTUACIÓN		TIPO DE ACTUACIÓN			
PE	PLANTA ENGADIDA	AC	ADECUACIÓN DE CUBERTA		
PEG	PLANTA ENGADIDA CON GALERÍA	TA	TRATAMENTO DE ÁTICO	TM	TRATAMENTO DE MEDIANERÍA
NP	NOVA PLANTA	TF	TRATAMENTO DE FACHADA	TB	TRATAMENTO DE BAIXO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

TIPO DE ACTUACIÓN: ADECUACIÓN DE CUBERTA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.4.2. Definición gráfica da proposta volumétrica

O proxecto volumétrico do Plan Especial materialízase na definición da liña de cornixa e da envolvente de cuberta, reflectidas no Plano de Alzados a escala 1/500.

O Plano de Alzados de Ordenación elaborouse sobre o Plano de Alzados, no que se debuxa o total do casarío do ámbito do Plan no seu estado actual despezado en follas por rúas.

A parcelación queda reflectida sobre unha liña horizontal trazada inmediatamente debaixo da liña do perfil da rúa ou treito. A identificación de cada unidade edificatoria realízase polo seu código da parcelación, e polo seu código de cuarteirón. Os edificios catalogados diferéncianse mediante un símbolo gráfico xunto á súa identificación.

Debaixo da identificación rotúlase o número de plantas de ordenación e o tipo ou tipos de actuacións proxectadas para cada unidade edificatoria.

Identifícanse, mediante trama diferenciada, as situacións onde se propón adicións ou se prevén obras de nova planta e aquelas onde se propón a substitución de elementos engadidos descontextualizados. O tipo ou tipos de actuacións regulados para cada edificio rotúlanse debaixo da súa identificación.

A unidade de proxecto para a definición das distintas alturas de cornixa foi a rúa; por tanto, a liña proxectada e reflectida no Plano de Alzados debe lerse conxuntamente coa definida nas colindantes, de modo que se é necesario producir axustes orixinados pola escala de definición se manteña sempre a relación entre cornixas proxectadas.



	52	50	48	46	44	42	40	38	36	34	30	28	26	24
89246	•28	•27	•26	•25	•24	•23	•22	•08	•21	•12	20	•14	•19	•18

RÚA DE RIEGO DE AGUA

ALZADO INFORMACIÓN



	52	50	48	46	44	42	40	38	36	34	30	28	26	24
89246	•28	•27	•26	•25	•24	•23	•22	•08	•21	•12	20	•14	•19	•18
	B+3	B+5 TB	B+4+A	B+4 TF	B+4 TB, TF	B+4 TB, TF	B+4 TB	B+4	B+3+A TB, AC	B+3 TB	B+3+A	B+3+A	B+3	B+3 TB, TF

RÚA DE RIEGO DE AGUA

ALZADO ORDENACIÓN

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ..... 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

ALZADOS TIPO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.



35	37	39	41	43	45	47	49	51	53	55	57	59
14	•13	•12	•11	•10	•09	•08	•07	06	•05	•04	•03	•02

ALZADO INFORMACIÓN



35	37	39	41	43	45	47	49	51	53	55	57	59
14 B+4	•13 B+4 TB, PEG	•12 B+4 TB, TF, PEG	•11 B+4 TB, TF, PEG	•10 B+4	•09 B+4	•08 B+4 TB, TF, PEG	•07 B+4	06 B+4	•05 B+4 TF	•04 B+4 TB, PEG	•03 B+4 TB, PEG	•02 B+4

ALZADO ORDENACIÓN

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ..... 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

ALZADOS TIPO

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su ..... El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015 Certifico: El Secretario,

6.5. PROTECCIÓN E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, HISTÓRICO-ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO E AMBIENTAL

A preservación do patrimonio cultural da cidade histórica de A Coruña parte necesariamente da pormenorizada catalogación do patrimonio edificado, dos espazos libres, dos elementos urbanos e naturais a protexer, mediante a identificación de aqueles elementos e caracteres significativos que constitúen a estrutura máis profunda da morfoloxía urbana dun ámbito caracterizado pola súa heteroxeneidade.

Aos elementos singulares dispensaráselles unha protección integral. Para o resto dos elementos fixarase, en cada caso, un nivel adecuado de protección estrutural ou ambiental, segundo esixe a lexislación do patrimonio.

A tarefa de catalogación e valoración arquitectónica dos elementos e caracteres que compón o conxunto, permite a formulación coherente e harmónica das propostas para as intervencións nos diferentes edificios.

Hai que establecer que a conservación do conxunto do patrimonio edificado obedece a criterios de maior intervención e deberá de instrumentarse con medidas e técnicas diferentes ás que son propias das arquitecturas monumentais, concentrando os esforzos no atento seguimento científico da riqueza arquitectónica, artística e historiográfica que esconden os edificios.

A proposta de protección do ámbito, como obxecto fundamental do Plan Especial, devén da consideración agregada das distintas determinacións do Plan no seu conxunto; pero ten, á súa vez, expresión diferenciada e detallada nos documentos temáticos que, especificamente, ordenan e regulan primordialmente estes aspectos.

Metodolóxica e tecnicamente o Plan concreta estas determinacións no Catálogo de Protección que constitúe un Documento do Plan coa súa propia lóxica e sistemática interna, e a el nos remitimos para as consideracións técnicas do detalle acadado.

Á súa vez o Catálogo ilustra parcialmente aspectos reguladores, onde a sistemática determinativa desenvólvese na Normativa de Ordenación, de forma que entre Catálogo e Normativa se establece unha conexión de remisións mutuas.

O Catálogo de Protección desenvolve as determinacións establecidas na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, así como na Lei do Solo de Galicia. Pola súa

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

complexidade e detalle o Catálogo constitúe unha peza conclusiva da documentación do Plan e cumpre unha función esencial no tratamento pormenorizado da protección e na remisión entre a identificación de elementos protexidos e a súa regulación normativa.

O Catálogo relaciona de forma sistemática e ordinal os elementos protexidos agrupados en tres grandes ordes: a edificación (que inclúe os ámbitos e elementos BIC), o espazo público (estatuaria, monolitos, cruceiros, pavimentos, fontes e amoblamento urbán) e a arqueoloxía.

Para a edificación (planos 4 e 5), o Catálogo:

a. Relaciona os ámbitos e elementos declarados Bens de Interese Cultural (planos 4)

b. Establece os tres niveis de protección tipificados para o patrimonio arquitectónico protexido (integral, estrutural e ambiental). Planos 5.

b. Documenta as compoñentes informativas fundamentais dos edificios singulares e establece as súas determinacións de uso e cualificación, instrumentos e modalidades de intervención, mediante un ficheiro diferenciado e individualizado.

c. Integra as compoñentes de identificación e análise gráfica do Ficheiro Informativo de Unidades Edificadoras e establece un Ficheiro Catálogo de Unidades Edificadoras individualizado, contendo nel a catalogación unitaria, os caracteres determinantes da súa protección, os elementos a conservar, así como as actuacións particulares autorizadas.

Para o espazo público, o Catálogo relaciona os elementos protexidos e os agrupa en Estatutaria e Monumentos, Mobiliario Urbano e Urbanización, Pavimentos e Despeces de ámbitos unitarios (Planos 5).

Para os xardíns e arboredo singular o Catálogo relaciona os elementos e agrúpaos en orde á súa vinculación ao espazo público (Planos 5).

Para a arqueoloxía, o Catalogo elabora un ficheiro de elementos arqueolóxicos atopados e conservados no ámbito do Plan Especial (Planos 7).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.5.1. A Catalogación das Unidades Edificadoras

A. A Catalogación Unitaria. Os caracteres determinantes dos edificios.

O concepto de catalogación unitaria implica a adscrición de edificios a un, dous e tres niveis ou rangos de valoración e clasificación do patrimonio arquitectónico protexido.

A adscrición realízase unitariamente, é dicir, por unidades edificadoras completas, en función da categoría e da calidade patrimonial e do estado do edificio. Soamente en ámbitos unitarios de interese monumental pódese producir unha diferente categorización dentro dun mesmo edificio, atendendo á importancia que cada parte ten na conformación unitaria (por exemplo: Praza de María Pita).

Para ordenar un conxunto tan amplo e valioso foi preciso documentar e analizar un amplo abano de datos e puntos de vista e identificar as invariantes espaciais que permiten a súa tipificación. Esta convértese nunha cuestión básica de método dos Plans de Ordenación de Conxuntos Históricos. Tipificar, en definitiva, é captar e facer expresas as variantes espaciais que caracterizan unha arquitectura maioritariamente menor, que cobra o seu valor en función da súa regularidade en relación ás partes e ao conxunto da cidade, que poden ser diferenciadas por constituír ambientes arquitectónicos unitarios. Tipificar un conxunto protexido implica tamén decidir qué invariantes arquitectónicas convén preservar no proceso -dinámico pero taxado- da vida dos edificios históricos. Qué invariantes cómpre preservar para garantir a súa salvagarda como parte do legado cultural a transmitir ás próximas xeracións.

No método de tipificación e adscrición dos edificios a unha das categorías da catalogación devén central o concepto operativo dos caracteres determinantes do edificio, porque nesta rúbrica do Ficheiro de Catalogación contense a posición do Plan Especial con respecto á cuestión da tipificación edificatoria, como tamén a identificación de cáles son os trazos invariantes a protexer en relación ás actuacións xerais autorizadas no patrimonio arquitectónico.

Os caracteres determinantes do edificio fan referencia a tres aspectos complementarios e concorrentes na súa unidade espacial:

a. o sistema estrutural.
b. a súa organización interna.
c. a súa fachada, cerramento ou envolvente exterior.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Á súa vez estes caracteres determinantes se subdividen en aspectos máis concretos.

Así, o sistema estrutural refire á maneira característica de organización espacial das estruturas portantes verticais e horizontais; a organización interna refírese aos elementos de acceso e á posición e desenvolvemento do sistema de comunicacións verticais; e a fachada ou envolvente identifica a composición integral e a fenestración.

O Plan pretende, en función do rango do edificio, a permanencia dos caracteres determinantes, en canto expresión abstracta dos elementos materiais que concretan as súas tipoloxías arquitectónicas. A preservación material dos elementos construtivos ou decorativos dependerá, en cada caso, da explícita catalogación de ditos elementos e do nivel de catalogación unitaria do edificio.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

B. A Catalogación dos elementos materiais.

O segundo campo da Ficha de Catálogo contén un conxunto de 49 casillas, correspondente a outros tantos elementos arquitectónicos ou decorativos identificados como regularidades presentes na arquitectura do ámbito.

A súa identificación e catalogación prodúcese, ben como elementos materiais en tanto que expresión de características tipolóxicas, ou como elementos de singular valor.

Á súa vez, as 49 casillas agrúpanse en 5 grandes apartados que se correspondente con:

1. Elementos de cuberta.
2. Elementos de fachada.
3. Elementos estruturais.
4. Elementos interiores.
5. Elementos de parcela.

A catalogación de elementos non debe entenderse como pechada en canto á necesaria correlación entre a súa identificación e a preservación taxativa, nin en canto á adscrición de novos elementos que deveñan dun recoñecemento máis detallado. Trátase, ante todo, dun intento de dar conta, coa máxima definición posible, da riqueza e diversidade material da arquitectura histórica do ámbito do Plan Especial, que debe ser conservada.

CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

UNIDADE PARCELARIA *ENDEREZO OFICIAL* / /

NOME

DATOS INFORMATIVOS DO BEN

DATOS XERAIS

ANTERIOR A 1960		RENOVADO		NOVO		

CATALOGACIÓN PEPRI 1998

ESTADO DA EDIFICACIÓN

TIPOLOXÍA DE PARCELA

- ☐ ENTRE MEDIANEIRAS
- ☐ REMATE DE CUARTEIRON
- ☐ CON SOPORTAL
- ☐ PARCELA DE RECENTE FORMACION
- ☐ *CUARTEIRON CON PATIO*
- ☐ *CUARTEIRON LINEAL*
- ☐ *CUARTEIRON COMPACTO*

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS

PARÁMETROS		OBRA EN EXECUCIÓN				FACHADAS	
Superficie de parcela		Nova Planta		NÚMERO DE PLANTAS S/R		Número de fachadas a espazo público	
Superficie de ocupación		Ampliación sobre existente		Planta Ático		Lonxitude de fachadas	
Superficie construída s/r		Reestruturación interior		Aproveitamento baixocuberta			
		Rehabilitación		Edificio con soto			
		Nº de novos locais					
		Nº de novas vivendas					

USOS, PROPIEDADE E TENZA

PROPIEDADE DO EDIFICIO

USO VIVENDA				USO NON RESIDENCIAL			
Nº total de vivendas		Nº de viv. desocupadas		Nº locais en planta baixa		*Edificio non residencial*	
Nº de viv. en planta baixa		Nº de viv. alugadas antes do 85		Nº locais en soto ou semisoto		Nº locais en aluguer	
Nº de viv. en planta tipo		En venda		Nº locais en plantas altas		Nº locais en aluguer antes do 85	
Nº de viv. alugadas		En aluguer				Nº locais baleiros en planta baixa	
Nº de viv. en propiedade		Vivenda unifamiliar				Nº locais baleiros en soto ou semisoto	
						Nº locais baleiros en plantas altas	
						Edificio non residencial totalmente desocupado	

DETERMINACIÓNS DE CATÁLOGO

ÁMBITO B.I.C.

- ☐ Declaración BIC Conxunto Histórico
- ☐ Área de respecto BIC Conxunto Histórico
- ☐ BIC individualizado

CUALIFICACIÓN ZONAL

- ☐ 1 Cidade Vella
- ☐ 2 Atochas - O Derribo
- ☐ 3 Pescadería Norte
- ☐ 4 Pescadería Sur
- ☐ 5 Ensanche

ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA

CATALOGACIÓN UNITARIA

- ☐ **1 Edificio Monumental**
- ☐ **2 Singular valor arquitectónico integral**
- ☐ **3 Características singulares estructural**
- ☐ **4 Significación arquitectónica ambiental**
- ☐ **5 Interese ambiental no conxunto**

☐ **UNIDADE URBANA**

CATALOGACIÓN DE ELEMENTOS

ELEMENTOS DE CUBERTA		ELEMENTOS ESTRUCTURAIS	
Bufardas	☐	Muros	☐
Beirados	☐	Columnas/Soportes	☐
Lucernarios	☐	Arcos	☐
Outros	☐	Vigas/Cimbros	☐
		Forxados	☐
ELEMENTOS DE FACHADA		Outros	☐

	A	B	Tr
Soportal	☐	☐	
Pilastras /columnas	☐	☐	
Galerías	☐	☐	☐
Miradoiros	☐	☐	
Balcóns	☐	☐	
Portas	☐	☐	☐
Ventás	☐	☐	☐
Ventás Balconeiras	☐	☐	
Bases	☐	☐	
Recercados	☐	☐	
Impostas	☐	☐	
Ferraxes	☐	☐	☐
Reixas	☐	☐	☐
Cornixas	☐	☐	☐
Decoracións	☐	☐	
Antepeitos	☐	☐	
Cubrebaixantes	☐	☐	
Chamadores	☐	☐	
Escaparates	☐	☐	
Rótulos	☐	☐	
Esculturas	☐	☐	
Relevos	☐	☐	
Cantería	☐	☐	☐
Tornachoivas	☐	☐	☐
Outros	☐	☐	☐
A			
B			
Tr			

ELEMENTOS INTERIORES	
Portal	☐
Escaleira	☐
Pasamáns	☐
Ascensor	☐
Patios	☐
Cambotas/Vertedoiros	☐
Carpinterías	☐
Vidreiras	☐
Frescos	☐
Artesoados	☐
Solados	☐
Outros	☐

ELEMENTOS DE PARCELA	
Muros	☐
Outros	☐
BAIXO COMERCIAL	☐

CARACTERES DETERMINANTES

SISTEMA ESTRUCTURAL	
VERTICAL	☐
HORIZONTAL	☐
ORGANIZACION INTERNA	
ACCESO VIA PÚBLICA	☐
POSICION COMUNICACIÓN VERTICAL	☐
FACHADA	
COMPOSICIÓN INTEGRAL	☐

ACTUACIÓNS PARTICULARES

REESTRUCTURACIÓN	☐
REELABORACIÓN DE ELEMENTOS	
AC Envolvente de cuberta	☐
TA Tratamento de ático	☐
TF Elementos de fachada	☐
TM Tratamento de medianeira	☐
TB Tratamento de baixo	☐
AMPLIACIÓN DO EDIFICIO	
PE Planta engadida	☐
PEG Planta engadida con galería	☐
A Ampliación	☐

OBSERVACIÓNS

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

UNIDADE PARCELARIA *ENDEREZO OFICIAL* / /

NOME

DOCUMENTACIÓN FOTOGRÁFICA

PLANTA

ALZADO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MEMORIA 1/10 ..... se presenta con fecha 21. ENE. 2015 para su ..... El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

6.5.2. Catálogo básico

Enunciados os obxectivos da protección arquitectónica, o Plan desenvolve unha proposta centrada na catalogación daqueles edificios que, con independencia do seu actual estado de conservación e do grao de alteración con respecto ás súas características orixinarias, presentan valores arquitectónicos, tipolóxicos, construtivos ou ambientais que xustifican a súa conservación e adecuación, desde uns criterios de salvagarda e recuperación do patrimonio arquitectónico e histórico do ámbito.

Con estas premisas establécense as medidas necesarias de conservación e condicións de actuación particularizadas, segundo os valores específicos de cada edificio, en coherencia coa evolución das características tipolóxicas e das calidades arquitectónicas da edificación comprendida no ámbito do Plan Especial.

A mesma evolución do tipo edificatorio determina que nalgúns casos a catalogación non teña un carácter totalizador do edificio senón que, cunha técnica case que arqueolóxica, deban introducirse catalogacións parciais que rescaten rexerías, balcóns, canzorros, linteis e outros elementos que mostran o substrato do Conxunto incluso aí onde as accións de renovación da arquitectura histórica, se presentan coma irreversibles, e en función da potencia destes rastros propóñense actuacións de recuperación filolóxica. Igualmente o catálogo amplíase a aqueles ámbitos do espazo público da Cidade ou elementos deles, que constitúen fitos individualizables na trama urbana.

O Plan Especial propón un catálogo básico de edificacións e elementos suxeitos á normativa de protección, cos efectos previstos na lexislación urbanística e en particular, na Sección 50 do Capítulo IX do Regulamento de Planeamento en relación co establecido polo art. 46 da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, e que se relaciona pormenorizadamente no documento de Catálogo, a través da súa referencia ao cuarteirón e á parcela onde se sitúan.

Dende o punto de vista arquitectónico este catálogo básico abrangue ao 65% do casarío.

Diferéncianse os seguintes niveis de protección:

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A. Edificios monumentais.

O Plan Especial identifica, de entre os edificios de maior valor arquitectónico, histórico-artístico ou cultural, 35 pezas ou conxuntos nos que concorren as circunstancias adicionais necesarias para a súa cualificación como monumentos, teñan ou non administrativamente a consideración de bens de interese cultural. Estas circunstancias fan referencia non só aos valores intrínsecos do edificio ou conxunto, senón tamén ao valor das pezas na escena urbana, ao seu carácter de fito e referencia; circunstancia que ten unha directa relación coa vontade de estilo con que a peza foi concibida, en coherencia coa singularidade do seu programa e a súa titularidade.

A condición monumental se contrapón con rotundidade á condición civil e fragmentada do casarío, inserto na parcelación urbanisticamente, o monumento diferenza a súa parcela e a súa implantación, sempre rotunda e unitaria.

O Plan Especial establece para a protección dos monumentos unha liña de tratamento diferenciado que, a diferenza do conxunto do casarío, non esgota a determinación das modalidades de intervención no marco dunha valoración detallada e dun catálogo pormenorizado.

A problemática dos monumentos aboca á restauración dos mesmos.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

NIVEL I

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

B. Edificios de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural.

Alcanza a un total de 109 edificios.

Este grao de protección aplícase á edificación que presenta unha excepcional calidade arquitectónica e valor histórico e artístico, e representan fitos na escena urbana, cunha presenza na planta da cidade claramente identificable nalgúns casos. A súa implantación responde a dous modelos, por unha parte construcións de planta neta e exenta que constitúen en si mesma pezas da estrutura urbana, por outra parte construcións inseridas no casarío tradicional pero que, polo seu porte e calidade arquitectónica representan fitos urbanos, os elementos máis singulares e valiosos da arquitectura do conxunto.

Son edificios de estilo, onde o xesto artístico acada as maiores cotas, sen que presenten unha uniformidade dada a diferente xénese, abranguendo a totalidade do proceso de construción do Barrio, desde os propiamente fundacionais do século XVIII ata os funcionalistas e decó, pasando polos eclécticos, modernistas e monumentalistas, entre outros.

Desde o punto de vista da xénese, a súa implantación responde basicamente ao ámbito civil, aínda que aparezan arquitecturas institucionais, públicas ou relixiosas.

Desde o punto de vista da súa regulación normativa estes edificios son obxecto, en principio, de protección integral. Se ben naqueles que teñen sufrido transformacións incongruentes coa súa conformación e calidade arquitectónica, o nivel de protección ten que posibilitar -no marco dun programa de usos específico- obras de reconstrución que faciliten a súa nova posta en valor, tanto na actuación interior como na demolición de adoses ou novas construcións descontextualizadas, con especial respecto das súas características singulares e dos elementos ou partes que o compoñen.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

NIVEL II

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

C. Edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico.

Alcanza a un total de 285 edificios.

Aplícase este grao de protección aos edificios que posúen unha elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, tanto exterior como interior que determina a súa valoración singularizable.

Igual que no nivel anterior inclúense nesta clasificación os elementos significativos de cada unha das etapas de formación do ámbito que representan cotas elevadas de elaboración estilística, que os leva a constituírse en elementos de referencia na escena urbana.

Desde o punto de vista da súa regulación normativa tenderase ao establecemento dunha protección estrutural, matizada coa importancia, estado e presenza de cada un dos elementos que compoñen este nivel.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

NIVEL III

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

D. Edificios de características tipolóxico-compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental.

Alcanza a un total de 573 edificios.

Aplícase este grao de protección a aqueles edificios que, sen presentar unhas características singulares por si mesmos, responden á coherencia arquitectónica e urbana do ámbito protexido e o dotan de unidade urbana e arquitectónica, mediante sucesivas depuracións do tipo.

Desde o punto de vista arquitectónico a edificación que se incorpora a este nivel está caracterizada por patróns de composición recorrentes, diferenciais segundo sexa a fase evolutiva do tipo de que se trate, englobando tanto estruturas fundacionais, sucesivamente reelaboradas durante o século XIX coa aparición da galería e dos miradoiros, como as eclécticas e decó-racionalistas.

Dende o punto de vista da súa regulación normativa non se trata tanto da súa protección integral coma da súa rehabilitación con respecto ás súas características arquitectónicas por canto constitúen a substancia edificada do conxunto declarado, debendo conservarse en calquera caso os seus elementos e características fundamentais.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

NIVEL IV

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.



E. Edificios de interese ambiental no conxunto.

Alcanza a un total de 92 edificios.

Aplícase este nivel de protección ao conxunto de arquitecturas que, estando catalogadas polo Plan Especial que se revisa, experimentaron procesos de alteración da súa conformación orixinaria en aplicación da súa normativa, mantendo en calquera caso a coherencia ambiental do conxunto. Como tales debe ser obxecto de conservación alomenos no que á súa configuración exterior se refire.



















Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

NIVEL V

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.5.3. Alcance normativo dos distintos niveis de protección

O alcance normativo dos distintos niveis de protección fai mención ao repertorio de actuacións que poden incidir sobre un edificio. O Plan Especial establece as seguintes categorías de intervencións na edificación:

a) Actuacións de conservación, mantemento e reparación.

Son aquelas actuacións encamiñadas ao mantemento das condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade da edificación, que non supoñan a alteración da súa estrutura, distribución ou características formais.

Obras de reparación son as dirixidas á recuperación das condicións anteriores.

b) Actuacións de restauración.

Son aquelas actuacións que teñen por finalidade xeral conservar ou restituír as características arquitectónicas e tipolóxicas orixinarias da edificación.

As actuacións de restauración comportan a necesidade do mantemento maioritario do edificio na súa conformación orixinaria, se ben cando partes desta teñan desaparecido ou sexa precisa unha adecuación ao programa de usos definidos polo Plan Especial, admitiranse, no marco dun plan ou proxecto de restauración global do elemento, as seguintes obras:

- Obras de restitución ou volta ás condicións orixinarias de elementos arquitectónicos alterados, sempre que se conte con suficiente información sobre as mesmas e se executen de conformidade cos seus materiais e acabados.

- Obras de reconstrución que poidan propoñer a recuperación filolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio con criterios de integración e coherencia formal pero con deseño diferenciado.

- Obras de actualización e adecuación das condicións de habitabilidade e uso que poden incluír actuacións de consolidación con criterios de integración e coherencia formal, recomendándose evitar actuacións de carácter analóxico.

Este conxunto de actuacións haberá de complementarse coas obras de eliminación de elementos que carezan de interese para a historia do edificio e se amosen

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

incoherentes coas características tipolóxicas e arquitectónicas orixinarias da edificación.

c) Actuacións de rehabilitación.

Son aquelas actuacións encamiñadas a mellorar as condicións funcionais e de habitabilidade dun edificio, adecuándoo ao uso específico asignado polo Plan Especial, mediante a conservación maioritaria ou integral da disposición estrutural orixinaria, tanto interior coma exterior.

As obras de rehabilitación, incidentes nos espazos interiores do edificio, poderán supoñer unha redistribución espacial sempre que se conserven os elementos determinantes da súa configuración tipolóxica, como núcleos de escaleira, muros de carga, patios e división en plantas.

Simultaneamente ás actuacións de rehabilitación será obrigatorio acometer obras de conservación, valoración ou, de ser o caso, recuperación das características arquitectónicas e formais da fachada e elementos exteriores, así como dos interiores de interese (portais, escaleiras, lareiras e chemineas, etc.) coa conseguinte supresión de elementos desconformes.

d) Actuacións de reestruturación.

Son aquelas actuacións encamiñadas á renovación dun edificio, incluso dos elementos estruturais, que impliquen variacións do tipo de estrutura, podendo incluír a demolición dos elementos estruturais ou en grao máximo o baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior e o patio e a liña e o tipo de cuberta, e todo iso nas condicións establecidas no Plan Especial.

Segundo o alcance das modificacións resultantes das actuacións distínguense dous graos nas actuacións de reestruturación:

. Parcial cando inclúen algún dos seguintes puntos:

- Cambios na distribución mediante a apertura puntual de ocos de paso en muros (unión funcional), segundo regulación del art. 89.bis.

- O cumprimento da Normativa contra incendios mediante a construción de pasos e vías de evacuación.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- A instalación de ascensores.

- Cobertura e forxado de patios pechados de dimensións inferiores ao cincuenta por cento (50%) das establecidas na norma de aplicación.

- Demolición e nova construción de núcleos de comunicación vertical.

- Apertura de patios ou incremento do espazo libre de parcela, de acordo coas dimensións establecidas pola norma zonal de aplicación para edificios non catalogados.

. Xeral cando as obras nos edificios exceden o anteriormente exposto, sendo consideradas de reestruturación total no caso de baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior, interior, e patios, os muros medianeiros e a liña e o tipo de cuberta.

As obras de reestruturación poderán combinarse con obras de ampliación cando así o autorice o Plan Especial. En calquera caso deberán ir acompañadas das actuacións de conservación, valoración ou recuperación das características arquitectónicas, con supresión dos elementos desconformes.

f) Actuacións de ampliación.

Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, ben por incremento do fondo edificable ou por aumentar o seu número de plantas, sen modificar as súas aliñacións exteriores e os seus planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural.

As actuacións de ampliación só poderán acometerse de modo independente cando o edificio presente unhas condicións axeitadas ao seu uso específico, en caso contrario haberán de executarse no marco de actuacións de rehabilitación ou reestruturación.

En edificios que presenten elementos desconformes, as ampliacións só procederán se se executan simultaneamente as obras de adecuación daqueles.

A adición de novas plantas efectuarase con criterio de integración compositiva e coherencia formal coa fachada ou fachadas existentes e, en calquera caso, segundo as directrices establecidas nas condicións xerais de estética e integración urbana da Normativa do Plan Especial.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Realizada esta clasificación de actuacións xerais autorizadas sobre os edificios, a súa aplicación nos distintos niveis de catalogación detallados anteriormente é a seguinte:

A. Edificios Monumentais.

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Restauración.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
No marco dun Plan Director de Restauración ou dun Proxecto de Restauración Integral do edificio poderíanse autorizar actuacións de rehabilitación.

B. Edificios de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural.

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Conservación, restauración.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Autorízanse actuacións de rehabilitación acompañadas das de valoración arquitectónica e de reestruturación parcial.

C. Edificios de características singulares e de valor arquitectónico.

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Conservación, restauración e rehabilitación.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Reestruturación parcial e reestruturación xeneralizada ou total contemplada en ficha individualizada.

D. Edificios de características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica ambiental.

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Conservación, rehabilitación, reestruturación parcial.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Reestruturación xeneralizada ou total con mantemento do seu esquema tipolóxico estrutural, ampliación.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

E. Edificios de interese ambiental no conxunto.

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Conservación, rehabilitación, reestruturación.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Ampliación.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.5.4. A protección arqueolóxica

A temática propia do patrimonio arqueolóxico demanda unha consideración diferenciada. Por outro lado trátase dun patrimonio en xeral oculto; por outro, o grao de coñecemento científico e empírico sobre a súa potencialidade resulta aínda incompleto.

Así, o deseño de zonificación arqueolóxica contemplado no Plan Especial mantén basicamente o marco físico da área delimitada polo planeamento vixente malia que propón certas varianzas en relación directa coa actualización dos coñecementos sobre evidencias arqueolóxicas e novas consideracións sobre o desenvolvemento urbanístico histórico deste espazo.

Deste xeito, se ben segue a respectarse a consideración de Zona A (maior densidade de restos) como aquela que abrangue o espazo cinguido pola muralla medieval da cidade alta, a implantación paralela á costa do barrio da Pescadería e o espazo intermedio xa apreciado no planeamento anterior (tendo toda ela en común a dispersión de indicios, materiais e estruturas de adscrición galaico-romana), compleméntase agora ata coincidir co perímetro cinguido polo abaluartamento moderno (en calquera das súas fases -executadas ou non-) parcialmente excluído no anterior (e que inclúe a propia cerca medieval) así como a trama urbana da Pescadería nas fases de conformación durante a Baixa Idade Media (incorporando a súa traza na banda nor-noroeste), coordinándose coas determinacións do Plan Xeral ao respecto, incorporando elementos defensivos de vértice como a Coiraza ou o baluarte do Caramanchón e o baluarte de Malvecín respectivamente.

As cautelas e procedementos de protección establecidos van parellos á intensidade e estimación dos depósitos. Así, aqueles tipos de intervención arqueolóxica considerados pola lexislación vixente (artigo 57 da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia e Cap. I do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica) de remoción de terras como nas sondaxes valorativas, ou mesmo a escavación en área, asócianse basicamente a cadansúa zona (á marxe da posibilidade de simultanear ou complementarse máis dun tipo), de maneira que para a Zona A está prevista unha estratexia fundamentada na execución de sondaxes e para a Zona B unha baseada no control dos movementos de terras derivados das intervencións urbanísticas.

Contémplase, por último, unha estratexia de documentación histórico-arqueolóxica, non establecida como intervención arqueolóxica en senso estrito na lexislación de referencia, cuxa tipificación como análise estratigráfica de paramentos amosa unha pretensión multidisciplinar que contribuiría a conquerir os obxectivos pretendidos coa aplicación do

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

Plan Especial, isto é, a detección, documentación, valoración, adscrición, protección, conservación e posta en valor de evidencias de interese cultural.

Co obxecto de fundamentar estas determinacións, realizouse un traballo de consulta da totalidade de expedientes relacionados coas intervencións arqueolóxicas levadas a cabo no ámbito do Plan Especial desde a data da súa aprobación (14 decembro de 1998), o que deu lugar á elaboración dun inventario individualizado que recolle a realidade arqueolóxica que resulta coñecida.

A documentación refírese a cada inmoble e a cada espazo público dos que se teña información, incorporando datos identificativos da intervención arqueolóxica, resultados da mesma, e, de ser o caso, resolución adoptada de protección, creación e posta en valor.

De seguido detállase dito inventario:

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA
FICHEIRO ACTUACIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN ESPAZO PÚBLICO

LOCALIZADOR	INTERVENCIÓN	CÓDIGO IDENTIFICATIVO	ARQUEÓLOGO DIRECTOR	OBSERVACIÓNS
1	Control e seguimento arqueolóxico da mellora de Infraestruturas da Cidade Vella (1ª fase). A Coruña	CJ102A 2005/113-0	Inmaculada Castro Paredes	Rematado
2	Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da zona PEPRI de A Coruña. 2004	CJ102A 2004 / 121-0	Inmaculada Castro Paredes	Rematado
3	Control arqueolóxico de pavimentación e infraestruturas na rúa Santo Domingo (A Coruña)	Non consta	Inmaculada Castro Paredes	Proxecto informado favorablemente polo arqueólogo municipal no ano 2010, non consta a súa autorización nin a súa execución.
4	Control e seguimento arqueolóxico das obras de instalación de contedores soterrados na Cidade Vella	CJ102A 2005/582-0	Xosé A Muíño Maneiro	Non figuran datos relativos á execución dos traballos
5	Control arqueolóxico das obras de canalización dos treitos comprendidos entre as rúas San Roque-Florida e Olmos -Galera	CJ102A 2002/503-0	Inmaculada Castro Paredes	Non figuran datos relativos á execución dos traballos
6	Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería. Anualidade 2008	CD102A 2008/075-0	Simón Pena Basso	Rematado
7	Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da zona PEPRI de A Coruña. 2004	CJ102A 2006/168-0	Inmaculada Castro Paredes	Non figuran datos relativos á execución dos traballos
8	Control arqueolóxico das obras de reurbanización da Rúa Nova, Rúa Alameda e Rúa Sol	Non consta	Susana Ricart Guillot	Non figuran datos relativos á execución dos traballos
9	Control e seguimento arqueolóxico da condución de abastecemento ao edificio sito na Rúa Porta de Aires 15	Non consta	María Elena Rodríguez Añón	Non figuran datos relativos á execución dos traballos
10	Control arqueolóxico da apertura de catas de sondaxe mecánicas da zona de Dársena-Porta Real (A Coruña)	CD102A 2012/075-0	Santiago Vázquez Collazo	Rematado
11	Control e seguimento arqueolóxico da instalación de centros transformadores en Cordelería e contorno da Praza do Pintor Sotomayor	CJ102A 2003/240-0	Mª Elena Rodríguez Añón	Rematado
12	Proxecto de actuación arqueolóxica na zona de control arqueolóxico de A Coruña. Rúas Santa Catalina, Durán Loriga, Paseo do Parrote e Hospital Militar	CJ102A 2000/249-0	Eduardo Ramil Rego	Rematado
13	Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña. Anualidade 2009	CD102A 2008/755-0	Simón Pena Basso	Rematado
14	Control e seguimento arqueolóxico da gabia de canalización para o subministro eléctrico do novo Porto Deportivo.	CJ102A 2002/002-0	Emilio Ramil Rego	Rematado
15	Control e seguimento arqueolóxico para a pavimentación e instalación de servizos nas rúas Paseo da Dársena e Paseo do Parrote, desde a Casa Molina ata a Rúa Tabernas	CD102A 2009/210-0	Simón Pena Basso	Rematado

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

LOCALIZADOR	INTERVENCIÓN	CÓDIGO IDENTIFICATIVO	ARQUEÓLOGO DIRECTOR	OBSERVACIÓNS
16	Control arqueolóxico de canalizacións en Coruña. Parrote-Zona Alta	CJ102 A 00/377-0	Emilio Ramil Rego	Rematado
17	Control arqueolóxico de pavimentación do Paseo do Parrote nº 2-4	ED102A 2013/113-0	Jesús A. Gorgoso López	Rematado
18	Control arqueolóxico e seguimento de abastecemento ao Hotel Finisterre	Non consta	Eduardo Ramil Rego	Rematado
19	Control arqueolóxico da mellora do contorno histórico-artístico da Dársena	CT102A 2010/189-0	Inmaculada Castro Paredes	Rematado
20	Control arqueolóxico de infraestruturas urbanas dos treitos comprendidos entre as rúas San Roque-Florida e Olmos-Galera da Cidade de A Coruña.	CJ102A 2002/503-0	Inmaculada Castro Paredes	Rematado
21	Control e seguimento arqueolóxico de apertura de acometidas de gas en Nosa Señora do Rosario	CJ102A20 05/602-0	Manuel L Celeiro Montenegro	Rematado
22	Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da Zona PEPRI de A Coruña	CJ102A 2005/139-0	Inmaculada Castro Paredes	Rematado
23	Proxecto de control e seguimento arqueolóxico das obras de instalación dun contedor soterrado na Rúa Marqués de Cerralbo	Non consta	Xosé Anxo Muíño Maneiro	Non existen datos relativos á execución desta intervención
24	Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña. Anualidade 2007.	CD102A 2007/084-0	Simón Pena Basso	Rematado
25	Control e seguimento arqueolóxico de canalización en María Pita (Atocha Baja)	CJ102A 2000/130-0	Eduardo Ramil Rego	Rematado
26	Control e seguimento arqueolóxico da rede de gasificación na Cidade Vella	CJ102A20 00/166-0	Eduardo Ramil Rego	Non consta información sobre a execución dalgunhas das actuacións incluídas nestes traballos.
27	Control arqueolóxico recuamento RBT Rúa Galera 43-45	ED102A 2013/182-0	Víctor Tomás Botella	Rematado
28	Control arqueolóxico de gabias en San Andrés-Estrella	CJ102A 99/469-0	Eduardo Ramil Rego	Non constan datos sobre os resultados dos traballos arqueolóxicos
29	Control arqueolóxico das obras de pavimentación e mellora de servizos urbanísticos da Rúa da Estrela	CJ102 A 03/543-0	Elena Rodríguez Añón	Non constan datos sobre os resultados dos traballos arqueolóxicos
30	Control arqueolóxico das obras de mellora de infraestruturas nas rúas Estacada e Torreiro	Non consta	Inmaculada Castro Paredes	Non constan datos sobre a autorización do proxecto, nin sobre os resultados acadados
31	Control e seguimento arqueolóxico das gabias de canalización no Barrio da Pescadería	CJ102A 2001/271-0	María Elena Rodríguez Añón	Rematado
32	Control e seguimento arqueolóxico do despregue de fibra óptica na Cidade Vella de A Coruña	Non consta	Inmaculada Castro Paredes	Non existen datos relativos á execución dos traballos
33	Control e seguimento arqueolóxico do control de accesos e mellora medioambiental da Cidade Vella de A Coruña	Non consta	María Elena Rodríguez Añón	Non existen datos relativos á execución dos traballos
34	Control arqueolóxico das obras de instalación de contedores soterrados na Cidade Vella	CJ102A 2005/582-0	Xosé A Muíño Maneiro	Unicamente existen datos sobre os resultados de parte dos traballos arqueolóxicos realizados.
35	Control arqueolóxico das obras de mellora de infraestruturas na Rúa Barreira	Non consta	Inmaculada Castro Paredes	Non existen datos relativos á execución dos traballos
36	Control e seguimento arqueolóxico para a pavimentación e instalación de servizos na Avenida da Marina	CD102A 2009/14-0	Simón Pena Basso	Rematado

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

LOCALIZADOR	INTERVENCIÓN	CÓDIGO IDENTIFICATIVO	ARQUEÓLOGO DIRECTOR	OBSERVACIÓNS
37	Actuación arqueolóxica na LMTS, CT e RBTS Avenida da Mariña-Goberno Civil	CJ102A 2005/273-0	Susana R Fernández Quiza	A actuación combinou traballos de control arqueolóxico e sondaxes valorativas. Rematado
38	Control arqueolóxico de mellora de infraestruturas na Cidade Vella (1ª fase)	CT102A 2011/080-0	Xosé A Muíño Maneiro	Rematado
39	Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña. Anualidade 2010.	CT102A 2010/011-0	Simón Pena Basso	Rematado
40	Control arqueolóxico de remoción de terras para subministro en BT na Rúa Orillamar 48-50 a través da Praza de España e das Rúas San Xoán e Atocha Baixa (A Coruña)	CD102A 2007/087-0	Simón Pena Basso	Rematado
41	Mellora do contorno histórico-artístico da Dársena. Beirarrúa do lado do mar na Avenida da Marina (A Coruña)	CT102A 2011/171-0	José A Muíño Maneiro	Rematado
42	Control arqueolóxico de remoción de terras a realizar no polígono 1 San Andrés-Cormelana da cidade de A Coruña.	CT102A 2009/309-0	David Fernández Abella	
43	Control arqueolóxico de apertura dunha gabia para instalación de cableado eléctrico na Rúa Maestranza e Campo da Estrada (A Coruña)	Non consta	Santiago Vázquez Collazo	En execución
44	Escavación en área na beirarrúa do Cantón Grande de a Cidade de A Coruña (fases 1ª, 2ª, e 3ª)	Non costa	Santiago Vázquez Collazo	Rematada

1 **<u>Control e seguimento arqueolóxico da mellora das infraestruturas da Cidade Vella de A Coruña</u>**.

Os traballos de control arqueolóxico foron executados en relación coa mellora das redes de R, FENOSA e Telefónica. No transcurso dos mesmos foron localizadas as seguintes estruturas de natureza arqueolóxica:

- No entronque da **Rúa Zapatería coa Rúa Repeso** foi localizado un treito da rede de saneamento histórica, consistente nunha taxea construída en cachotería de granito, e unha cubrición alintelada formada por grandes pedras tamén de granito. Foi desmontada a fin de facilitar a instalación das novas redes de infraestrutura.

- Na **Rúa Zapatería** foi localizado un treito da parede lateral oeste do saneamento histórico, entre o nº 9 e o nº 5, cunha lonxitude de 15,5 m, unha anchura de 0,40 m e unha altura máxima conservada de 0,50 m.

- Na **Rúa Zapatería**, parello á edificación sinalada co nº 5 (numeración da Rúa Damas) foi localizado un treito do saneamento histórico de 5,5 m de lonxitude foi desmontada para a construción das infraestruturas previstas.

- No entronque da **Rúa Damas e a Rúa Veeduría** foi localizado o treito do alcantarillado histórico, podendo documentarse que a cubrición, de grandes pedras de granito, presentaba un desgaste na cara superior que semella indicar que estivo integrado na pavimentación histórica da rúa.

- Á altura do nº 14 da **Rúa Zapatería** foi localizado un muro romano con materiais arqueolóxicos asociados que o datan en época altoimperial, asociado a el un derrube

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

de *tegulae* e un pavimento. Foi documentado un treito de 1,10 metros de lonxitude, e 0,58 m de anchura e unha altura máxima de 0,50 m. Está localizado a unha cota de 0,80 m baixo a pavimentación da rúa. O muro documentado continúase no solar nº 4. Foi desmontado en parte para a construción das infraestruturas previstas.

- Consta a realización de traballos de control arqueolóxico en relación coa mellora da rede de gas, fibra óptica, abastecemento de auga, rede de pluviais, etc. na **Rúa San Francisco**, máis non existen datos sobre os resultados dos traballos realizados.

- Traballos de mellora de infraestruturas na **Rúa Príncipe** que supuxeron a escavación dunha gabia parella aos edificios sinalados cos nº 4 ao nº 8, na que foi documentada un muro romano de 1,57 m de lonxitude, 0,57 m de anchura e 0,32 m de altura, e asociado a el un posible pavimento. En relación a estas estruturas foron localizados materiais de época altoimperial tales como materiais de construción (*tegulae*), cerámicas de mesa (*sigillata*), cerámica de almacenamento e transporte (ánforas).

- Foi documentada tamén unha das paredes da canle do saneamento histórico desde o nº 16 á conducción xeral (previsiblemente no eixe da rúa). Foron igualmente documentadas dúas plataformas de pedra concertada con morteiro de cal, en parte seccionadas pola cimentación da edificación sita no solar nº 6, que puideran estar relacionadas coa canalización de gas antiga.

- Na **Rúa Capitán Troncoso** foron localizados restos da muralla de época moderna fronte ao solar sinalado co nº 6, dúas estruturas murarías que poderían corresponder ó antigo parcelario e unha taxea do saneamento. As estruturas mantivéronse *in situ*, se ben en parte foron desmontadas para a instalación dos novos servizos.

2 **Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da zona PEPRI de A Coruña**.

Os traballos foron promovidos pola Sociedade UNIÓN-FENOSA, no seu transcurso foron localizadas estruturas arqueolóxicas:

- Na **Rúa Tabernas nº 10** foi localizado un treito de muro construído en cachotería de granito, cunha anchura de 0,50 metros e unha altura de 0,40 m. Asociados a el materiais de filiación romana, tales como: material de construción (*tegulae*, ladrillos, …), cerámica de mesa (común e *sigillata*) e un *catilus* dun muíño. Foi localizada tamén unha moeda de bronce (ilexible).

- Soterramento de liña eléctrica aérea en **Rúa Juana de Vega nº 7**, non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

3 **Control arqueolóxico de pavimentación e infraestructuras en la calle Santo Domingo (A Coruña)**

Proxecto arqueolóxico informado favorablemente polo arqueólogo municipal, non existen datos relativos a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nin relativos a súa execución.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

4 **Control e seguimento arqueolóxico das obras de instalación de contedores soterrados na Cidade Vella**

Non figuran datos relativos aos resultados dos traballos arqueolóxico realizados.

5 **Control arqueolóxico das obras de canalización dos treitos comprendidos entre as rúas San Roque-Florida e Olmos -Galera**

Non figuran datos relativos aos resultados dos traballos arqueolóxico realizados.

6 **Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Peixería. Anualidade 2008**

As obras relacionadas coa extensión da rede eléctrica afectaron ás seguintes rúas, coa localización nalgunhas delas dos restos arqueolóxicos, que seguidamente se detallan:

- **Rúa Marqués de Pontejos**: foi localizado un treito de muro, probablemente de época moderna, correspondente a algunha edificación illada, e asociado a el foi documentada unha taxea e un treito de muro correspondente a algunha edificación anexa ou secundaria, ou mesmo a un peche de fincas. Estratigraficamente subxacen de xeito inmediato á pavimentación da rúa. Asociados aparecen materiais cerámicos de época moderna. Son interpretados polo arqueólogo director dos traballos como correspondentes ás pequenas construcións e peches de finca existentes na zona ata o século XVIII ou ben poderían corresponder aos almacéns do Mercado de San Agustín (construído no século XIX). Foron desmontados para permitir a construción da rede de distribución eléctrica.

- **Praza de San Nicolás**, foron localizados restos humanos relacionados co desaparecido cemiterio, que estaría datado entre o ataque de Dreake (1589) e o inicio dos enterramentos no Cemiterio de San Amaro (1833). Os restos están moi degradados e foron localizados en niveis de revolto, non conformando tumbas.

- **Rúa San Nicolás**, non foron localizados restos arqueolóxicos, estando a pavimentación asentada sobre o substrato natural, salvo na zona central da calzada, na que está, escavada no substrato, a rede de saneamento.

- Escavación dunha gabia para o subministro en BT na **Rúa Orillamar**, esquina **Atocha Baixa**. Non foron localizados materiais, niveis ou estruturas de interese arqueolóxico.

- Escavación dunha gabia para o subministro en BT na **Rúa Maestranza**, na contorna do Rectorado, sendo localizadas dúas taxeas de época moderna-contemporánea.

- Escavación dunha gabia para o subministro en BT nas **rúas Corralón, Orzán, Juan Canalejo e Argudín Bolívar**. Non foron localizados materiais, niveis ou estruturas de interese arqueolóxico, coa salvedade dunha estrutura relacionada cunha edificación de época moderna-contemporánea na Rúa Corralón.

- Escavación dunha gabia para o subministro en RBT das edificacións situadas en **Rúa Cordelería** nº 9 e **Rúa Orzán** nº 104. Non foron localizados materiais, niveis ou estruturas de interese arqueolóxico.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Escavación dunha gabia para o subministro en BT na **Rúa San Xosé**. Non foron localizados materiais, niveis ou estruturas de interese arqueolóxico.

- Escavación de gabias para o subministro en BT na **Avenida de Montoto**, **Avenida da Marina**, **Dársena** e **Paseo do Parrote**, sendo localizadas estruturas de época romana, medieval e moderna. Foron conservadas *in situ* baixo sucesivas capas de xeotextil e áridos as estruturas relacionadas cos sistemas defensivos da cidade (tanto de época medieval como moderna), así como as relacionadas coa Cárcere Real. As estruturas documentadas foron as seguintes:

    - 2 estruturas correspondentes a restos dunha das fases de ampliación do porto. Estado de conservación moi malo.

    - Taxea construída con bloques de granito de gran tamaño, localizada de xeito parello a liña de fachada das edificacións da Avenida de Montoto. Parte das conduccións eléctricas foron instaladas no interior da taxea, usándose esta a modo de galería de servizo. Atópase desmantelada en treitos.

    - Restos da parede dunha taxea que puidera corresponder á continuidade das anteriores. Os restos localizados foron conservados.

    - Restos da muralla medieval. Localizada inmediatamente baixo a pavimentación da rúa. Foi conservada de modo íntegro, protexida con xeotextil e áridos.

    - Estrutura F, taxea semellante á localizada na Avenida de Montoto, construída en cuarcita e granito. Foi utilizada como galería de servizo.

    - Alicerces relacionados con edificacións de época moderna que corresponden a un momento de diferente aliñación da vía. Están cimentados en recheos formados por materiais de época romana (cerámicas, muíños, restos de enlucido, …).

    - Estrutura J. corresponde aos restos da base dun arco que unía a Cárcere Real e Capitanía, cimentado en niveis de recheo con presencia de materiais romanos.

    - Restos de pavimentación de lousado de granito (época moderna) e, a maior potencia, un firme de cantos rodados (pavimentación medieval).

    - Taxea que vai parella aos Xardíns de Capitanía e que podería estar relacionada cun lavadoiro ao carón do Xardín de San Carlos.

    - Muro de función e cronoloxía descoñecida, podería estar relacionado cunha estrutura previa aos Xardíns de Capitanía.

    - Posibles restos dun lavadoiro ao carón dos Xardíns de San Carlos.

    - Taxeas que partindo dos Xardíns de San Carlos alcanzan o trazado da muralla do século XVI-XVII.

    - Muro de contención de época moderna, relacionado coa construción da Rúa do Parrote.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

7 **Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da zona PEPRI de A Coruña. Ano 2004**

Non figuran datos relativos á execución dos traballos, máis alá da autorización dos mesmos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e varios comunicados de inicio de obras.

8 **Control arqueolóxico das obras de reurbanización da Rúa Nova, Rúa Alameda e Rúa Sol**

Non figuran datos relativos á execución dos traballos, unicamente existe constancia da tramitación polos servizos técnicos municipais do proxecto de Intervención.

9 **Control e seguimento arqueolóxico da conducción de abastecemento ao edificio sito na Rúa Porta de Aires 15**

Non figuran datos relativos á execución dos traballos, unicamente existe constancia da tramitación polos servizos técnicos municipais do proxecto de Intervención.

10 **Control arqueolóxico da apertura de catas de sondaxe mecánicas da zona de Dársena-Porta Real (A Coruña)**

Durante os traballos arqueolóxicos foron localizadas estruturas de diferentes momentos, romano, moderno e contemporáneo; e correspondentes tanto ao sistema defensivo da cidade como ao porto. Destacamos:

- Conxunto de 3 paramentos que conforman un único muro de gran porte, se ben con diferentes fases construtivas, afectado pola construción do saneamento. Este conxunto forma parte do sistema defensivo da cidade (Contraguarda de Santa Lucía).

- Muro correspondente ao malecón do porto anterior á ampliación do ano 1906 e ramplas a el asociadas.

- Estrutura muraría de posible filiación romana, tanto polas súas características construtivas, como pola posición subxacente respecto das fortificacións documentadas na zona e por manter unha mesma cota respecto das estruturas romanas localizadas na Praza de María Pita.

- Colector de saneamento construído en cachotería e cuberto por unha estrutura abovedada, datado no derradeiro cuarto do século XIX, en parte estaría construído para dar servizo á nova zona urbana da Praza de María Pita e adxacentes.

- Outras estruturas localizadas na zona foron pavimentos dun vial de pedra, pavimentos de terra, restos dunha escollera.

11 **Control e seguimento arqueolóxico da instalación de centros transformadores en Cordelería e contorno da Praza do Pintor Sotomayor**

Os traballos consistiron no control arqueolóxico da escavación necesaria para a construción dun centro transformador na Rúa Panaderas-Praza do Pintor Sotomayor. No

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

transcurso dos traballos foron localizadas varias estruturas de época moderna-contemporánea:

- Estrutura muraría moi alterada que posiblemente estivera en relación coa contención do noiro existente entre a Rúa Corralón e a Rúa Panaderas.

- Estrutura indeterminada que é interpretada como un posible zócalo en relación coa estrutura anterior.

- Fragmento de muro de interpretación indeterminada, ten unha anchura de 1,20 m, unha altura máxima conservada de 0,80 m e asenta sobre unha banqueta de cimentación de 0,10 m.

- Treito de muro de 3 m de lonxitude, 1 m de anchura e 0,60 m de altura, está destruído nun extremo pola rede de saneamento e no outro o foi pola construción das beirarrúas. Podería corresponder ao antigo muro de peche do Convento das RRMM Capuchinas.

- Treito de muro relacionado coa desaparecida vivenda do porteiro do Convento das RRMM Capuchinas

O trazado das conducións previstas foi modificado a fin de permitir a conservación das estruturas arqueolóxicas localizadas. Estas estruturas poderían corresponder coas documentadas no mesmo lugar no *Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña. Anualidade 2007.*

12 **Proxecto de actuación arqueolóxica na zona de control arqueolóxico de A Coruña. Rúas Santa Catalina, Durán Loriga, Paseo do Parrote e Hospital Militar**

Traballos de control arqueolóxico relacionados coa construción da rede de abastecemento eléctrico, sendo promovidos pola Sociedade Unión-FENOSA Distribución SA, tendo lugar en dous ámbitos diferenciados, por unha banda o Barrio de A Pescadería (San Blas, Santa Catalina e Durán Loriga) e por outra banda o ámbito de O Parrote-Hospital Militar.

No primeiro dos ámbitos citados os traballos de escavación afectaron a zonas xa alterados por remocións de terra previas, en especial pola existencia de servizos de abastecemento e saneamento e, no caso da Rúa Durán Loriga, pola escavación realizada para a construción do Edificio do Banco Pastor.

Na zona de **O Parrote-Hospital Militar** foi escavada unha gabia no espazo da calzada, de xeito parello á cara interior da muralla do século XVII, sendo localizados dous paramentos que formaban parte dunha cortina en dente de serra, cunha anchura de 2 metros, construída en cachotería de granito de diferentes tamaños, concertada con morteiro de cal. Ambos paramentos foron conservados, sendo protexidos cunha tea de xeotextil e unha capa de áridos. Posiblemente correspondan aos mesmos restos que os localizados durante os traballos de *Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Peixería de A Coruña. Anualidade 2009* e *Control arqueolóxico de canalizacións en Coruña. Parrote-Zona Alta.*

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

13 **Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Peixería de A Coruña. Anualidade 2009**

Traballos de control arqueolóxico relacionados coa construción da rede de abastecemento eléctrico, sendo promovidos pola Sociedade Unión-FENOSA Distribución SA:

- en relación coa construción dunha LMTS no **Paseo de O Parrote-Hospital Militar**, no transcurso dos mesmos foi localizado o alzado interior do muro de época moderna que serve de contención entre a rúa e a antiga liña de costa; unha taxea do século XIX-XX e un treito da muralla do século XVII, moi probablemente son os mesmos restos que foron localizados no *Control arqueolóxico de canalizacións en Coruña. Parrote-Zona Alta* e no *Proxecto de actuación arqueolóxica na zona de control arqueolóxico de A Coruña. Rúas Santa Catalina, Durán Loriga, Paseo do Parrote e Hospital Militar.* Os restos foron conservados baixo unha protección de xeotextil e áridos.

- Nos traballos de abastecemento en BT do edificio situado na **Rúa General Mola** nº 18 foron documentados os restos, moi alterados, dunha taxea (en dous puntos diferentes) na Rúa General Mola, restos dunha segunda taxea foron localizados na **Rúa Galera** e os restos da cimentación dunha edificación que ocuparía en tempos o lugar da actualmente construída no nº 1 da **Rúa Olmos**, se ben nunha aliñación diferente á actual.

- Nos traballos de abastecemento en BT na **Rúa Alameda nº 38-40** foi localizada unha estrutura que podería corresponder a un peche dunha finca ou á cimentación dunha das antigas edificacións que facían esquina entre a Rúa das Hortas e a Rúa Alameda, sendo en parte desmontada para a execución da canalización eléctrica.

14 **Control e seguimento arqueolóxico da gabia de canalización para o subministro eléctrico do novo Porto Deportivo.**

Traballos de control arqueolóxico relacionados coa construción da rede de abastecemento eléctrico, sendo promovidos pola Sociedade Unión-FENOSA Distribución SA en relación coa construción dunha liña de abastecemento ó novo Porto Deportivo. Foi localizada unha estrutura relacionada co Baluarte do Parrote.

15 **Control e seguimento arqueolóxico para a pavimentación e instalación de servicios nas rúas Paseo da Dársena e Paseo do Parrote, desde a Casa Molina ata a Rúa Tabernas**

Os traballos foron promovidos en relación coa instalación de diferentes servizos de telecomunicacións, sendo localizadas dúas estruturas correspondentes a outras tantas taxeas e un fragmento dun muro que podería corresponder á muralla medieval.

16 **Control de canalizacións en Coruña. Parrote-Zona Alta**

Foron localizadas as seguintes estruturas:

- **Rúa Parrote**: dous fragmentos da muralla de época moderna. Pola súa localización e descrición poderían ser os mesmos que os localizados no *Control e seguimento*

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Peixería de A Coruña. Anualidade 2009 e no *Proxecto de actuación arqueolóxica na zona de control arqueolóxico de A Coruña. Rúas Santa Catalina, Durán Loriga, Paseo do Parrote e Hospital Militar.*

- **Rúa Maestranza**: dous fragmentos de muro, un deles podería corresponder ao paramento interior da muralla medieval e un muro de contención construído en cachotería en seco e sobre el unha base de columna que foi depositada no Museo de San Antón.

17 **Control arqueolóxico de pavimentación do Paseo do Parrote nº 2-4**

Traballos relacionados coa pavimentación do Paseo do Parrote fronte ao Hotel Finisterre. Foron localizadas tres estruturas:

- dous fragmentos dun muro que corresponden á muralla da cidade, datados en época moderna e que están tamén documentados tamén na *planta -1* do Hotel Finisterre, o que leva a pensar que podería estar cimentado na cota da antiga Praia do Parrote.

- enlousado que probablemente corresponda ao espazo existente entre a muralla, a Cárcere Real ou Vella e o Edificio de Capitanía.

Estas estruturas foron conservadas *in situ* e expostas ao público.

18 **Control arqueolóxico e seguimento de abastecemento ao Hotel Finisterre**

Non foron localizadas, estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

19 **Control arqueolóxico da mellora do contorno histórico-artístico da Dársena**

Traballos de control arqueolóxico en relación coa renovación do enlousado de varias beirarrúas na contorna da Dársena, estes traballos foron acompañados da renovación das redes de distribución soterradas.

No espazo asoportalado situado fronte ao nº 17 da **Rúa da Marina** foi localizado un muro e un arco de gran luz que son interpretados como parte das estruturas construtivas das Casas Paredes.

20 **Control arqueolóxico de infraestruturas urbanas dos treitos comprendidos entre as rúas San Roque-Florida e Olmos-Galera da Cidade de A Coruña.**

Os traballos de control arqueolóxico están relacionados coa construción da nova rede de saneamento desde o Barrio de Montealto. Non existen datos relativos á execución dos traballos arqueolóxicos.

21 **Control e seguimento arqueolóxico de apertura de acometidas de gas en Nosa Señora do Rosario**

Os traballos de control arqueolóxico están relacionados coa ampliación da rede de gas. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

22 **Control e seguimento arqueolóxico da rede de electrificación da Zona PEPRI de A Coruña**

Non existen datos sobre os traballos realizados.

23 **Proxecto de control e seguimento arqueolóxico das obras de instalación dun contedor soterrado na Rúa Marqués de Cerralbo**

Non constan os resultados dos trabalos arqueolóxicos realizados.

24 **Control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de electrificación na zona PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña. Anualidade 2007.**

Os traballos de control arqueolóxico afectaron a diferentes puntos da cidade:

- Na **Praza María Pita** confluencia coa **Rúa Florida**, foi localizado un treito de taxea que foi parcialmente desmontada a fin de executar a canalización eléctrica.

- **Rúa Juana de Vega**, os traballos arqueolóxicos estiveron en relación ao subministro en BT ao nº 17 desta rúa. Non foron localizadas estruturas, niveis ou materiais de interese arqueolóxico.

- Durante os traballos de subministro en MT na **Rúa Hospital** non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

- Durante os traballos de subministro en BT na **Rúa Zalaeta,** na súa confluencia coa **Rúa Corralón**, foi localizada a cimentación dunha edificación, de época moderna, cuxa aliñación estaba adiantada respecto da aliñación actual da rúa. Os restos están constituídos por grandes bloques de granito.

- Durante os traballos de subministro en BT na **Rúa Panaderas** foron localizadas catro estruturas, dúas delas corresponden claramente a taxeas, unha terceira a un muro que quizais corresponda a unha das paredes laterais dunha taxea, mentres que unha nova estrutura muraría foi interpretada como unha edificación de época moderna que foi desmantelada. Estas estruturas poderían corresponder ás documentadas nesta mesma zona no *Control e seguimento arqueolóxico da instalación de centros transformadores en Cordelería e contorno da Praza do Pintor Sotomayor.*

- Durante os traballos de subministro en BT na **Rúa Durán Loriga** e **Rúa Foseca** non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico, se ben a estrutura estratigráfica revelou unha gran cantidade de pedra de granito que podería corresponder á demolicións de edificacións existentes na zona.

- Durante os traballos de subministro en BT no **Cantón Pequeño** nº 15, a través da **Rúa Alameda** e da **Rúa Arévalo**, non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

- Durante os traballos de subministro en BT na **Rúa Alameda** e na **Rúa San Andrés** non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

25 **Control e seguimento arqueolóxico canalización en María Pita (Atocha Baja)**

Non foron localizadas estruturas, niveis ou materiais de interese arqueolóxico.

26 **Control e seguimento arqueolóxico da rede de gasificación na Cidade Vella**

Non constan os resultados dos traballos arqueolóxicos dalgunhas das actuacións incluídas neste proxecto. Na **Rúa Boquete de San Andrés** foron localizadas:

- Pavimento da antiga Capela de San Andrés ou do Hospital ligado a esta.

- Inhumacións, en posición primaria, e con orientación preferente E-W. Os esqueletos están dispostos en fosas simples en posición decúbito supino. Cronoloxicamente corresponde a un amplo período, desde a Idade Media e ata comezos do século XIX, ocupa a contorna da Capela Castrense de San Andrés polo Norte, Sur e Leste. Estes restos foron mantidos *in situ* e protexidos con sucesivas capas de xeotextil e de area lavada.

27 **Control arqueolóxico recuamento RBT Rúa Galera 43-45**

Os traballos arqueolóxicos están en relación coa construción dunha instalación eléctrica soterrada na fronte dos solares sinalados cos números 43 e 45 da **Rúa Galera**. Non foron documentadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

28 **Control arqueolóxico de gabias en San Andrés-Estrella**

Non constan datos relativos ós resultados obtidos durante os traballos de control arqueolóxico.

29 **Control arqueolóxico das obras de pavimentación e mellora de servicios urbanísticos da Rúa da Estrela**

Non constan os resultados dos traballos arqueolóxicos realizados.

30 **Control arqueolóxico das obras de mellora de infraestruturas nas rúas Estacada e Torreiro**

Non constan os resultados dos traballos arqueolóxicos.

31 **Control e seguimento arqueolóxico das gabias de canalización no Barrio da Pescadería**

Os traballos de control arqueolóxico foron executados en relación coas obras de construción de varias gabias para a instalación de diferentes servizos urbanos, sendo localizadas catro diferentes estruturas:

- Estrutura de función descoñecida e mal estado de conservación, realizada en cachotería irregular concertada con barro, a arqueóloga directora dos traballos a interpreta como unha posible canalización. Conservada *in situ*.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Na **Rúa Galera**, restos da cimentación da fachada de dúas edificacións adiantadas respecto da aliñación actual da Rúa Galera. Foron parcialmente desmontados.

- Estrutura indeterminada que foi desmontada.

32 **Control e seguimento arqueolóxico do despregue de fibra óptica na Cidade Vella de A Coruña**

Non constan datos relativos aos resultados obtidos durante os traballos de control arqueolóxico.

33 **Control e seguimento arqueolóxico do control de accesos e mellora medioambiental da Cidade Vella de A Coruña**

Non constan datos relativos aos resultados obtidos durante os traballos de control arqueolóxico.

34 **Control arqueolóxico das obras de instalación de contedores soterrados na Cidade Vella**

284	Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real nº 24 de A Coruña	Non consta	Víctor Tomás Botella	Consta a localización de estruturas arqueolóxicas, pero non existen datos concretos sobre a súa tipoloxía ou adscrición cultural
	Escavación arqueolóxica en área no inmoble nº 24 da Rúa Real de A Coruña	CT102A 2010/008-0	Begoña Albertos Figueroa	
285	Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 47 (A Coruña)	CJ102A 2000/147-0	Víctor Tomás Botella	Rematada
286	Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real 56 (A Coruña)	CJ102A 2004/089-0	José López Alonso	Rematada
287	Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 63-Avenida da Marina 28 (A Coruña)	CD102A 2008/51-0	Emilio Ramil González	Rematada
288	Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real 67 e Avenida da Marina 30 (A Coruña)	CJ102A 2003/288-0	Víctor Tomás Botella	Rematada
289	Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real nº 77 (A Coruña)	Non consta	Andrés Bonilla Rodríguez	Rematada
290	Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real 34 (A Coruña)	CJ102A 2000/476-0	Víctor Tomás Botella	Rematada
	Escavación arqueolóxica en área na Rúa Real 34 (A Coruña)	CJ102A 2002/446-0		
291	Control arqueolóxico na Rúa Amargura 17 (Apertura de gabia para acometida de augas)	CT102A009/693-0	Xosé A Muíño Maneiro	Rematada
292	Sondaxes arqueolóxicas valorativas no nº 14 da Rúa Amargura (A Coruña)	CT102A 2010/060-0	Ángel Marcelo Rodríguez Castro	Rematada

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

183 **Sondaxes valorativas previas á reconstrución dun edificio na Rúa Amargura 7**

Durante os traballos relacionados coa reconstrucción do inmoble existente foron documentadas as seguintes estruturas:

- alicerces dunha edificación anterior, modificada no ano 1920 pola actual.
- taxea do saneamento histórico da edificación.
- cimentación do muro de carga da edificación do século XIX (modificada en 1920).
- restos dun pequeno alxibe ou pozo de fecais anterior ao inmoble do século XIX.
- materiais de época romana mesturados con outros de época medieval e moderno, nun contexto de recheos relacionados coa nivelación do solar en relación coa construción do século XIX.

As estruturas localizadas poderían ter sido desmontadas no transcurso da reconstrucción do inmoble.

184 **Sondaxe arqueolóxica manual de carácter valorativo no edificio nº 5 da Praza dos Ánxeles (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación da edificación existente, consistindo na escavación dunha sondaxe no emprazamento do ascensor. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

185 **Sondaxe arqueolóxica valorativa para a instalación de elevador na Rúa Anxo 7 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á construción dun foxo de ascensor e consistiron na escavación dunha sondaxe, no transcurso desta foron detectadas:

- pavimentación orixinal da planta baixa do inmoble actual (enlousado) e estruturas relacionadas co saneamento histórico deste.
- esquinal dun muro interpretado como de época romana.
- materiais romanos (tixolo, *tegula*, *sigillata*, cerámica común e engobes).

O promotor realizou unha proposta para a conservación dos restos romanos protexéndoos con xeotextil.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

186 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Praza de María Pita 6**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa instalación dun ascensor. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

187 **Sondaxes arqueolóxicas no inmoble nº 1 da Rúa Bailén no Concello de A Coruña (A Coruña)**

Non constan datos sobre a execución dos traballos arqueolóxicos.

188 **Sondaxe arqueolóxica en relación á reconstrución ampliación e agrupación funcional, para tres vivendas e comerciais, dos edificios nº 10 e 12 da Rúa Bailén de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reconstrucción dos inmobles, sendo localizadas:

- muro e zapata de cimentación dunha edificación anterior ás actuais (1898 e 1929).

- cerámica medieval.

189 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Cortaduría 5-7 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación integral de dúas edificacións xa existentes, durante os traballos foron documentados:

- estrutura dunha canle de saneamento relacionada cunha edificación anterior ao obxecto de rehabilitación.

- treito de muro de mala calidade construtiva, formado por pedras de gran tamaño e cimentado en terra vexetal; e interpretado como un valado de división de fincas anterior á urbanización da parcela.

Non consta a conservación dos restos localizados.

190 **Sondaxes arqueolóxicas na Cortaduría 8, Praza da Cortaduría 2 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación e unión funcional dos inmobles, particularmente coas obras relativas á escavación de soto, reforzo de cimentacións e foxo de ascensor.

Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

191 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Cortaduría 12 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación dun edificio destinado a vivenda unifamiliar. Foron localizados:

- enlousado orixinal da actual edificación.

- taxea do saneamento histórico dunha edificación anterior á actual.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- materiais de época romana (*sigillata*, cerámica de tradición indíxena) e medieval, documentados en niveis de recheo.

192 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Cortaduría 15 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación do inmoble existente e, máis concretamente, coa construción dunha nova solera e unha rede de saneamento. Foi documentada unha taxea relacionada co saneamento histórico do inmoble.

193 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Damas 3** e **Escavación arqueolóxica en área no nº 3 da Rúa Damas de A Coruña**

As sondaxes arqueolóxicas foron realizadas en relación ás obras de rehabilitación dun edificio xa existente. Foron localizados:

- dous muros de romanos.

- taxea de saneamento histórica do inmoble obxecto da edificación ou doutro anterior.

- materiais romanos en posición primaria.

Consecuencia dos restos documentados durante as sondaxes arqueolóxicas foi a autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio dunha escavación en área do conxunto da parcela, non existindo datos sobre a execución destes traballos.

194 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas en relación a ampliación de vivendas na Rúa Damas 6**

As sondaxes foron planteadas en relación á reconstrución integral do edificio. Foron localizados materiais de filiación romana: *tegula*, *terra sigillata*, ladrillo, cerámica común, ánfora, cerámica indíxena.

195 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Damas 8 (A Coruña)** e **Intervención arqueolóxica (escavación en área) na Rúa Damas 8 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos foron realizados con carácter previo á rehabilitación dun inmoble existente. Foi localizado:

- muro dunha edificación anterior á actual, pero de cronoloxía indefinida (probablemente moderna-contemporánea).

- pozo de funcionalidade e cronoloxía indeterminados.

- dous muros romanos de diferente momento, un deles articulado en forma de esquina

- pavimento de terra batida de época romana con numerosos furados de poste, asociado a un dos muros antes citado.

- material cerámico romano, doméstico e construtivo (*tegula*) e fragmentos moldurados con decoración sogueada que semellan estar en relación coa cercana Igrexa de Santiago.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

As estruturas foron conservadas, protexidas con xeotextil e áridos.

196 **Sondaxes e control arqueolóxico na Igrexa de Santo Domingo (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa instalación de calefacción (sala de caldeiras e tubos radiantes soterrados) e reforzo de cimentación na Igrexa de Santo Domingo, e estudio de paramentos logo de retirado do enfuscado. Foron documentados:

- dous arcosolios visibles logo de retirar parte dos enfuscados.

- tres fosas dispostas no presbiterio, escavadas no substrato, semellando non ter sido utilizadas para enterramento algún.

- cimentacións do antigo Cuartel de Intendencia que aproveita os alicerces dunha edificación anterior, existindo materiais medievais asociados.

197 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Estrela nº 5-7, na Cidade de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos foron realizados parellos á rehabilitación e unión funcional de dúas edificacións independentes. Foron localizados:

- un muro e unha caixa de cimentación da antiga parcelación do Barrio de A Pescadería.

- materiais cerámicos de época moderna (séculos XVI e XVII) en niveis de recheo.

Non constan datos sobre a conservación ou non das estruturas.

198 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Florida nº 18 da Cidade de A Coruña**

Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

199 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Florida 26 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron realizados en relación á edificación dunha nova construción. As únicas estruturas e materiais localizados están en relación coa edificación demolida, construída a mediados do século XIX. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

200 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Florida 29 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reedificación dun inmoble existente. Durante os traballos foron localizados estruturas de época moderna:

- pavimento de pedra.

- taxea do saneamento histórico que en parte aproveita un muro de época anterior.

As estruturas localizadas non foron afectadas polos traballos de reconstrución do inmoble.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

201 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas realizadas na Rúa Franxa nº 23-esquina Rúa Trompeta (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa ampliación e reestruturación dun edificio existente. Durante os traballos foron documentados:

- alicerces da fachada lateral da edificación obxecto de reforma.

- empedrado da pavimentación orixinal do inmoble.

- taxea de saneamento, non pudendo determinarse si correspondía ao saneamento histórico do inmoble obxecto de rehabilitación ou a unha edificación anterior.

- dous muros articulados en esquina e que, en función dos materiais a eles asociados, poderían corresponderse a unha data tardomedieval.

- pavimento de características semellantes a un *opus signinum*, asociado a el materiais cerámicos romanos.

- cimentación dun treito de muro romano.

- numerosos materiais romanos, moi rodados, entre eles *terra sigillata*, vidro e materiais de construción.

202 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas en relación á rehabilitación do edificio situado na Rúa Franxa nº 24 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble existente. No transcurso dos traballos foron localizados:

- taxea de saneamento do século XVIII-XIX.

- enlousado da antiga pavimentación da edificación obxecto de rehabilitación.

- un muro de época romana de difícil interpretación, un muro de época medieval e un muro de época moderna.

- estrutura formada por unha aliñación de tellas curvas, non interpretada.

- materiais romanos, entre os que destacan os cerámicos, tales como os de cerámica común, de construción (*tegula*) e *terra sigillata*, cerámicas medievais galegas e de importación (francesa e musulmana), xunto a materiais modernos e contemporáneos.

Os restos foron conservados e protexidos con xeotextil.

203 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Franxa nº 33**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación a unha nova edificación. Foron localizadas:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- empedrado que pola súa disposición semella non estar en relación coa última das edificacións existentes no solar.

- estrutura interpretada como un vestixio dunha antiga taxea de saneamento dunha edificación anterior á existente no momento de realizarse a actuación arqueolóxica.

Non existen datos relativos á conservación das estruturas localizadas.

204 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Franxa 36 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron realizados en relación á reconstrucción dun edificio existente, do ano 1931. Non foron localizados materiais de interese arqueolóxico. As únicas estruturas documentadas corresponden a un enlousado, pavimento orixinal da edificación obxecto de reforma ou doutra inmediatamente anterior e unha taxea de saneamento dunha edificación anterior á actual.

205 **Escavación arqueolóxica do solar nº 39 da Rúa da Franxa de A Coruña**

O traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa construción dun novo edificio, no transcurso dos mesmos foron localizados:

- patio enlousado e taxea do saneamento histórico relacionados coa última das edificacións existentes no solar (datada en 1874-1875).

- calzada empedrada correspondente a unha ruela que ocupaba o espazo do solar desde o século XVIII ata a segunda metade do século XIX.

- restos murarios dunha construción que, orientada transversalmente ao parcelario actual, foi demolida para a construción do último dos inmobles existente no solar. Relacionado con estes muros foron documentados fragmentos de cerámica altomedieval.

- muro romano moi arrasado, incluíndo entre a cachotería fragmentos de *tegula*, asociado a el un pavimento de *opus signinum.*

- diversos materiais cerámicos romanos (*terra sigillata*, ánforas, cerámica engobada), cerámica altomedieval (de aparencia xermánica) e cerámica vidrada, esmaltada e bruñida dos séculos XVIII e XIX.

Parte dos restos romanos foron conservados e protexidos con xeotextil e unha capa de 0,50 metros de áridos.

206 **Control arqueolóxico das obras do nº 47 da Rúa Franxa de A Coruña** e **Sondaxes arqueolóxicas valorativas no inmoble nº 47 da Rúa Franxa de A Coruña** e **Escavación arqueolóxica en área no inmoble nº 47 da Rúa Franxa de A Coruña**

Os sucesivos traballos arqueolóxicos están relacionados coa reedificación dun inmoble xa existente. No transcurso dos traballos arqueolóxicos foron localizados:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- pavimento de pedra de granito de gran tamaño relacionado coa última das edificacións (datada en 1883).

- taxea do saneamento histórico do inmoble e estrutura non definida en ladrillo macizo, adscritas a unha edificación anterior á actual (séculos XVII-XIX).

- estruturas romanas.

Logo de localizadas estruturas romanas os traballos foron detidos para dar inicio a unha nova fase de escavación en área, non constando datos sobre a execución desta.

207 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Franxa 54** e **Escavación arqueolóxica na Rúa Franxa 54**

Os traballos arqueolóxicos estaban relacionados coa rehabilitación dun edificio existente, en particular coa construción dun soto. Durante os traballos foron detectadas:

- estruturas de época romana: representadas por unha canle construída en *tegulae*, pavimento de pedra e pavimento de *opus signinum* e estrutura funeraria consistente nunha tumba de sección trapezoidal realizada en *tegulae.*

- estruturas de época baixomedieval: sucesión de dúas pavimentacións de terra batida.

- estruturas de época moderna (séculos XVII-XVIII), representas por un pavimento de cal e unha taxea de saneamento.

- entre os materiais mobles destacan: *tegulae*, terra *sigillata*, cerámica de paredes finas, cerámica común romana e cerámica indíxena.

Foi proposta a extracción da estrutura funeraria localizada para a súa conservación. Non constan datos sobre a execución desta extracción, nin sobre a conservación *in situ* dos restos localizados.

208 **Sondaxes arqueolóxicas valorativa na Rúa Galera nº 9 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están en relación coa construción dun novo edificio. No transcurso dos traballos foi localizada a cimentación dun muro de carga da edificación demolida e a súa rede de saneamento (contemporánea).

Non foron localizadas estruturas arqueolóxicas e os materiais representados corresponde a un conxunto cerámico de época romana (material de construción e cerámica común), medieval e moderna.

209 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Galera 33-35**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa reedificación dun edificio datado no ano 1909. Foron localizadas diferentes estruturas datadas, como antigo, no mundo tardomedieval e moderno, máis non resultou posible definir a súa tipoloxía.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

210 **Control arqueolóxico do retranqueo RBT en Rúa Galera 43-45 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación a instalación dunha liña eléctrica en BT na fronte do inmoble citado. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

211 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Galera 45**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa construción dun inmoble de nova planta. Foron documentados:

- alicerces da fachada posterior do inmoble demolido e taxea do saneamento histórico deste.

- pavimento de pedra correspondente a unha edificación anterior ao inmoble demolido e datado non século XVIII-XIX.

Probablemente os restos localizados non foran conservados.

212 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Galera 51-53 e Xeneral Mola 12**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á rehabilitación e unión de dúas edificacións. Durante os traballos foron localizadas estruturas da edificación obxecto de rehabilitación (pavimento orixinal do inmoble, saneamento histórico e actual, alicerces, …), pero non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

213 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Gregorio Rocamonde 8**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación ás obras de reconstrución do actual inmoble, non sendo localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

214 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas no edificio situado no nº 3 da calexa de Herrerías (A Coruña)**

Non constan datos relativos á autorización dos traballos arqueolóxicos pola Dirección Xeral do Patrimonio, nin a súa execución.

215 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Herrerías nº 4 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Unicamente foron detectadas estruturas relacionadas co inmoble actual. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

216 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Herrerías 6 e Puerta de Aires 3**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación ao proxecto de demolición e construción dun novo inmoble. No transcurso da intervención foron localizados:

- materiais cerámicos de orixe baixo-medieval e moderno.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- restos dunha taxea de saneamento.

- pavimento de pedra, interpretado como a primeira pavimentación da edificación demolida.

- restos dun pavimento de terra e dun pavimento de pedra (posiblemente dun espazo exterior), ambos correspondentes a unha ocupación anterior ao actual inmoble.

Non constan datos sobre a conservación dos restos localizados.

217 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Ferrerías nº 11 de A Coruña**

Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

218 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Ferrerías nº 15 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á construción dun novo edificio, sendo localizadas:

- estruturas relacionadas coa edificación demolida ou con outras inmediatamente anteriores (século XIX).

- materiais de época medieval e esporadicamente algún material romano, todos eles en posición secundaria.

Non constan datos sobre os resultados dos traballos de control arqueolóxico complementarios das sondaxes a executar durante a fase de construción do novo inmoble.

219 **Sondaxes arqueolóxicas na Praza de María Pita 10**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á rehabilitación dun inmoble existente. Foron localizadas taxeas do saneamento histórico do inmoble obxecto de rehabilitación. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

220 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Praza de María Pita 18 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos executados estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble construído en 1880. As únicas estruturas localizadas corresponden aos alicerces e a taxea de saneamento do inmoble actual. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

221 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Praza de María Pita 22 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reforma e ampliación dun inmoble. Durante os traballos foron localizadas estruturas relacionadas coa edificación actual (c 1885) e cunha edificación anterior (probablemente do século XVIII):

- dúas taxeas do saneamento histórico do inmoble actual.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- unha taxea que, polas súas dimensións, é interpretada como o saneamento histórico da cidade (non construído para servizo desta parcela), anterior á actual edificación.

- estrutura de pedras fincadas interpretada como o límite dunha superficie empedrada.

- cimentación dun muro romano e asociado a el un pavimento de *opus signinum.*

- materiais romanos (construtivos e domésticos) en niveis de revolto e moi rodados.

As estruturas modernas foron desmontadas, non constan datos relativos á conservación ou non das estruturas romanas.

222 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Praza de María Pita 26-27 (A Coruña)**

Os traballos estiveron relacionados coa rehabilitación e unión funcional de varios inmobles con fronte á Rúa Florida e Praza de María Pita. No transcurso dos traballos foron localizados:

- estruturas relacionadas coa edificación actual (saneamento histórico).

- restos dunha edificación anterior derrubada en 1823.

- estrutura de funcionalidade descoñecida que puido documentarse so en parte, ten forma oval e unha entrada flanqueada por dúas grandes pezas de pedra a modo de xambas.

Parte das estruturas foron desmontadas, non existindo datos sobre cales permaneceron.

223 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Avenida da Marina nº 14 (A Coruña)**

Os traballos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble existente. Foron localizados:

- cimentación dos piares dos arcos dos soportais e pavimentación empedrada que corresponde coa vía pública incorporada ao interior da actual edificación.

- soto da edificación actual, estando colmatado.

224 **Sondaxe arqueolóxica na Rúa Olmos 13, A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación dun inmoble e, moi particularmente, coa construción dun foxo de ascensor. Foron localizados materiais de época romana (*tegulae*), non foron localizadas estruturas de interese arqueolóxico.

225 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Parrote nº 16 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos relacionados coa rehabilitación do inmoble permitiron localizar:

- canle de drenaxe e, asociada a ela, un pavimento de seixos, non podendo interpretarse si corresponden á actual edificación ou a outra anterior.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- muro de época romana e un pavimento asociado, probablemente correspondente a un exterior.

- durante a construción do saneamento do inmoble no treito de vía pública foi localizada a taxea (en uso) do saneamento no eixe da Rúa do Parrote.

- foron localizados materiais romanos, representados por cerámica común.

Os restos romanos foron conservados, protexidos con xeotextil e áridos.

226 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Parrote nº 14 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Foron localizados:

- pozo negro (anterior á conexión do inmoble actual á rede de saneamento).

- treito de muro e pavimento de terra batida, asociados e el materiais romanos (*tegulae*).

- materiais romanos, en niveis de entullo e mesturados con materiais de época moderna.

Non constan datos relativos á conservación das estruturas localizadas.

227 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Puerta de Aires nº 2 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación do inmoble. Foron localizados:

- conxunto de muros romanos articulados entre si delimitando varias estancias (non puideron ser interpretadas funcionalmente).

- pavimento asociado aos muros citados.

- muro dunha edificación do século XVI, demolida para a construción do edificio obxecto de rehabilitación, datado no século XVIII.

- materiais cerámicos de época romana e medieval.

228 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Puerta de Aires nº 7 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación integral do inmoble. No transcurso dos traballos foron documentados:

- estruturas de saneamento de época contemporánea, relacionadas co inmoble obxecto de rehabilitación.

- materiais de época moderna (cerámica e dous numismas).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

229 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Puerta de Aires nº 9-Travesía de Herrerías nº 2 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos relacionados coa rehabilitación do inmoble, permitiron documentar:

- taxea do saneamento histórico do edificio obxecto de rehabilitación.
- treito dun muro correspondente a unha construción anterior ao inmoble actual.
- canalización do saneamento contemporáneo, posiblemente sexa causa da destrución dunha taxea que utiliza como asento.
- materiais romanos (muíño, *tegulae*) en niveis de recheo e cerámicas de época moderno-contemporánea.

Non constan datos relativos á conservación das estruturas localizadas.

230 **Escavación arqueolóxica en área na Rúa Porta de Aires 11 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble, foron localizados:

- estrutura dun forno de cerámica do século XVI.
- alicerces dunha fachada anterior á actual, pero cunha aliñación aproximadamente semellante.
- tres diferentes pavimentos de cantos rodados e terra batida, un deles podería corresponder cun espazo exterior.
- diversos materias cerámicos correspondentes a un período comprendido entre a época baixomedieval e o século XVIII.

Non constan datos relativos á conservación dos restos localizados.

231 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Puerta de Aires nº 15 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reedificación dun inmoble previamente demolido. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

232 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Puerta de Aires nº 29-31 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación coa rehabilitación dun inmoble existente. Foron documentados:

- alicerces das medianeiras da actual edificación (c 1920).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- treitos de muro dunha edificación anterior á obxecto de rehabilitación, coincidente coa antiga división entre os solares 29 e 31, de adscrición cronolóxica indeterminada.

- materiais cerámicos de época moderna.

233 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Praza das Bárbaras nº 2 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble. Foron documentados:

- taxeas de saneamento ou abastecemento (desde un manancial) previo á edificación obxecto de rehabilitación que os desmantela parcialmente.

As estruturas foron desmontadas durante a execución dos traballos de rehabilitación do inmoble.

234 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Isabel López Gandalla nº 2 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación dun inmoble construído no último cuarto do século XIX. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

235 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Príncipe nº 3 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble existente. No transcurso dos traballos foi documentada unha cisterna relacionada coa edificación obxecto de rehabilitación. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

236 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Príncipe nº 6 da Cidade de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos, relacionados coa rehabilitación do inmoble, permitiron documentar:

- taxea do saneamento histórico e pavimento de cantos rodados.

- treito da muralla medieval.

A estrutura da muralla foi conservada.

237 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Príncipe nº 8 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos permitiron localizar:

- un treito da muralla medieval da cidade, continuación do treito localizado no solar nº 6 da mesma rúa.

- plataforma pétrea ligada a unha edificación do século XVIII, ao redor desta.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

238 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Príncipe nº 9-11 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa edificación dun novo inmoble. Foron documentados:

- alicerces da tabicación interior do inmoble demolido.
- enlousado que podería corresponder a unha rúa que ocupaba parte do actual solar.
- arqueta de decantación relacionada coas infraestruturas hidráulicas da cidade, interpretado en relación á rede creada a partir do século XVIII.

Non constan datos sobre a conservación das estruturas localizadas.

239 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Príncipe nº 17 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación coa rehabilitación e ampliación dun inmoble xa existente. Foron documentados:

- enlousado de granito que ocupaba toda a superficie do solar.
- taxea do saneamento histórico do inmoble obxecto de rehabilitación.
- alicerces da fachada dunha edificación anterior que estaba situada nunha diferente aliñación á actual.
- materiais romanos, todos eles corresponden a cerámica común (cociña e almacenaxe).

As estruturas localizadas non foron conservadas.

240 **Sondaxe arqueolóxica valorativa para a construción dun foxo de ascensor na Rúa Repeso nº 5**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa construción dun foxo de ascensor durante a rehabilitación dun edificio existente. Foron documentados:

- pavimento histórico da edificación, formado por un enlousado.
- taxea de saneamento do actual inmoble.
- restos dunha estrutura muraría interpretada como correspondente a unha taxea de saneamento datada con anterioridade á actualmente en servizo.

241 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas nas rúas San Carlos 3-5-7-9 e Tinajas 24 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación coa rehabilitación de catro inmobles diferentes. Foron localizados:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- no solar orientado cara a Rúa Tinajas un enlousado, interpretado como a pavimentación dunha vía pública en uso durante os séculos XVII-XVIII.

- varios pequenos treitos de muro de cronoloxía e funcionalidade indeterminada.

- alicerces das edificacións obxecto de rehabilitación.

- alicerces dunha edificación anterior que correspondería a unha diferente parcelación dos solares.

- taxea do saneamento histórico.

- materiais cerámicos representados por ánforas e cerámica medieval.

242 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa San Carlos nº 8 (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica en área na Rúa San Carlos nº 8 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos, consistentes en sondaxes arqueolóxicas valorativas, seguíndose de escavación en área, están relacionados coa edificación dun novo inmoble. Foi documentada:

- muralla de época medieval da Cidade Alta.

- porta de acceso ao interior do recinto fortificado medieval.

- enlousado relacionado coa porta da muralla.

- taxeas e alicerces das edificacións colindantes do solar, posteriores ao século XVIII.

- varios treitos de muros correspondentes a edificacións dos séculos XVI e XVII que respondían a unha parcelación diferente da actual.

As estruturas relacionadas coa muralla foron conservadas *in situ*.

243 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas no solar nº 4 da Rúa San Carlos (A Coruña)**

Os traballos estiveron relacionados coa reedificación do inmoble actual. Foron localizados:

- alicerces da edificación obxecto de reedificación e das colindantes.

- estruturas murarias relacionadas cunha ou varias edificacións anteriores, que respondían a unha diferente división do parcelario, todas elas orixinarias dos primeiros momentos da Idade Moderna.

244 **Sondaxes arqueolóxicas no solar nº 12 da Rúa San Francisco de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa rehabilitación dun inmoble construído no século XIX (c1872).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Durante os traballos non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

245 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas do proxecto de execución dun edificio na Rúa San Francisco 15**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación coa edificación dun novo inmoble. Durante os traballos executados foron localizados:

- taxea do saneamento anterior á edificación demolida (finais do século XIX ou comezos do século XX), en parte xa destruída.

- muro de cachotería que describe unha forma curva, non constan datos sobre a súa interpretación funcional ou cronolóxica.

- muro dun antigo forno de pan datado no século XIX.

- un numisma medieval e varios de época moderna-contemporánea.

No constan datos sobre a conservación das estruturas localizadas.

246 **Sondaxes arqueolóxicas no solar nº 16 da Rúa San Francisco de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación coa edificación dun novo inmoble.

Durante os traballos non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

247 **Sondaxes arqueolóxicas na Praza Ángeles nº 7 e na Rúa Santiago nº 7 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reestruturación dun edificio existente. Durante os traballos foron localizados:

- taxea de saneamento.

- dous treitos de muro que foron interpretados como pertencentes a unha edificación anterior que respondería a unha diferente parcelación.

- pozo de auga dunha edificación anterior á actual.

- materiais romanos (*sigillata*, cerámica bruñida, …) asociada a niveis de recheo.

As estruturas localizadas non foron conservadas.

248 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Santiago 13-15 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación coa rehabilitación dun inmoble. Foron localizados varias estruturas anteriores ao actual inmoble, pero de escasa relevancia arqueolóxica:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

- treito de muro interpretado en relación coa antiga arcada existente no alzado da fachada do inmoble obxecto de rehabilitación.

- posible enlousado dunha bodega existente antes da construción do actual inmoble.

Non constan datos sobre a conservación destas estruturas, mais probablemente non foran conservadas.

249 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Santiago 17 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación coa rehabilitación dun inmoble.

Durante os traballos non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

250 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Santiago 19 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun edificio existente. Foi localizado:

- muro que polas súas características construtivas é interpretado, con certas dúbidas, como romano.

- pavimento de lousa de pizarra relacionado co muro anterior.

- treito de muro de época medieval ou romana, asociado a el un pavimento e material de construción (*tegulae*).

- treito da cimentación dun muro de época moderna e, asociado a el, dous sucesivos pavimentos de terra batida.

No constan datos sobre a conservación das estruturas localizadas.

251 **Control arqueolóxico dunha canalización soterrada de subministración de gas na Rúa Santiago (A Coruña)**

Non consta a autorización dos traballos arqueolóxicos pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, nin a súa execución.

252 **Escavación en área na Rúa Santo Domingo nº 6 (A Coruña)** e **Control arqueolóxico dos movementos de terra no inmoble nº 6 da Rúa Santo Domingo de A Coruña**

Os traballos relacionados coa reedificación dun inmoble deron lugar á localización de:

- muralla medieval (continuidade dos teritos localizados noutros solares da Cidade Vella).

- enlousado de época romana.

- treitos de muros romanos superpostos.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- materiais cerámicos romanos (*sigillata*) e medievais e numismas de época romana, medieval e moderna.

Existe unha resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que establece a necesidade da conservación e restauración da muralla medieval.

253 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas do proxecto de reedificación dun edificio na Rúa Sinagoga 1 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reedificación dun inmoble. Foron localizadas estruturas relacionadas co inmoble actual (taxea correspondente ao saneamento histórico, enlousado da pavimentación orixinal).

Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

254 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Sinagoga 19-21 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. No transcurso dos traballos foron localizadas estruturas relacionadas co actual inmoble (treitos de muro interpretados como restos da tabicación interior, taxea de saneamento e enlousado). Non foron localizadas estruturas de interese arqueolóxico. Si foron documentados:

- materiais de época romana asociados a niveis de recheo e cerámica dos séculos XVII-XVIII.

255 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa santa María 7. A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

256 **Sondaxes arqueolóxicas do nº 3 da Rúa Santa María (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun edificio. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

257 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Santa María nº 6 (A Coruña)**

Non constan datos relativos á execución dos traballos arqueolóxicos.

258 **Sondaxes arqueolóxicas nos solares nº 9 e 11 da Rúa Santa María de A Coruña**

Non constan datos relativos á execución dos traballos arqueolóxicos.

259 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Tinajas 3 de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa construción dun novo edificio. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

260 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Tinajas 4 de A Coruña**

Non constan datos relativos á autorización dos traballos arqueolóxicos, nin a súa execución.

261 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Travesía de Ferrerías 1 e 3 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

262 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Travesía da Zapatería 6 (esquina a Rúa Zapatería e Travesía do Príncipe-A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación á rehabilitación do inmoble, foron documentados:

- treito de muro interpretado como unha fachada ou como unha medianeira dunha edificación anterior.

- taxea de saneamento.

- foron documentados materiais cerámicos medievais.

263 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Zapatería 5 de A Coruña**

Non constan datos relativos á execución dos traballos arqueolóxicos.

264 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas no solar (fincas nº 21 a 24 da futura sé da Fundación Caixa Galicia no Cantón Grande (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica en área no solar (fincas nº 21 a 24) da futura sé da Fundación Caixa Galicia no Cantón Grande (A Coruña)** e **Control arqueolóxico da desmontaxe das estruturas romanas rexistradas no solar (fincas nº 21 a 24) da futura sé da fundación Caixa Galicia no Cantón Grande (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron en relación coa construción dun novo inmoble e a unión funcional de catro parcelas. Foron localizadas:

- estruturas relacionadas cunha *villae* romana con planta en *U*, concretamente foi localizado patio central de forma cadrada e con peristilo ao redor, pozo e lareira construída sobre *tegulae*. Foron identificadas varias fases construtivas.

- numerosos enlucidos en niveis de derrube e *in situ* (con presencia de repintes), representacións decorativas xeométricas organizadas en metopas, con gran variabilidade cromática.

- materiais cerámicos de época medieval (cerámica negra) moderna e, especialmente, romana, destacan os restos de *tegulae*, *sigillata*, *a priori* corresponde a un período altoimperial.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Os enlucidos localizados *in situ* foron extraídos, os localizados en nivel de derrube foron recollidos co conxunto dos materiais localizados. As estruturas localizadas foron desmontadas.

265 **Intervención arqueolóxica no inmoble situado na Rúa Santa María nº 9-11 da Cidade Vella de A Coruña**

Durante os traballos arqueolóxicos foron localizadas:

- taxea do saneamento histórico do inmoble obxecto de rehabilitación.

- pozo e arqueta escavada no substrato interpretadas en relación cunha edificación anterior á actual.

- materiais cerámicos do século XVII e XVIII.

266 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Riego de Agua 3-5 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á construción dun centro cultural. Foron localizados:

- estruturas portuarias correspondentes a catro diferentes fases, datadas entre o século XV e o século XVIII, con instalacións tipo malecón e escolleras. Estas estruturas foron en parte amortizadas pola construción da Praza da Verdura.

- parte dun muro dunha estrutura fortificada, tipo baluarte ou contragarda.

- plataforma que servía de base, antes do seu traslado, á Fonte da Fama.

- taxeas do saneamento histórico (século XVIII).

- alicerces do inmoble existente antes da construción da actual edificación (1884) e que respondía a unha diferente parcelación.

- alicerces e pozo de drenaxe da edificación actual.

Os restos localizados foron conservados.

267 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Riego de Agua 4 (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica en área na Rúa Riego de Agua 4 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á rehabilitación dun inmoble. Foron localizados:

- taxea do saneamento histórico do inmoble obxecto de rehabilitación (datado no século XVII-XVIII).

- pavimento de *opus signinum.*

- materiais romanos (e cerámica común, *tegulae*,…).

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Os restos de *opus signinum* foron conservados baixo capa de xeotextil e áridos.

268 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Riego de Agua 29 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos foron executados en relación á obra de rehabilitación dun inmoble. Non foron documentadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

269 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Rego de Agua nº 31**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do actual inmoble. No transcurso dos traballos foron detectados:

- enlousado e alicerces da tabiquería da planta baixa do actual inmoble.

- muro, pavimento a el asociado e taxea de saneamento anteriores ao actual inmoble (probablemente do século XVIII).

270 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Rego de Agua nº 38-Rúa Franxa 43**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa edificación dun novo inmoble. Foron documentados:

- muro que delimitaba unha edificación anterior en relación cunha venela que comunicaba as rúas Franxa e Riego de Agua.

- muros de época romana que corresponden a diferentes fases construtivas, asociados a eles pavimentos de pedra e terra batida.

- materiais romanos: *tegulae*, cerámica común romana, *sigillata.*

Non constan datos relativos á conservación ou non das estruturas arqueolóxicas localizadas.

271 **Sondaxe arqueolóxica valorativa na Rúa Riego de Agua nº 40 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa reestruturación dun inmoble. Foron documentados:

- muro romano articulado en forma de esquina e cunha disposición parella ao actual trazado da rúa.

- taxea de saneamento dun edificación anterior á actual.

- material romano (*tegulae*, *sigillata*, cerámica común) e medieval.

As estruturas romanas foron conservadas protexidas cunha capa de xeotextil e áridos.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

272 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Riego de Agua nº 56** e **Escavación en área e control arqueolóxico na Rúa Riego de Agua nº 56**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reedificación do inmoble. Foron documentados:

- taxea do saneamento histórico e enlousado do inmoble obxecto de reestruturación.

- fachada dunha edificación de época moderna que correspondía a unha diferente aliñación da fronte da rúa.

- enlousado de época romana, probablemente correspondente a un exterior.

- cisterna de almacenamento de auga, non resulta clara a súa adscrición ao mundo romano ou medieval.

- 7 tumbas romanas realizadas en granito e cunha cuberta de laxas de pizarra, asociados numerosos restos de esqueletos, pero unicamente foi extraído un deles por ser o único en "bo" estado de conservación.

- muro de época romana e, asociado a el, un pavimento de argamasa.

- muro de época medieval ou moderna e muros dunha edificación moderna anterior á actual.

- materiais romanos representados por *sigillata*, cerámicas engomadas e bruñidas e ánforas.

As estruturas arqueolóxicas foron conservadas *in situ*, protexidas con xeotextil e áridos.

273 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas nos inmobles nº 2 da Rúa Tabernas e no nº 6 da Rúa Santiago de A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa reedificación de dous inmobles. No transcurso dos traballos foron localizados:

- taxea do saneamento histórico do inmoble do século XIX.

- muro de época romana articulado en esquina.

- muros de época moderna cimentados sobre o muro romano mencionado e que corresponden a unha edificación anterior á actual (s XIX).

- empedrado de cantos rodados que correspondería a unha antiga rúa que ocuparía parte do solar.

- empedrado dunha vía de rolda entre as edificacións e as murallas da cidade.

Non constan datos relativos á conservación das estruturas arqueolóxicas localizadas.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

274 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas 4 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble. Foron documentados:

- pavimento de *opus signinum.*

A estrutura localizada foi conservada *in situ* e protexida con capas de xeotextil e áridos.

275 **Sondaxes arqueolóxico valorativas na Rúa Tabernas 10 (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica en área na Rúa Tabernas 10 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos, consistente sucesivamente en sondaxes valorativos e escavación en área, deron lugar á localización de:

- dous treitos de muro romanos articulados en forma de cruz e asociados a eles unha superposición de dous pavimentos.

- estruturas de escasa de época medieval e escasa entidade (furados de poste, pavimentos de terra).

- muro de época moderna e, asociado a el, empedrado que posiblemente corresponda a un espazo exterior.

- cerámica común romana, cerámica de tradición indíxena, *sigillata*, vidros e numismas.

As estruturas arqueolóxicas non foron conservadas.

276 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas 12 (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica na Rúa Tabernas 12 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos, consistentes sucesivamente en sondaxes valorativas e escavación en área, deron lugar á documentación de:

- restos construtivos relacionados coa actual edificación, de mediados do século XVIII,e con ampliacións posteriores.

- edificio do século XVII e comezos do século XVIII cunha fachada asoportalada cara á Rúa Tabernas e cunha aliñación da fachada diferente á actual.

- enlousado e treitos de muro de función indeterminada de época medieval.

- muros romanos correspondentes a, cando menos, dúas fases construtivas diferentes e asociados a eles enlousados, pavimentos de arxila e restos de *opus signinum.*

- pozo de abastecemento do século XVIII.

- taxea de saneamento do século XVIII.

Parte das estruturas arqueolóxicas non foron conservadas.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...25 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

277 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas nº 18-Dársena 13** e **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas nº 18-Paseo da Dársena nº 13 (A Coruña)**

Os trabalos arqueolóxicos estiveron relacionados coa construción dun foxo de ascensor durante a rehabilitación dun inmoble e o posterior control arqueolóxico do tapado das estruturas localizadas. No transcurso dos traballos arqueolóxicos foron documentados:

- enlousado relacionado coa pavimentación histórica da edificación actual e taxea de saneamento.

- fachada dunha edificación anterior á actualmente existente e que respondía a unha diferente parcelación urbana.

- alicerces dun muro romano, asociados a el restos dun pavimento de terra pisada e *opus signinum.*

- materiais romanos, entre os que destaca un Ara adicada a Xúpiter, *sigillata*, cerámica de construción e numismas (*semis*).

A taxea de saneamento foi desmontada, así como parte dos alicerces da edificación anterior á actual, os restos romanos foron conservados *in situ*, protexidos co xeotextil e áridos.

278 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas nº 20 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble. Foron documentados:

- enlousado da pavimentación histórica do edificio actual.

- alicerces da fachada dunha edificación do século XVII que non gardaba a actual aliñación da Rúa Tabernas por presentar soportais e alicerces da fachada dunha edificación na Rúa Dársena e pavimento interior de cantos rodados.

- construción da segunda metade do século XVIII no que a fachada é construída na aliñación actual, modificada no século XX coa construción da fachada actual cara a Rúa Tabernas.

- treito de muro que podería corresponder á muralla medieval.

- muro romano que presenta dúas diferentes fases construtivas e asociados pavimentos de arxila e enlousado.

- materiais romanos, en especial ánforas e *sigillata.*

Non constan datos relativos á conservación das estruturas arqueolóxicas.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

279 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas 21 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble existente. Durante os traballos foron localizados:

- muros romanos que corresponden a dúas diferentes fases cronolóxicas e pavimento de cantos rodados, delimitado por un muro articulado en esquina.

- taxea do saneamento histórica do edificio obxecto de rehabilitación-materiais cerámicos medievais e romanos (cerámica común e algún fragmento de material de construción).

As estruturas arqueolóxicas foron conservadas *in situ* e protexidas con xeotextil.

280 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Tabernas nº 22 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble. Foron documentados:

- alicerces da fachada posterior do inmoble (século XVIII) con anterioridade á prolongación da estrutura edificada ata alcanzar a aliñación actual do Paseo da Dársena.

- pavimento de terra pisada.

Non constan datos relativos á conservación das estruturas localizadas.

281 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 4 e Galera 5, en A Coruña**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Durante os traballos foron localizados:

- pavimento de pedra, arqueta e banqueta de cimentación da actual edificación do século XVIII ou principios do século XIX.

- enlousado e fachada posterior dunha edificación con fronte á Rúa Real que respondía a unha diferente parcelación.

- antiga beirarrúa, correspondente a un momento no que parte do solar era espazo público.

- numisma do século XVII e materiais cerámicos datados entre o século XVI e o século XIX.

Non existen datos relativos á conservación das estruturas arqueolóxicas localizadas, se ben resulta probable (pola cota de obra) que parte delas pervivan.

282 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 8 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa adecuación dun inmoble para actividades comerciais. Durante os traballos foron localizados:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- alicerces da edificación obxecto de acondicionamento.

- taxea de saneamento da edificación actual (modificada pola instalación no seu interior dunha condución moderna).

- estancia dunha edificación de época romana (baixoimperial), probablemente correspondería a unha cociña (posible lareira).

- alicerces de muros baixomedievais.

- pavimentación de pedra dunha rúa e de cantos rodados dun patio, ambos de época moderna.

- materiais cerámicos romanos (tegulae, sigillata, cerámica común, …), baixomedievais e modernos (anforetas).

As estruturas baixomedievais foron desmontadas ata a cota de obra, os alzados conservados e as estruturas de época moderna foron conservadas e protexidas con xeotextil.

283 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 17 (A Coruña)**

Os traballos estiveron relacionados coa rehabilitación do inmoble. Foron localizadas taxeas do saneamento histórico da actual edificación. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

284 **Escavación arqueolóxica en área no inmoble nº 24 da Rúa Real de A Coruña**

Non figuran datos concretos sobre os resultados da intervención arqueolóxica, unicamente hai referencias á localización de estruturas, pero non a súa natureza funcional ou adscrición cultural. Estas foron conservadas e protexidas baixo unha capa de xeotextil.

285 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 47 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación do edificio. Foron localizados:

- umbral e muro de pedra da tabiquería interior dunha edificación anterior á actual.

- taxea de saneamento do século XVIII.

- dous pavimentos de terra batida, un deles podería ser baixomedieval ou do século XVI e outro do século XVII-XVIII e un pavimento de época moderna correspondente a unha dependencia exterior.

- materiais arqueolóxicos de época baixomedieval-moderna.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

286 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real 56 (A Coruña)**

Os traballos estiveron relacionados coa instalación dun ascensor nunha edificación existente. Durante os traballos foron localizados:

- pavimento de *opus signinum.*

- materiais romanos, fundamentalmente *tegulae.*

287 **Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Real 63-Avenida da Marina 28 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación dun inmoble. Durante os traballos foron localizados:

- elementos construtivos da edificación actual (1927): pavimento de pedra, pavimento de tella machucada.

- elementos construtivos dunha edificación anterior (século XVIII): muro de cachotería, lintel dunha porta, enlousado.

288 **Sondaxe arqueolóxica valorativa na Rúa Real 67 e Avenida da Marina 30 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación e reestruturación dunha edificación. Durante os traballos foron localizados:

- alicerces e treito de muro cun van dunha edificación anterior á actual.

- taxea de saneamento, probablemente corresponda a un momento anterior á actual edificación.

- material construtivo de filiación romana (*tegulae* e *imbrice*), cerámica común romana e de tradición indíxena.

Inicialmente foron conservados parte das estruturas localizadas baixo unha protección de xeotextil, pero durante a fase de rehabilitación do inmoble tiveron lugar varios derrubes e descoñecemos si finalmente algunha das estruturas arqueolóxicas foi mantida.

289 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real nº 77 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos estiveron relacionados coa rehabilitación parcial dun inmoble, este tiña xa construído un soto. Durante os traballos non foron localizadas estruturas, materiais, nin niveis de interese arqueolóxico; constatándose que a soleira do soto correspondía ao substrato natural da zona (rocha).

290 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Real 34 (A Coruña)** e **Escavación arqueolóxica en área na Rúa Real 34 (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos están relacionados coa construción dun novo inmoble. Durante os traballos foron localizados:

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

- taxea de saneamento que polas súas dimensións semella corresponder a unha rede de servizo do conxunto da cidade, máis que dun edificio individual.

- pavimentos de lousa e terra batida e alicerces dun edificio construído no século XVII e demolido no século XVIII.

- materiais cerámicos de época tardomedieval.

- necrópole de incineración romana (altoimperial), documentada tamén unha fosa de inhumación, asociados enxoval e urnas funerarias e ósos calcinados.

- estela funeraria romana de época altimperial con inscrición.

Parte das estruturas foron desmontadas con metodoloxía arqueolóxica (taxea de saneamento, alicerces dunha edificación anterior á actual), os restos romanos foron conservados baixo unha protección de xeotextil. A estela funeraria está depositada no Castelo de San Antón.

291 **Control arqueolóxico na Rúa Amargura 17 (Apertura de gabia para acometida de augas)**

Os traballos arqueolóxicos foron realizados de xeito parello á construción dunha canalización de abastecemento de auga desde a rede xeral ao inmoble. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

292 **Sondaxes arqueolóxicas valorativas no nº 14 da Rúa Amargura (A Coruña)**

Os traballos arqueolóxicos relacionados coa rehabilitación da edificación existente consistiron na escavación manual dunha sondaxe valorativa coincidente co foxo do ascensor. No transcurso dos traballos foi localizado un enlousado de granito, interpretado como o pavimento orixinal do edificio obxecto de rehabilitación (datado en 1865).

Non foron localizadas estruturas de interese arqueolóxico. En relación con niveis de nivelación da parcela foron localizados fragmentos de *tegula*.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su ..... El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de ...25 ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su TRAMITACIÓN
El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,

EVOLUCIÓN DAS MURALLAS

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.6. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES

Garantida a cobertura da demanda dotacional e de espazos libres polo planeamento municipal, a proposta do Plan Especial referida ao sistema dotacional e de espazos libres debe satisfacer dous niveis de demanda; por unha banda aquel tendente a reforzar o carácter representativo e de centralidade do ámbito, non só no ámbito municipal senón comarcal e provincial; por outra satisfacer a demanda local dunha estrutura social que se pretende diversa e rexuvenecida.

Con carácter xeral o Plan Especial consolida o actual sistema dotacional, tanto de carácter público como institucional ou privado, diferenciado conforme ás directrices do planeamento municipal aquel de sistema xeral do de sistema local; e incorpora aquelas reservas de espazos libres e zonas verdes pendentes de desenvolvemento, singularmente na zona da Maestranza, implementadas coas actuacións de recualificación do espazo público e de recuperación de ámbitos emblemáticos como o itinerario das murallas do Parrote-San Carlos.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.6.1. Sistema de equipamentos públicos

O ámbito do Plan Especial, como espazo de centralidade da Cidade, dispón dun alto número de equipamentos, moi superior en relación a súa superficie se o comparamos con outras áreas ou distritos, e cunha tendencia a acumular gran parte das institucións representativas. A superficie total de solo dotacional é de 125.527,25 m^2.

Os tipos de equipamentos máis numerosos resultan ser os de carácter sociocultural, administrativo e relixioso, atopando tamén equipamentos de carácter asistencial, docente, sanitario e deportivo.

Analizando o carácter dos equipamentos por zonas, pódese apreciar que na Cidade Vella sitúanse os equipamentos máis antigos e ligados á historia da Cidade, sendo principalmente de carácter relixioso e sociocultural.

Na área das Atochas, sitúanse grandes equipamentos de carácter variado, destacando o Edificio do Concello, o Cuartel de Atocha, o Museo de Belas Artes, o mercado de San Agustín e a Hípica.

Na Pescadería Norte, o número de equipamentos é menor, destacando os de carácter docente e administrativo, non tanto polo seu número coma si pola súa dimensión e presenza.

E, por último, na Pescadería Sur, os equipamentos principais son os destinados ao ocio de tipo sociocultural e administrativos, como o Banco de España, Goberno Civil, Deputación Provincial e Correos, como as sedes das diferentes fundacións. Neste caso tan importante é o número como o carácter que confiren ao ámbito.

Os equipamentos de carácter socio-cultural e administrativos son os máis numerosos no ámbito do PEPRI e manteñen unha proporción similar xa que o número de dotacións dun e doutro, e practicamente, o mesmo. Tamén en superficie, xa que a destinada a equipamentos administrativos case que iguala (10.823,31 m^2) á superficie destinada a equipamentos socioculturais (11.268,09 m^2).

No equipamento administrativo e de defensa o 67% corresponde a equipamentos que forman parte do sistema xeral da Cidade, o que consolida o carácter de centralidade do ámbito, e o sitúa como o centro administrativo de rango supramunicipal.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

A nivel sociocultural a proporción de equipamentos de sistema xeral é dun 26% con relación ao total deste tipo no ámbito, e a súa contribución á centralidade do ámbito é importante xa que aglutina os principais inmobles vinculados á vida cultural da Cidade, non só de carácter público senón institucional a través das sedes das diferentes fundacións (Fundación Barrié, Caixa Galicia, etc.).

En canto ás dotacións a nivel local, o ámbito está altamente dotado no aspecto máis cultural deste tipo de dotacións (museos, salas de exposicións, teatros, ...) pero non tanto no aspecto social. Neste senso, o ámbito do Plan Especial conta cun Centro Cívico Municipal na rúa San Andrés, que comparte instalacións co Círculo de Artesanos, que pode verse complementado coa nova reserva dotacional da praza de Santo Domingo, con cobertura para a Cidade Vella, ou o uso de contedores actualmente infrautilizados como o Palacio de Veeduría. Isto vese complementado coa existencia doutros centros de carácter privado, o propio Circulo de Artesanos, o Círculo de Xubilados de Caixa Galicia situado na rúa Juan Canalejo e o edificio da sede social do Sporting Club Casino, na rúa Real.

En canto ao equipamento sanitario resulta suficiente xa que conta cunha dotación que forma parte do sistema xeral, o Hospital Abente e Lago, e a nivel de sistema local, o Ambulatorio de San José.

No caso dos equipamentos de carácter asistencial, todos eles forman parte do sistema local. Tendo en conta as características de poboación do ámbito e as súas necesidades, cómpre referirse á necesidade de dotar ao ámbito de equipamentos de carácter asistencial vinculados tanto á terceira idade como á poboación infantil, de 0 a 3 anos, coa creación de novos equipamentos do tipo: Centros de día, Residencias da terceira idade e escolas infantís. A compatibilidade de usos que establece a vixente lexislación urbanística e o uso de contedores actualmente infrautilizados debe ir nesa liña.

O equipamento de abastecemento resulta suficiente co Mercado de San Agustín. Esta dotación está ben situada en relación ao conxunto do ámbito, tendo en conta que cara ao ensanche, nas inmediacións, está o mercado da Praza de Lugo, e que Monte Alto conta con outro mercado.

En canto ao equipamento deportivo, a carencia de dotacións públicas pódese paliar coa complementariedade de usos en relación ao novo Parque do Campo da Estrada.

Unha análise singularizada merece o equipamento docente, pola súa importancia nun proceso de revitalización do Conxunto Histórico. Así, segundo se desprende dos mapas

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26. ENE. 2015...
Certifico:
El Secretario,

correspondentes ás áreas de influencia dos centros docentes, estes non se corresponden en ningún dos casos co ámbito do Plan Especial. Existen centros docentes situados no interior do ámbito pero cunha área de influencia que vai máis alá do mesmo e hai centros docentes situados fóra do ámbito do Plan Especial pero que a súa área de influencia o abarca en parte.

Por outra banda o ámbito do Plan Especial é das áreas do municipio onde é maior o grao de superposición das áreas de influencia dos centros docentes, o que probablemente derive na cobertura das prazas demandadas e na posibilidade de poder optar e escoller centro.

MAPA CENTROS DOCENTES PÚBLICOS



Do total da poboación en idade escolar e correspondente aos niveis educativos de infantil e primaria, 286 e 448 nenos e nenas respectivamente, queda cuberto na súa totalidade polos centros públicos situados dentro do ámbito do Plan Especial con 300 e 900 prazas.

Con relación aos centros públicos correspondentes ao nivel educativo de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, no interior do ámbito existe un centro público

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

deste tipo, IES Eusebio da Guarda, e outro nas inmediacións do ámbito polo norte cara as Atochas, o IES Ramón Menéndez Pidal, en Zalaeta.

O IES Eusebio da Guarda, cunhas instalacións que xa teñen programada a súa ampliación, conta con 1.008 alumnos matriculados en ESO e Bacharelato e unha capacidade de 300 alumnos máis no nivel de Educación Secundaria para persoas adultas. O IES Ramón Menéndez Pidal conta con 854 alumnos matriculados no nivel de Educación Secundaria e Bacharelato.

Tendo en conta que a poboación do PEPRI neste treito de idades, de 13 a 18 anos, é de 449 habitantes, parece que a oferta educativa existente resulta suficiente, sen ter en conta que a maiores hai un total de 720 prazas nos colexios concertados situados dentro do ámbito (Santo Domingo e Grande Obra de Atocha) e outras 840 prazas nos colexios concertados situados fóra do ámbito pero nas súas proximidades e cunha área de influenza que abrangue espazos do Plan Especial.

Respecto das previsións de novos equipamentos, o Plan Especial reordena as previsións establecidas no ámbito da Maestranza, mediante a reutilización de edificios existentes ou a relocalización doutros co obxecto de facilitar a súa execución.

SISTEMA DOTACIONAL			
SOCIO-CULTURAL			
Museo de Bellas Artes	*SC-01	PB	2.158,20
Casa do Consulado	*SC-02	PB	788,34
Teatro Rosalía de Castro	*SC-03	PB	1.734,66
Teatro Colón (inclúe Deputación Provincial)*	*SC-04	PB	1.785,08
Arquivos/Biblioteca "Salvador de Madariaga"	SC-07	PB	996,50
Quiosco Alfonso	SC-08	PB	524,83
Casa Museo Casares Quiroga	SC-09	PB	257,92
Casa Museo de María Pita	SC-12	PB	135,00
Museo de Arte Sacra	SC-13	IN	47,18
Casa Museo Emilia Pardo Bazán	SC-15	IN	283,38
Museo Militar Rexional	SC-16	PB	1.130,25
Fundación Luís Seoane	SC-17	PB	1.426,75
TOTAL			**11.268,09**
ADMINISTRATIVO			
Facenda	*AD-01	PB	1.780,26
Banco de España	*AD-02	PB	1.107,21
Subdelegación do goberno	*AD-03	PB	471,29
Concellaría de Cultura	*AD-04	PB	223,99
Deputación Provincial	*AD-05	PB	*
Correos	*AD-06	PB	1.616,32
Concello	*AD-07	PB	2.992,70
Arquivo Histórico do Reino de Galicia	*AD-08	PB	1.243,36
Escolas Municipais rúa Orzán	AD-16	PB	161,46

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

Edificio "La Terraza" RTVE	AD-17	PB	506,84
Servizos económicos Concello	AD-18	PB	719,88
TOTAL			**10.823,31**
DEFENSA			
Capitanía Xeral	DEF.01	PB	1.586,93
Delegación de Defensa	DEF.02	PB	1.714,43
Cuartel de Atocha	DEF.03	PB	21.984,90
Xardíns de Capitanía e edificacións anexas	DEF.04	PB	3.913,71
TOTAL			**29.199,97**
DOCENTE			
Reitorado UDC	*D-01	PB	4.749,98
IES Eusebio da Guarda	D-02	PB	4.972,65
Colexio Grande Obra de Atocha	D-03	PR	4.686,68
CEIP Eusebio da Guarda	D-04	PB	6.374,78
Conservatorio de Danza	D-05	PB	292,68
CEIP Montel Touzet	D-06	PB	1.987,55
Colexio Sto. Domingo	D-07	PR	2.914,69
TOTAL			**25.979,01**
RELIXIOSO			
Convento das Capuchinas	RE-01	PR	477,41
Igrexa de San Andrés	RE-02	PR	665,92
Igrexa de San Nicolás	RE-03	PR	1.422,06
Igrexa de San Jorge	RE-04	PR	1.487,96
Igrexa Sta María do Campo	RE-05	PR	774,77
Convento das Bárbaras	RE-06	PR	4.509,89
Igrexa Sto. Domingo	RE-07	PR	1.207,39
Igrexa Mª Inmaculada (inclúe Residencia)**	RE-08	PR	884,86
Igrexa de Santiago	RE-09	PR	993,56
Igrexa de A Orde Terceira	RE-10	PR	745,71
TOTAL			**13.169,53**
SANITARIO			
Hospital Militar	*S-01	PB	5.921,00
Ambulatorio San José	S-02	PB	651,54
TOTAL			**6.572,54**
ASISTENCIAL			
Cocina Económica	A-01	IN	301,98
“Escuelas Públicas” Ciudad Vieja	A-02	IN	956,35
Residencia Ciudad Vieja	A-03	PR	405,22
Residencia Mª Inmaculada	A-04	IN	**
Residencia "Ciudad" Caixa Galicia	A-05	IN	643,17
TOTAL			**2.306,72**
DEPORTIVO			
Hípica	DEP-01	PR	24.345,27
TOTAL			**24.345,27**

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

ABASTECEMENTO			
Mercado de San Agustín	AB-01	PB	2.192,76
TOTAL			**2.192,76**
RESERVAS DE EQUIPAMENTO			
Palacio de Veeduría	* EQ-1	PB	1.020,58
Praza de Santo Domingo	EQ-2	PB	62,29
Rúa Huertas	EQ-3	PB	59,00
Rúa da Barreira	EQ-4	PB	52,00
Baluarte dos Pelamios	EQ-5	PB	2.267,23
Edificio Atalaya	EQ-6	PB	122,66
TOTAL			**3.583,76**

PB. Público; IN. Institucional; PR. Privado; *. Sistema Xeral.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su tramitación.
El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

EQUIPAMENTOS

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

6.6.2. Sistemas de espazos libres e zonas verdes públicas

No conxunto do ámbito do Plan Especial hai un total de 150.529,88 m^2 destinados a zonas verdes e espazos libres de uso e dominio público.

A súa distribución entre Sistema Xeral e Sistema Local é a seguinte:

Superficie total de zonas verdes e espazos libres. Sistema Xeral:	29.990,38 m^2
Superficie total de zonas verdes e espazos libres. Sistema Local:	114.815,49 m^2
Superficie total de zonas verdes e espazos libres:	144.805,87 m^2

Estas superficies vense completadas pola correspondente a outros espazos libres, ligados á rede viaria pero con carácter peonil. Trátase de espazos lineais que forman parte da fachada urbana da Cidade, como os Cantóns -Cantón Pequeno e Cantón Grande- e a avenida da Marina, os paseos dende o Parrote ata San Carlos, ou rúas peonís como Riego de Agua, rúa Real ou Torreiro.

A súa distribución nas diferentes zonas de análise é a seguinte:

- No ámbito da Cidade Vella localízanse 60.534,05 m^2, dos que o 39% corresponde ao Parque da Maestranza - Carlos I e Paseo Sir John Moore. Igualmente destacan polas súas dimensións o Xardín de San Carlos e a Praza de Azcárraga. O resto de zonas son espazos libres que configuran pequenas prazas ou espazos públicos vinculados, a maioría, a edificios de equipamentos, principalmente relixiosos ou militares.

- Na área de Atochas as zonas verdes e espazos libres suman un total de 40.508,18 m^2, dos que a metade, un 42%, corresponde a dúas prazas, Praza de María Pita e Praza do Campo da Leña. Outros espazos a destacar pola súa presenza no ámbito serían os Xardíns da Avda. de Montoto e o Parque e Xardíns do Campo da Estrada, resultado do desenvolvemento do PERI de A Maestranza. O resto dos espazos libres ocupan espazos intermedios próximos ou asociados a equipamentos que conforman un encadeado descontinuo entre edificacións e baleiros permitindo un percorrido en dirección Norte – Sur, dende a Marina ata Orillamar.

- Na Pescadería Sur a superficie destinada a zonas verdes e espazos libres é 32.749,73 m^2, correspondendo a gran maioría aos Xardíns de Méndez Núñez, nun 84%, un espazo verde disposto no bordo sur desta área ocupando a primeira zona de recheo.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENE 2015...
Certifico:
El Secretario,

- Na Pescadería Norte a superficie correspondente a zonas verdes supón un total de 8.601,46 m^2, dos que practicamente a totalidade, un 75%, corresponde ao espazo da Praza de Pontevedra. O resto dos espazos libres son espazos pequenos e resultado do acondicionamento de baleiros e reordenación do viario.

Como consecuencia da configuración da cidade nun istmo, cabería comentar a presenza do paseo marítimo en case que todo o perímetro do plan especial.

Así, cara ao Norte as Pescaderías rematan na praia do Orzán, e cara ao Sur, coas instalacións portuarias. A Cidade Vella e Atochas lindan cun paseo marítimo dende a Dársena da Marina, polo Paseo do Parrote, ata o Castelo de San Antón, e, en continuidade coas instalacións náutico – deportivas, enfilar cara a Torre de Hércules.

Neste apartado cómpre destacar a proposta do Plan Xeral en tramitación respecto das zonas verdes, coa incorporación do solo corresponde na actualidade ás instalacións deportivas da Solana como zona verde do sistema local, concretamente como Parque Deportivo.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

CIDADE VELLA		
A Maestranza/Carlos/Paseo Sir John Moore, Paseo da Muralla	ZL-01	23.536,40
Xardín de San Carlos	ZL-02	3.906,75
Praza Santo Domingo/Cortaduría	ZL-03	924,77
Praza c/San Francisco	ZL-04	339,94
Praciña das Bárbaras	ZL-05	556,75
Praza Cánovas Lacruz	ZL-06	1.414,61
Praza Constitución	ZL-07	1.402,61
Praza de Azcárraga	ZL-08	3.266,93
Atrio Colexiata	ZL-09	393,95
Atrio Santiago do Parrote	ZL-10	75,64
Praza Sinagoga	ZL-11	114,97
La Solana	P.D. ZL-27	24.600,73
TOTAL Z.L. CIDADE VELLA		**60.534,05**
ATOCHAS		
Praza de María Pita	ZL-12	11.070,62
Xardíns da Avda. Montoto / Dársena	ZL-13	4.607,44
Praza do Marqués de San Martín	ZL-15	1.060,45
Xardíns Concello	ZL-16	1.208,16
Campo da Leña/Atochas	ZL-17	8.266,02
Praza Atochas	ZL-18	1.068,91
Xardíns Campo da Estrada	ZL-19	5.058,41
Praza Fuente Seoane	ZL-20	481,83
Praza Atocha Alta	ZL-22	491,92
Praza do Papagaio	ZL-23	1.948,46
Praza do Humor	ZL-25	1.221,55
Parque Campo da Estrada	ZL-44	3.726,07
Praza Pintor Sotomayor	ZL-43	298,34
TOTAL Z.L. ATOCHAS		**40.508,18**
PESCADERÍA NORTE		
Praza do Africano	ZL-31	494,26
Praza Cordelería	ZL-32	190,33
Praza de Vista	ZL-33	63,54
Praza de Pastoriza	ZL-34	280,94
Praza Cormelana	ZL-36	484,96
Praza Pontevedra	ZL-37	6.300,99
Praza Fuente Luisa	ZL-28	303,07
Pórtico de San Andrés	ZL-29	489,37
TOTAL Z.L. PESCADERÍA NORTE		**8.607,46**

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

PESCADERÍA SUR		
Praza de San Nicolás	ZL-26	840,47
Praza de Arco de San Andrés	ZL-30	796,05
Praza Santa Catalina	ZL-35	1.122,83
Xardíns de Méndez Núñez	ZL-39	18.272,38
Xardíns de Méndez Núñez/As Palmeiras	ZL-40	11.718,00
TOTAL Z.L. PESCADERÍA SUR		**32.749,73**
TOTAL ÁMBITO		**144.805,87**

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPRI 1/10 ..... se presenta con fecha 21 ENE. 2015 para su ..... El funcionario encargado,



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

ZONAS VERDES

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

7. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. ESTUDO DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO

Partindo da base do seu carácter de revisión e adaptación dun planeamento vixente e de acordo coas directrices establecidas en apartados anteriores, sustentadas na valoración da estrutura urbana actual, a salvagarda do patrimonio arquitectónico e cultural, a recuperación do uso residencial e a actividade económica, a mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona, e a integración da zona no contexto funcional da cidade, **estímase que os previsibles efectos ambientais xerados pola actuación pública non son significativos**, todo o contrario, representa unha oportunidade de revitalizar a áreas de maior significación patrimonial da cidade da Coruña, tratando de integrar as actuacións de rehabilitación nun programa estable no tempo para aumentar a súa coherencia espacial e incorporar o espazo público como un elemento fundamental das “permanencias”, na liña do apuntado na Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal en trámite de aprobación.

Dentro das Alternativas posibles, e descontando unha alternativa “0” de inactividade que conlevaría non só o incumprimento das determinacións do novo planeamento municipal en trámite senón a súa paulatina desadecuación ao marco legal vixente, a elixida como máis idónea, a redacción da revisión e adaptación do Plan Especial baixo as directrices enunciadas, é a que garante a revalorización e recuperación desta importante peza da cidade de A Coruña.

No ámbito do Plan Especial non existen espazos naturais inventariados, e aqueles de valor paisaxístico atópanse catalogados no presente documento.

Igualmente o Plan Especial non afecta a ningún elemento estratéxico do territorio, agás o que poida resultar da súa colindancia coa zona portuaria, regulada a través do “Plan de Utilización de los usos portuarios del puerto de A Coruña”, aprobado mediante Orde de 28 de decembro de 1999 do Ministerio de Fomento, sen que o Plan de Ordenación do Litoral (POL) introduza determinación algunha.

Dende o punto de vista sectorial o Plan Especial estará ás determinacións establecidas na lexislación de patrimonio, singularmente á Lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia en canto ámbito parcialmente declarado Conxunto Histórico-Artístico.

De acordo co establecido na Lei 6/2007 de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, redactouse un Documento de Inicio para os efectos

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

do trámite de avaliación ambiental estratéxica no que se conclúe que o Plan Especial non é xerador de ningún efecto significativo sobre o medio ambiente.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante Decisión do 29 de xullo de 2010, publicada no DOG de 6 de setembro de 2010, declara, en virtude do disposto polo artigo 5.d) da Lei 6/2007 do 11 de maio, a non necesidade de someter o Plan Especial ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

DECISIÓN DO 29 DE XULLO DE 2010, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, SOBRE A NON NECESIDADE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA. CONCELLO DA CORUÑA (A CORUÑA)

CLAVE: 2010AAE1025

Mediante escrito do 19 de maio de 2010, con entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas número 8.135, do 28 de xuño, o director da Área de Urbanismo do Concello da Coruña achegou o documento de inicio da *Revisión e adaptación do Plan especial de reforma interior da Cidade Vella e a Pescadería.*

A *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), coa entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, que a modifica, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico a avaliación ambiental estratéxica (en diante, AAE) establecida pola *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*.

O artigo 5 da *Lei 6/2007, do 11 de maio de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia,* que indica os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico que deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica, determina ademais os casos nos que a dita avaliación depende dunha decisión previa do órgano ambiental. Esta decisión axustarase aos criterios establecidos no Anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril.

1. Características do Plan

- Obxecto. Ordenación dos recintos e conxuntos histórico-artísticos, ademais dunha mellora do medio urbano. Preténdese facer unha ordenación pormenorizada do ámbito, principalmente mediante a asignación e regularización dos usos, servizos urbanísticos e das reservas dotacionais e de espazos libres. Os obxectivos marcados levaranse a cabo mediante unha identificación do tipo de intervención preferente para cada edificio, a catalogación axeitada do patrimonio edificado xunto coa elaboración dunha normativa de protección.
- Localización. Tramas urbanas da Cidade Vella e a Pescadería.
- Superficie do ámbito. 97,82 ha.
- Planeamento xeral do Concello. Plan xeral de ordenación municipal do 19 de outubro de 1998.
- Servizos urbanísticos. Todo o ámbito delimitado conta coas infraestruturas e os servizos urbanísticos necesarios para o desenvolvemento proposto, ao tratarse dun ámbito totalmente urbano.
- Uso global. Protección, conservación e rehabilitación de edificacións e mellora do medio urbano.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 12 Enero
Certifico:
El Secretario,

2. Problemas ambientais significativos

Non se detectan impactos significativos sobre o medio, derivados da actividades previstas.

3. Características da área probablemente afectada

O ámbito delimitado abarca grande parte da trama urbana da cidade da Coruña. As principais vías de acceso ao ámbito son as propias da cidade, e a comunicación do ámbito delimitado co seu entorno inmediato faise mediante as rúas urbanas do propio Concello.

Espazos naturais

Non se insiren dentro do ámbito, nin próximo a este, ningún espazo natural incluído na Rede Natura 2000 ou sometido a algún réxime de protección establecido na *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza*.

Elementos singulares

A delimitación do Plan acolle un total de 1.771 edificacións, entre as cales se atopa algunha que está catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC); neste senso, cómpre sinalar que o conxunto histórico-artístico da Cidade Vella foi declarado BIC no ano 1984.

A delimitación para o desenvolvemento do Plan vese atravesado polo Camiño Inglés do Camiño de Santiago, dende a súa zona máis oriental, na Cidade Vella, e vai percorrendo o ámbito en dirección suroeste. O ámbito, ao tratarse dunha zona urbana, deberá incorporar debidamente no planeamento as zonas laterais de protección do Camiño establecidas no artigo 6.3 da *Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago*.

Non se localiza no ámbito ningún elemento pertencente ao Inventario nacional de hábitats.

4. Características dos efectos previsibles

Toda intervención antrópica sobre o territorio pode xerar un efecto ou impacto sobre os seus principais parámetros ambientais; non obstante, en relación á súa probabilidade, duración, frecuencia, reversibilidade, acumulación, sinerxía, como fontes de risco para a saúde humana, magnitude e alcance espacial, e valor e vulnerabilidade da área afectada, os efectos ambientais derivados do Plan non se consideran significativos.

5. Período de exposición pública e consultas do Documento de inicio

A documentación remitida polo Concello foi exposta durante un prazo de 20 días, a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, consultándose ao mesmo tempo a todos os membros do Consello galego de medio ambiente e desenvolvemento sostible. Durante o dito prazo o Organismo Autónomo de Augas de Galicia e a Cámara Oficial Mineira de Galicia, remitiron escritos coas seguintes observacións:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de 25 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,

- Segundo o informado polo Organismo Autónomo de Augas de Galicia, considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión do dito Organismo, non previndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.
- A Cámara Oficial Mineira de Galicia indicou que nada cabe obxectar dende o punto de vista mineiro.

Seguindo os criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, non se prevén problemas ambientais significativos co desenvolvemento deste Plan. Foron particularmente tidos en conta no signo da presente Decisión, a pertinencia do Plan para a integración de consideracións ambientais, os riscos para a saúde ou o ambiente, a magnitude e alcance espacial dos efectos, así como en xeral, as súas características e os da área probablemente afectada.

No ámbito obxecto deste Plan, a protección do medio e a integración ambiental pódense acadar de xeito similar coa supervisión e informes preceptivos e mediante a aplicación, cando proceda, da avaliación de impacto ambiental de proxectos para os proxectos ou figuras similares que desenvolvan este planeamento.

Tendo en conta o exposto e de conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 9/2006, considérase que o dito instrumento carece de efectos ambientais significativos determinantes da súa necesidade de avaliación ambiental estratéxica.

Visto canto antecede, **RESOLVO**:

Declarar, en virtude do disposto polo artigo 5, letra d), da Lei 6/2007, do 11 de maio, a **non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica** a *Revisión e adaptación do Plan especial de reforma interior da Cidade Vella e a Pescadería no Concello da Coruña.*

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2010

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Asdo.: Justo de Benito Basanta

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,


Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENE 2015
Certifico:
El Secretario,